



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 148

Sesión plenaria
5 de febreiro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGYN5pnhq7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 40693 (10/PNP-004271)

Grupo Parlamentario Mixto

Sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura da enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e saúde para a dotación dunha praza nos centros públicos e privados concertados de ensino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 17.10.2019

5.2 60188 (10/PNP-004496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

5.3 60646 (10/PNP-004519)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sustentabilidade da especie en augas interiores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

5.4 60768 (10/PNP-004527)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020

5.5 60792 (10/PNP-004529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para retomar o proxecto de construción do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando en Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020



5.6 60973 (10/PNP-004535)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para declarar a caducidade do procedemento para a actualización e reapertura da mina de Touro por superar os prazos para a súa tramitación sinalados no artigo 33.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020

5.7 61815 (10/PNP-004598)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais de pertenza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

5.8 61990 (10/PNP-004619)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e quince deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 594, do 22.01.2020

Punto 6. Interpelacións**6.1 59241 (10/INT-002026)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

6.2 59818 (10/INT-002046)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co incumprimento das obrigas reflectidas na Lei de vivenda de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

6.3 61707 (10/INT-002102)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**

Sobre a regulación dos xogos e apostas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020



Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 62567 (10/POPX-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da rectificación das políticas que a cidadanía galega está a contestar nas rúas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

7.2 62568 (10/POPX-000188)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento da afirmación de que esta é a lexislatura do rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

7.3 62569 (10/POPX-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos resultados da súa xestión en materia de sanidade pública despois de once anos de goberno

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 62551 (10/PUP-000297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do contido do Informe de fiscalización do Tribunal de Contas sobre as demoras na execución do AVE a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

8.2 62562 (10/PUP-000298)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non escoitar as demandas cidadás respecto do proxecto de construción da estación intermodal de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

8.3 60398 (10/POP-007080)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre se o Goberno galego ten estudado algunha medida para evitar a perda de postos de traballo en EMESA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020



8.4 61594 (10/POP-007392)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre que medidas pensa tomar o Goberno galego ao respecto da situación de EMESA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

8.5 60617 (10/POP-007137)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta sobre os resultados para Galicia do último informe PISA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

8.6 62524 (10/PUP-000295)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis**

Sobre as melloras inmediatas que vai levar a cabo o Goberno galego para rectificar a deterioración sanitaria na comarca de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

8.7 62545 (10/PUP-000296)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e seis deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do actual grao desenvolvemento do Plan galego de atención primaria e dos seus resultados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

8.8 61635 (10/POP-007398)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a fase en que se atopa o informe sobre o fenómeno da soidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

8.9 60474 (10/POP-007107)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das actuacións levadas a cabo desde a sinatura desta nova addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

8.10 61661 (10/POP-007421)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar**

Sobre a notificación aos beneficiarios das axudas agroambientais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da rectificación das políticas que a cidadanía galega está a contestar nas rúas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento da afirmación de que esta é a lexislatura do rural. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 22.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto dos resultados da súa xestión en materia de sanidade pública despois de once anos de goberno. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 25.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 30.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 38.) e *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 40.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Cal Ogando (GCE) (Páx. 42.) e Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 43.)

O señor Rodríguez Pérez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para retomar o proxecto de construción do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, en Lugo. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Burgo López (S). (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Candedo Gunturiz (M) (Páx. 49.), Sra. Rodil Fernández (BNG), Sra. Cuña Bóveda (GCE) (Páx. 51.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 54.)

Nova intervención da señora Burgo López (S). (Páx. 55.)

Alteración da orde do día

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica unha alteración da orde do día debido á retirada polo grupo propoñente da sexta proposición non de lei do punto 5 da orde do día. (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais de pertenza. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 56.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Villares Naveira (M). (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 60.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 62.) e Sr. Puy Fraga. (P). (Páx. 63.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 65.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 68.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 76.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 80.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 82.), Sra. Santos Queiruga (GCE) (Páx. 84.) e Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 86.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 87.)

Votación das proposicións non de lei

O señor Villares Naveira (M) intervén para pedir a votación por separado do punto segundo na primeira proposición non de lei, presentada polo seu grupo. (Páx. 90.)

Votación do segundo punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura da enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza nos centros públicos e privados concertados de ensino: *rexeitado por 18 votos a favor, 41 en contra e 15 abstencións.* (Páx. 90.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, agás o punto segundo, sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura da enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza nos centros públicos e privados concertados de ensino: *rexeitado por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para dar lectura ao texto transaccionado da proposición non de lei presentada polo seu grupo. (Páx. 91)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos: *rexeitado por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Xan Xosé Jove González e D^a Paula Quintero Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sustentabilidade da especie en augas interiores: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para retomar o proxecto de construción do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, en Lugo: *aprobada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais de pertenza: *aprobado por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

O señor Villares Naveira (M) pide a palabra e intervén para expresar que aínda non hai acordo de transacción na seguinte proposición non de lei que se vai someter a votación, presentada polo G. P. Popular de Galicia, e para pedir a votación por puntos.(Páx. 93.)

O señor presidente suspende durante uns minutos a sesión para que poidan chegar a unha transacción. (Páx. 93.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para comunicar que non houbo acordo. (Páx. 93.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020: *aprobada por 41 votos a favor, 4 en contra e 29 abstencións.* (Páx. 94.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González).* (Páx. 96.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González).* (Páx. 102.)

Interpelación de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co incumprimento das obrigas reflectidas na Lei de vivenda de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 103.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 106.)



Réplica da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx.) (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 111.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a regulación dos xogos e apostas en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 113.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 121.)

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do contido do informe de fiscalización do Tribunal de Contas sobre as demoras na execución do AVE a Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D. Luís Villares Naveira e tres deputados/as máis do G. P. Mixto, sobre as razóns da Xunta de Galicia para non escoitar as demandas cidadás respecto do proxecto de construción da estación intermodal de Ourense. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (M)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (M)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 131.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre se o Goberno galego ten estudado algunha medida para evitar a perda de postos de traballo en Emesa. (Punto oitavo da orde do día.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre que medidas pensa tomar o Goberno galego ao respecto da situación de Emesa. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora e do autor: *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 132.) e *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 134.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 135.)



Réplica da autora e do autor: *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 137.) e *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 138.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 139.)

Pregunta de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e sete deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta sobre os resultados para Galicia do último informe PISA. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 141.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 142.)
Réplica da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 143.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 144.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as melloras inmediatas que vai levar a cabo o Goberno galego para rectificar a deterioración sanitaria na comarca de Valdeorras. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 145.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 146.)
Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 147.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do actual grao desenvolvemento do Plan galego de atención primaria e dos seus resultados. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 150.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 151.)
Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 152.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 153.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a fase en que se atopa o informe sobre o fenómeno da soidade en Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 154.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 155.)
Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 156.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 157.)



Pregunta de D. Moisés Blanco Paradelo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego das actuacións levadas a cabo desde a sinatura desta nova addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga). (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 158.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 160.)

Réplica do autor: *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 161.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 162.)

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e D. Óscar Vilar Chento, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a notificación aos beneficiarios das axudas agroambientais. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 163.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 164.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 165.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 166.)

Remata a sesión ás sete e corenta minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión coa quenda de preguntas ao presidente.

E antes permítanme que saúde os alumnos de terceiro e cuarto da ESO do centro Orza Couto, en Boqueixón, así como os seus profesores. ¡Benvidos ao Parlamento! E tamén todas as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna do hemiciclo.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da rectificación das políticas que a cidadanía galega está a contestar nas rúas

O señor PRESIDENTE: Pregunte, señora Rodil, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Feijóo, deixa vostede unha Galiza peor da que atopou hai dez anos. A verdade, dígollo sen acritude, pero este ben podería ser o seu epitafio como presidente da Xunta de Galicia: deixa unha Galiza peor da que atopou. *(Aplausos.)*

E se hai algunha área que se viu especialmente damnificada pola súa desfeita ao longo destes dez anos, esa é a sanidade pública, até o punto de poñer en risco a vida das persoas. Porque os recortes matan, señor Feijóo. E tristemente neste país temos os casos de Dozón e da Estrada para lembralo.

Este país leva mobilizado durante anos, plantándolle cara á súa política de acoso e derribo da sanidade pública. Galiza está chea de «Verín, non se pecha». Un día son as nais e os pais de Verín, pero é que ao día seguinte son as de Zas, as de Coristanco, Val do Dubra, Cerdido, Moeche, As Somozas ou San Sadurniño, e ao día seguinte son as de Cee, Laxe, Malpica, Carballo, Cangas ou Meira. E podería seguir así, ¿sabe por que? Porque o sesenta por cento dos concellos deste país non teñen pediatra. *(Aplausos.)*

Repítollo outra vez: Galiza leva anos mobilizada, con situacións tan inauditas como a dimisión en bloque das xefaturas de servizo de Atención Primaria na Área Sanitaria de Vigo. ¿Quere que lle lembre que denunciaban eses xefes de servizo? «Estase poñendo en risco a vida dos nosos doentes. Unha poboación que non ten boa atención será unha poboación enferma», fin de la cita.

Pero iso non é todo, xa que é habitual ver as Urgencias colapsadas, con doentes amoreados nos corredores esperando, mentres o seu goberno pechou oitocentas camas.

E a cousa non remata aquí. ¿Que acontece na atención primaria? Temos PAC que quedan sen persoal porque teñen que saír a atender unha urxencia, cupos saturados e condicións de traballo cada vez máis precarias entre o persoal da sanidade pública.



¿A vostede parécelle normal que neste país haxa profesionais da sanidade que asinan contratos por horas, que acumulan centos nun só ano?

No día de hoxe, señor Feijóo, é precisamente a dedicación e o esforzo do persoal da sanidade pública os que manteñen e salvan a sanidade do colapso. *(Aplausos.)* E a vostede debería caerlle a cara de vergoña diante desta situación.

Por todo isto, as galegas e os galegos volveremos saír ás rúas este domingo en Santiago de Compostela, para dicirlle alto e claro que coa sanidade non se xoga.

Desde o BNG facémoslle tres propostas moi claras se quere comezar a revertir esta situación: primeira, plan urxente de mellora da atención primaria, con recursos económicos suficientes, douscentos seis millóns de euros; segunda, convoque as prazas vacantes no Sergas, cinco mil prazas sen cubrir, e abra as oitocentas camas pechadas durante o seu goberno.

Se me permite un consello, señor Feijóo: aproveite o pouco tempo que lle queda na Presidencia da Xunta e rectifique igual que no Hospital de Verín. *(Aplausos.)* Porque a única vez que vostede rectifica é a única vez que acerta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente.

Señoría, hai que recoñecer que os do BNG son moi conservadores; moi conservadores porque vostede iniciou o seu debut nesta sesión de control chamándome na anterior «desleal e incompetente». Agora, para proseguir, dime vostede, nada máis e nada menos, que practicamente me teño que despedir, e ponme un epitafio, incluso. Mire, señoría, con todo o respecto: despois de corenta anos de insultos e de sectarismos, ao BNG quédanlle probablemente outros corenta anos na oposición. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza, señoría, entre un partido democrático e un partido que non o é. *(Murmurios.)*

Señoría, o texto da pregunta é sobre se imos rectificar as políticas que se están a contestar nas rúas. Como se acaba de ver, isto non lle importa nada. A cuestión é ver que tal sae a manifestación número xe do BNG, do Partido Socialista, das Mareas, de Podemos e doutros aliados en relación coa sanidade pública.

Estou acostumado, señoría, porque son un presidente democrático, a escoitar os galegos, e síntome moi orgulloso de que Galicia sexa un pobo exixente. E como me sinto moi orgulloso de que Galicia sexa un pobo exixente, aínda me sinto máis orgulloso de que ese pobo exixente me elixa como presidente da Xunta de Galicia dende o ano 2009. *(Aplausos.)*

Señoría, como estou acostumado a este tipo de manifestacións partidistas, son o primeiro presidente democrático do Estado das autonomías ao que lle fixeron unha manifestación antes de tomar posesión. Cando gañamos as eleccións en marzo do ano 2009, convocouse



unha manifestación preventiva o día 6 de marzo, antes de tomar posesión, pola Mesa pola Normalización Lingüística. Resulta —iso si, debeu ser o azar— que o presidente da Mesa daquela, posteriormente, foi o número un do BNG nas eleccións xerais do ano 2016. (*Exclamacións por parte de deputados e deputadas do G. P. Popular.*) ¡Cousas que ten a vida en relación coas manifestacións do pobo, señoría!

Mire: como son un presidente que sabe escoitar, sabe distinguir entre o ruído e realmente as reivindicacións lexítimas dos cidadáns. Por iso, temos que escoitar todo o que se produce e temos que tomar nota ao respecto. A pesar das manifestacións preventivas, resulta que nos peores anos da crise económica os galegos nos volveron elixir para presidir Galicia no ano 2012, e volvéronos elixir para presidir Galicia no ano 2016. E o BNG sempre na rúa e, por suposto, fóra do goberno da Xunta de Galicia. Nunca o BNG gañou unhas eleccións democráticas na Comunidade Autónoma galega, e nunca o BNG gobernou cando gañou, senón sempre cando perde en alianza con outros perdedores.

Señoría, xa sei que cando vostedes traen aquí a sanidade non é para intentar mellorar a sanidade, senón para intentar menoscabar e desestimar o que están facendo os profesionais da sanidade pública.

¿Hoxe hai máis infraestruturas, centros de saúde e hospitais? Si. ¿Hoxe hai menos esperas e máis servizos sanitarios? Si. ¿Hoxe hai máis tecnoloxía? Si. ¿Hoxe hai máis presuposto e case catro mil persoas máis traballando na sanidade pública? Si. ¿Que hai cousas que mellorar na sanidade pública? Hoxe e sempre.

Pero, señoría, a proba de que a vostede non lle interesa para nada a sanidade pública é que nese acordo escusa que asinaron vostedes para apoiar o goberno de Pedro Sánchez en Madrid é que non solicitan nin unha soa proposta en materia de sanidade pública. (*Exclamacións por parte da bancada popular.*) Todas as propostas que me veñen facer vostedes aquí nin as no-mean. A sanidade pública non existe. ¿Por que non pediron vostedes que nos deixen convocar máis prazas de MIR...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...máis prazas de médico de familia, máis prazas de Pediatría? ¿Por que non o propoñen, señorías, que levamos tres anos solicitando que nos deixen convocar máis prazas de MIR e máis prazas de Pediatría? (*Aplausos.*)

Señoría, iso si, veñen vostedes aquí para ser intérpretes do que se di nas rúas de Galicia. ¡É inexplicable a súa soberbia, señoría! ¿En que rúa escoitou vostede masivamente pedir unha alianza con Bildu, con Esquerra Republicana e coa CUP? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿En que rúa de Galicia, señoría, escoitou vostede a maioría dos galegos dicir que hai que reunirse cos independentistas



cataláns que están no cárcere para regularizar o Estado das autonomías?, ¿en que rúa do país? ¿Cantos galegos e cantas galegas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...señoría, plantexan unha Galicia independente e unha Galicia soberana?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, deixen de facer tanta soberbia, deixen de interpretar os galegos e as galegas, e deixen os galegos e as galegas cando voten votar libremente....

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e atoparanse, señorías, co resultado das urnas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Vostede si que é previsible, señor Feijóo. Nunca defrauda coa súa prepotencia e certo paternalismo, tamén llo hei de dicir. (*Aplausos.*) ¡Non defrauda nunca!

Volve outra vez vostede atacar o acordo de investidura do BNG. Ese acordo, señor Feijóo, é o mellor que lle pasou a este país en dez anos. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) E eu entendo que estea enfadado, é o único galego enfadado, pero entendo que estea enfadado e que estea desconcertado, pero ten que superalo. (*Risos.*) ¿Sabe por que está vostede desconcertado, señor Feijóo? Porque ese acordo do BNG deixouno a vostede co cu ao aire. (*Aplausos.*) E volvo repetirlo: presidente ausente, presidente incompetente e presidente desleal con este país.

Vén vostede aquí dicirnos que a sanidade pública nunca estivo mellor neste país, a súa Arcadia feliz; é a política sanitaria do señor Feijóo. Pero ¿quere explicarnos como é posible que leven as galegas e os galegos anos mobilizados nas rúas, da Mariña á área sanitaria de Verín, de Ferrolterra á área sanitaria de Vigo? Eses datos non entran na súa propaganda nin na súa Arcadia feliz.

Voulle dar eu os datos que non encaixan nesa Arcadia que vostede pretende pintar. Mire: a sanidade xunto co paro e a precariedade é a maior preocupación das galegas e dos galegos. Só en atención primaria durante os seus anos de goberno se acumula un recorte de máis de



dous mil millóns de euros, o sesenta por cento dos concellos deste país non teñen pediatra e pechou vostede oitocentas camas nos hospitais galegos. Esta é a realidade, señor Feijóo. E non hai titular, non hai propaganda, non hai manipulación informativa, nin sequera circulares de censura do Sergas que a poidan tapar.

Volvo repetirle as propostas do BNG. Pode saír por esta porta en canto remate a sesión de control e pedir que se fagan efectivas: plan urxente de mellora da atención primaria con recursos suficientes, douscentos seis millóns de euros; convocar as cinco mil prazas vacantes que hai no Sergas, e abrir as oitocentas camas que pechou o seu goberno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ¿este é o mellor acordo que lle puido pasar a Galicia? ¿Un acordo que consiste en dicir si ao peche das Pontes? ¿Un acordo que di si ao peche de Meirama? Dúas mil persoas á rúa. ¿Un acordo que di si ao peche de Alcoa? Dúas mil persoas á rúa. ¿Un acordo que di si ao traslado de Ence? Oitenta mil persoas que venden a madeira sen poder vender a madeira. Un acordo que di si a sacar da zona marítimo-terrestre as conserveiras e os frigoríficos e as depuradoras, ¿ese é o mellor acordo que lle puido pasar a Galicia? Señoría, ¡menos mal que estamos aquí para defender Galicia! *(Aplausos.)* Ese é o mellor acordo que lle puido pasar a Galicia.

Mire, señoría: deixe de intoxicar. ¿Resulta que o Goberno que máis hospitais fixo en toda a historia da autonomía está pechando camas, cando o que estamos facendo é incrementar o número de camas? ¿Resulta, señoría, que acaban de saír os datos de Pediatría, que de cada cen prazas pediátricas en España, o vinte e cinco por cento están ocupadas por médicos de familia, de media, e en Galicia o doce por cento, é dicir, menos da metade que o resto de España? Señoría, ¿dicir que baixamos o gasto oitocentos millóns de euros, cando resulta que temos o maior gasto sanitario da historia da Comunidade Autónoma galega? Pero, señoría, non sei quen lle fai os papeis, pero estalle pasando o mesmo que lles pasaba aos señores de Podemos.

Señoría, isto é a interpretación da rúa, estes son os seus acordos. Mire, que lle interesa moito, ¡o mellor que lle pasou a Galicia! Un acordo asinado polos señores de Junts per Catalunya, é dicir, Torra e Puigdemong, os señores de Esquerra Republicana de Cataluña, os señores de Bildu, os señores da CUP e os señores do BNG. Este é o acordo recente asinado en Madrid; iso si, en castelán. *(Risos.) (Murmurios.)*

Señoría, dise neste acordo, nada máis e nada menos, que vostedes, estes partidos, representan a inmensa maioría da poboación de Euskadi, de Cataluña e de Galicia. *(Exclamacións por parte de deputados e deputadas do G. P. Popular.)* Agora resulta, señoría, que vostedes representan a inmensa maioría da poboación de Galicia. Pero, ¿de verdade que van seguir sendo tan soberbios?, ¿de verdade que saen vostedes ás rúas pensando que representan a inmensa maioría do país?

¿En que rúa de Galicia escoitou vostede que os galegos estamos en contra da Constitución española? ¿En que rúa de Galicia escoitou vostede insultos masivos á xefatura do Estado?



¿En que rúa de Galicia, señoría, escoitou vostede que os españois e os galegos en Galicia somos perfectamente compatibles porque a nosa forma de ser españois é ser galegos? (*Aplausos.*) ¿En que rúa de Galicia, señoría, nos piden a nós que sexamos comparsa dos partidos independentistas de Cataluña e de Euskadi?

Mire, señoría: aos galegos non nos van dicir o que temos que dicir, o que temos que pensar e o como temos que falar os partidos independentistas de Euskadi e de Galicia. A vostedes si, aos galegos non. Non, señoría. Os galegos temos intelixencia propia, pensamos por nós mesmos. E, desde logo, vostedes non representan a inmensa maioría do país, cando están pedindo a independencia de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Deixe de interpretar aos galegos, que os galegos sabemos o que queremos, señoría, e dicímolo claramente cada vez que se nos pide opinión.

Por iso, vostedes poderán dicirlle ao Partido Socialista o que teñen que facer; sen dúbida, sen vostedes o Partido Socialista *no es nada*. Pero nós, non, señoría, nós representamos estas amas de casa da Estrada e representamos estes rapaces de Boqueixón, voten a quen voten. E por iso nós imos seguir construíndo a sanidade pública a pesar do Bloque Nacionalista Galego e de todos os seus aliados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, vostedes son os intérpretes das minorías en Galicia. Pero deixe vostede de utilizar o nome de Galicia para os seus intereses partidistas cativos. Galicia é moito máis grande que o Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento da afirmación de que esta é a lexislatura do rural

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

No pasado pleno fun chamado á orde por falar do tipo de censura que practica o señor Feijóo. Curiosamente, ao día seguinte coñecemos unha instrución do seu Goberno na que se prohibían os cartaces reivindicativos nos centros de saúde e nos hospitais. Non me gusta que me dean a razón nestes casos, señor Feijóo. ¡É vostede un censor! É a única arma que lle queda a vostede para defenderse das nefastas políticas que leva desenvolvendo nestes anos.



Pois, mire: vostede non vai calar eses profesionais, esas profesionais, nin a cidadanía, que exixen unha sanidade pública, que están en contra das súas políticas de privatización da sanidade e de beneficio da sanidade privada. Non nos van calar. Por iso, este domingo haberá un berro unánime por unha sanidade pública.

Por certo, ese partido democrático ao que vostede aludiu, o Partido Popular, quero saber se despois de coñecer recentemente que o Goberno do seu partido, o Partido Popular, utilizou cincocentos mil euros de fondos reservados para defender o Partido Popular da caixa B, co suborno, secuestro e espionaxe da xente con diñeiro de todas e de todos, seguirei recibindo chamadas á orde por falar de que o Partido Popular é un partido estruturalmente corrupto. (*Aplausos.*) Os feitos falan por vostede. Sobran os cualificativos, os feitos falan por vostedes.

¿Non lles dá vergoña dicir que esta é a lexislatura do rural cando a realidade é que foron dez anos, unha década negra para o noso rural, e que o seu único proxecto para el é a aniquilación e a obsolescencia programada? Ben, o cinismo non ten límites.

¿Fala vostede da lexislatura do rural porque no agro, nestes anos do seu goberno, se creou emprego? Supoño que non, porque desde que chegou vostede destruíuse un de cada catro empregos do sector agrogandeiro e forestal. Case vinte mil empregos destruídos polas súas políticas.

¿Fala de lexislatura do rural porque conseguiu frear e inverter a tendencia ao despoboamento das zonas do rural? Supoño que non, porque os datos do seu propio Goberno din que non, que se acentuou o abandono do rural, como di a densidade das zonas pouco poboadas.

¿Fala vostede da lexislatura do rural porque vai cumprir a súa palabra e rematar o que prometeu, as cento trinta e dúas concentracións parcelarias nesta lexislatura, señor Feijóo? Non, porque sabía vostede naquel momento que non ía cumprir, e non vai cumprir. Unha vez máis mente e mentiu, e incumpre a súa palabra.

Este país importa anualmente máis de douscentos millóns de euros en cereais que se podían producir nesas terras abandonadas e reforestadas, que vostede permite, porque nunca foi capaz de facer políticas efectivas de mobilización da terra. Galicia perde máis de dez mil hectáreas de superficie agraria útil todos os anos, mentres temos que pagar fóra o que poderíamos producir aquí. Os gandeiros galegos compiten en inferioridade de condicións con respecto a un gandeiro asturiano, francés ou alemán, porque neste país vostedes non fixeron os deberes, e non temos un país ordenado. Non temos nin sequera un mapa de solos de aptitude agronómica, que é a base para facer políticas de ordenación do territorio.

¿Pode ser a lexislatura do rural porque se invertese esa tendencia ao abandono das terras? Non, posto que se incrementou o abandono das terras. Onte mesmo coñeciamos un estudo científico que dicía que de aquí a 2030 Galicia será a comunidade autónoma que máis terras de cultivo perda. Lidera vostede, unha vez máis, unha estatística negativa.

¿Pode ser a lexislatura do rural porque se dea unha solución eficiente á xestión conxunta do monte? Ben, vostedes tiñan unha figura para facelo: as sociedades de fomento forestal.



Levan dez anos, ¿cantas teñen constituídas? Segundo o último anuario de estatística, dez, catro mil hectáreas, señor Feijóo; o 0,1% da superficie forestal. ¡Ridículo espantoso!

¿Será a legislatura do rural porque se aposte pola investigación? Pois tampouco. O centro de referencia de investigación agraria deste país ten vinte e dúas prazas de investigadores. Delas, once están vacantes, e non ten intención de cubrilas, porque para vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...o único proxecto que existe en relación co rural é o espolio. Traballan para espoliarlo e baleiralo de xente. É a mellor maneira para que veñan outros espoliar os nosos recursos naturais.

Explíquenos, señor Feijóo, que estamos ansiosos por saber, por que di vostede que esta é a legislatura do rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Xa en máis ocasións creo que comentamos que, efectivamente, pode que nalgún partido haxa persoas que teñan comportamentos corruptos. Iso non significa que todos os que militan nun partido son... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, non, por favor. Iso non significa que todos os que militan en partidos sexan corruptos. Convén aclarar esta cuestión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, non, non. Convén aclarar esta cuestión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non pode. Silencio, silencio. Non, non. Convén aclarar esta cuestión. (*Murmurios.*)

Resposta do señor presidente.

¡Silencio! Non dixen outra cousa: aclarar esta cuestión, nada máis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio!

Resposta do señor presidente.

(*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, o pasado novembro —creo que foi o 13 de novembro— tivemos ocasión, por instancia súa, de falar do rural. E daquela tiven que recordarlle —e lamento ter que facelo agora— que, no debate do estado da Autonomía, das corenta propostas que fixo o seu grupo, ningunha se referiu ao medio rural. É dicir, para os efectos das Mareas de Podemos, o medio rural non ten ningún problema en Galicia. E, adicionalmente, vostedes non teñen ningunha proposta para o medio rural, ningunha das corenta. ¡Xa é dicir!



Pois ben, eu comprendo que vostedes non presenten propostas no rural, porque cada vez que presentan unha esfolan o rural. Propostas das Mareas: pechar Ence; oitenta mil persoas que viven no rural e venden madeira a Ence sen posibilidade de ingresos. Segunda proposta: pechar Meirama; trescentas persoas á rúa en Cerceda. Terceira proposta: pechar As Pontes; que desapareza o concello das Pontes definitivamente. Cuarta proposta: pechar Alcoa; que desapareza a Mariña lucense completamente. Quinta proposta: pechar Reganosa; Mugar dos e a súa área industrial que se vaian fóra máis os empregos de Fene e Ferrol en Navantia. Nulo apoio á ampliación de PSA (Peugeot, Citroën, Opel) cando tivemos que traer a lei para rehabilitar o Plan xeral de Vigo, anulado polo Tribunal Supremo.

En definitiva, ¿cales son as propostas de vostedes no rural? Pechar o rural.

Señoría, ¿por que non falan vostedes cos seus socios, agora que están vostedes no Goberno, e deixan sen efecto a modificación do Regulamento da Lei de costas, que nos van pechar cen empresas na costa de Galicia? ¿É que os mariñeiros non son rural?

Señorías, ¿por que non falan vostedes con esa ministra de Transición Ecolóxica e lle din que subir o diésel supón incrementar os custos dos tractores e de toda a maquinaria agrícola e dos camións?

Pero, señoría, que veñan vostedes agora aquí, que están gobernando en Galicia, falar do rural, cando resulta que está todo o rural de España levantado contra o Goberno que vostedes están xestionando en Madrid, ¡é unha broma!

Iso si, cando alguén se manifesta en contra do Goberno do Partido Socialista e de Podemos no rural é que son uns terratenentes e uns carcas. Señoría, iso é o que entenden vostedes por escoitar a rúa, que dicía a portavoz do BNG. Cando alguén vai contra do Goberno progresista é un carca, un terratenente, e cando vai contra do Goberno do Partido Popular é un demócrata.

Señoría, ¿nós levamos a lexislatura do rural? Si. ¿Por que? Porque hoxe hai máis produción agrícola que nunca, porque hoxe hai máis produción cárnica que nunca, porque hoxe se produce máis carne de vacún, máis carne de ovino e máis carne avícola que nunca, porque hoxe vendemos máis ovos que nunca, porque hoxe vendemos máis viño que nunca, porque hoxe exportamos máis viño que nunca e porque hoxe, señoría, estamos vendendo máis madeira que nunca.

Por iso, señoría, é a lexislatura do rural e seguirá sendo na próxima lexislatura. (*Aplausos.*) Non teña dúbidas, señoría, seguirá sendo na próxima lexislatura.

Mire, señoría: os que nacemos no rural sabemos perfectamente que o primeiro que queremos son os mesmos servizos públicos. E Galicia é a única comunidade autónoma que ten casas dos maiores gratis en concellos de menos de cinco mil habitantes. E Galicia é a única comunidade autónoma que ten casas niño para os rapaces pequenos de 0 a 3 anos gratis en todos os concellos de menos de cinco mil habitantes. E hoxe o oitenta por cento dos galegos vivimos a menos de quince quilómetros dunha vía de alta capacidade. E hoxe o oitenta por cento



dos galegos vivimos nunha área sanitaria cun centro de saúde ou un hospital novo. Iso é traballar polo rural: servizos homoxéneos, infraestruturas homoxéneas; en definitiva, señoría, facilitar a mobilidade.

¿Sabe vostede, señoría, que os rapaces...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...no rural poderán ir gratis por toda Galicia, os menores de vinte e un anos? Vostedes, que antes gobernaban nas cidades, nin un patacón diminuíron no prezo do autobús urbano para os rapaces. Pero seguimos falando na réplica.

Señor Sánchez, ¿de verdade que vostede trae aquí a pregunta do rural despois de que os agricultores de toda España estean na rúas simplemente porque están indo ao paro e non poden seguir traballando as súas explotacións agrícolas? Dígame vostede cal é a proposta para isto.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señoría.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu teño o compromiso cos galegos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e vouno cumprir. ¿Ten vostede algún compromiso con Galicia e co resto dos españois máis que intentar en tres semanas de goberno...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, presidente. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...destrozar as expectativas dos agricultores e dos gandeiros?

Máis nada e moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor presidente, nunca dixen que todos os membros do Partido Popular fosen corruptos; dixen que o Partido Popular é un partido estruturalmente corrupto, (*Murmurios.*) e se non o son, disimulan moi ben.

Señor Feijóo, xa estou máis tranquilo, pois dixo que a situación do rural está ben, mellor que nunca. A situación está mellor que nunca e a responsabilidade, en cambio, témola nós.



¿A ver como se come iso? Dixo que todo era culpa nosa; en cambio, está mellor que nunca o rural.

Vostede, señor Feijóo, foi incapaz de falar en serio unha vez máis dos problemas reais que ten o rural galego, porque non ten defensa posible. Dos seis puntos que eu lle dixen, non ten capacidade para darlles resposta con seriedade. Non, porque sabe que destruíu un de cada catro empregos no sector agrogandeiro e forestal; porque sabe que baleirou o rural a máis velocidade que nunca; porque sabe que ten vacantes a metade das prazas de investigadores agrarios; porque sabe que as sociedades de fomento forestal fracasaron, señor Feijóo; porque sabe que non puxo en marcha políticas eficientes de mobilidade de terras, e por iso os nosos gandeiros compiten en inferioridade de condicións con outros doutros países, que teñen gobernos que si fixeron os deberes que lle correspondían, señor Feijóo. É vostede un auténtico fraude e unha lacra, unha praga para o rural galego, señor Feijóo.

Iso si, bota balóns fóra. Disque, agora, a situación dos agricultores e gandeiros de todo o Estado é responsabilidade nosa tamén. Vostedes, que gobernaron aquí dez anos e sete anos co señor Rajoy á fronte no Estado, non teñen nada que ver.

Xa que me fala das concesións costeiras, señor Feijóo, ¿sabe que podía facer vostede? Solicitar do Goberno do Estado as competencias para outorgar as concesións na costa, como xa teñen feito Andalucía e Cataluña. E son esas comunidades autónomas as que dan as concesións. Se nós tivéssemos iso, non estabamos discutindo do que fai ou non fai o Goberno do Estado. Pero vostede nunca quixo asumir responsabilidade, igual que nunca quixo asumir responsabilidades nas cuestións transcendentais que afectan o noso rural.

Non se ría da xente cando fala de servizos homoxéneos para toda a cidadanía, porque o están escoitando no rural, que no rural viven como vostedes pechan servizos un tras outro, señor Feijóo. ¿Non escoitou Verín, que xa era un berro desesperado, polo enésimo peche de servizos públicos, señor Feijóo? Vostede é o campión dos recortes, señor Feijóo? Non se ría da xente e responda, señor Feijóo, como dixo vostede:

¿Temos menos emprego agrario que antes? Si. ¿Temos menos investigadores que antes de que vostede gobernase? Si. ¿Temos menos poboación no rural que antes de que vostede gobernase? Si, moita menos. ¿Temos menos terra agraria para producir desde antes que vostede gobernase? Si...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...temos moita menos, señor Feijóo. ¿Temos o monte desordenado? Si, témolo, señor Feijóo.

¿Que fixo vostede en dez anos? Unha década negra. É vostede un problema para o rural galego.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire que tivemos ocasións no debate do estado da Autonomía de falar do rural, e vostede non falou nada. E agora vén aquí porque de vez en cando hai que facer unha pregunta. Claro, como agora como hai que facer unha pregunta, ocórreselle a vostede falar do rural, e eu estou encantado.

Mozos incorporados á actividade agraria, o primeiro de España, sesenta e cinco millóns de euros investidos. Si, señoría. (*Murmurios.*) ¿Pero tanto lle molesta que teñamos boas noticias?

Señoría, plan estratéxico de Galicia para a PAC, ¿sabe vostede que nunca se cobrou antes a PAC que con este goberno?

Reforzamos a competitividade das explotacións, señoría. Acaba de saír hoxe, por exemplo, en *La Voz de Galicia*, que producimos o dobre de leite, o dobre de leite do que nunca se produciu no país. ¿E vostede por que non acepta ese dato? Porque non lle gusta.

Temos selos de calidade que nunca houbo no país. Temos máis presenza no territorio.

E ¿por que non fala vostede dos lumes?, ¿iso non é rural? Cando nós gobernamos, señorías, a media de hectáreas ardidadas en Galicia está nas vinte mil hectáreas, e cando gobernan os progresistas en corenta e unha mil, o dobre.

E fala vostede de que non está ordenado o monte. Nunca tanta madeira se vendeu, aínda que queda moito por facer. Nunca houbo unha industria forestal en Galicia como hai agora. Nunca a Xunta de Galicia tivo unha axencia para a industria forestal, como a que hai agora.

Pero, señoría, ¿por que vostede non acepta que no ámbito lácteo, dende que chegamos ao Goberno, incrementamos a produción un vinte e oito por cento? Un vinte e oito por cento, ¿parécelle pouco? Nunca houbo unha musculatura tan potente no sector lácteo como agora, nunca houbo tantas cooperativas unidas como agora, nunca houbo tanta industria transformadora láctea como agora, señoría. (*Aplausos.*) ¿Por que non acepta ese dato?

Señoría, ¿por que non acepta que temos unha produción vitivinícola do 37,5 por cento máis que hai dez anos, cando chegamos ao goberno? Nunca houbo tanto viño de tanta calidade e con tanta exportación como agora. ¿Por que non o acepta?

Tres mil toneladas máis de carne de vacún producimos agora de que cando chegamos ao goberno, tres mil toneladas ao ano máis.

En pesca, un 7,8 por cento máis de descargas anuais que cando estaba o Goberno progresista; un 4,4 por cento máis de facturación. Somos a segunda potencia do mundo en conservas, despois de Tailandia, e crescendo. Temos unha industria do conxelado, a mellor de Europa.



¿E vostede segue falando do rural?

Permítame que cite un gran responsable do seu partido que falaba do rural: «*La mayoría del país es urbano, pero se vende unha Galicia rural con fines políticos. Somos un país urbano, pero después las políticas que se implantan son otras*». Estas palabras —aínda hai máis, jeh!— son do máximo representante institucional que tivo as Mareas en Galicia, do máximo representante institucional. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si. ¿Quere que lle cite todos os parágrafos? Que se burla do rural dicindo que Galicia é urbana e que perdemos o tempo investindo no rural. Ese é o máximo representante que tivo as Mareas de Podemos. Por certo, unha persoa bastante máis educada que vostede.

Insisto: se o máximo representante que tivo as Mareas de Podemos nunha institución democrática opina isto do rural, ¿vostede faime esta pregunta para que?, ¿para cubrir o expediente ou para facer unha chamada á manifestación próxima, como fixo o BNG, vostede e agora os seus socios? Eu estaría encantado de falar.

Pero dígolle unha cousa e vólvo-la dicir: o rural galego non é o céspede da Complutense (*Risos.*), e o rural galego non é tampouco Galapagar. (*Murmurios.*) Señoría, o rural galego son os trinta e catro mil núcleos de poboación que temos en Galicia (*Aplausos.*) Imos defender o rural galego, é onde nacemos, é de onde vivimos. Ese é o rural do noso país, o rural de Galicia. ¿Pode estar contento o rural de Galicia con vostede? Creo que non.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Pode estar seguro de que sempre imos defender o rural en contra deste tipo de criterios absolutamente urbanitas? A resposta é que si.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto dos resultados da súa xestión en materia de sanidade pública despois de once anos de goberno

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, ¡menudas intervencións de posverdade quere construír vostede en Galicia!, ¡menudas distorsións intencionadas, falaces e mentireiras que lle traslada vostede a un país que xa non o cre!

O seu discurso, señor Feijóo, carece da menor veracidade posible. Nun país no que dende que vostede goberna hai moita menos xente traballando. Hai cincuenta mil persoas menos traba-



llando en Galicia dende que vostede chegou, mentres que en España o número de poboación traballando, os traballadores, son moitos máis. Esa é a punta do iceberg que amosa o seu desastre, o de alguén que gobernou dedicando máis de cen mil millóns de euros en termos sen actualizar, máis cerca de douscentos mil millóns de euros ao longo do seu goberno se os actualizamos.

¡Claro que se fixeron cousas! Pero vostede déixanos unha Galicia moito peor. E vostede non quere falar de sanidade, señor Feijóo, porque aí é onde ten vostede as competencias, é onde amosa o seu maior fracaso, é onde amosa o maior rexeitamento na rúa, onde dous millóns setecentos mil galegos e galegas que usamos a sanidade pública sabemos dos recortes, do desmantelamento, do desastre da súa xestión.

¡Claro que hai unha maioría que sae á rúa! Sae en toda Galicia. E vostede non a quere escoitar. Non a quere escoitar cando lle falan de Pediatría en Catoira, en Cee, en Fisterra, en Zas, en Abadín, en Moeche, en Mañón, nas Pontes, en Ares, en Mugardos, na Illa, en Ribadumia, en tantos sitios! ¿Están todos equivocados, señor Feijóo?

E cando lle falan de centros de saúde na Rúa, en Ribadavia, no Grove, en Caldas, en Antas, en Vilagarcía, en Bouzas, en Chantada, en Cangas, en Ponteareas, ¿están todos equivocados, señor Feijóo?

E cando lle falan de médicos de familia na Cañiza, na Guarda, en Cariño, en Baralla, en Meaño, en Meis etcétera, ¿están todos equivocados, señor Feijóo?

E cando saen ás rúas os cidadáns falando das ambulancias, dos problemas en Urxencias, saturadas, no CHOP, en Ferrol, na Barbanza, en Santiago, ¿están todos equivocados, señor Feijóo? (*Aplausos.*)

E cando falan de especialistas no Salnés, en Valdeorras, na Mariña, en Verín, ¿están todos equivocados?

E cando xa houbo falecementos nos últimos tempos en Galicia, un sen asistencia médica, outra por problemas nas ambulancias, ¿non hai que darlle unha resposta de cambio?

Vostede non recoñeceu os problemas da sanidade pública ata hai pouco. Eu reuníme con vostede hai dous anos cando fun elixido secretario xeral do Partido Socialista, e trasladeille a miña preocupación fonda polo que estaba pasando na sanidade pública. E vostede trasladoume esa versión de posverdade, na que todo está ben e na que todo é idílico.

De alí a aquí, a súa posición mudou; mudou porque ten o país contra as políticas do Partido Popular, ten incluso o Partido Popular en contra das súas políticas sanitarias. Díxollo Baltar, dinllo concelleiros que votan nos pobos, que van ás manifestacións. Esas son as súas parroquias, señor Feijóo, as parroquias do Partido Popular, que vostede tenta calar cos fondos da Xunta de Galicia, pero que non deixan que vostede siga cos recortes.

Señor Feijóo, non nos quere explicar que é iso do consentimento informado reforzado do que falou para Verín. Non nos quere explicar por que quere pór unha lei mordaza na saúde



pública para que a xente non poida pór carteis que poñan «*En defensa da sanidade pública galega*». E non quere, porque con eses carteis e coa mobilización masiva conseguimos pólo a vostede contra as cordas e que rectificase en Verín.

Sen eses movementos, hoxe Verín tería o paridoiro cerrado, e seguiría pechando os paridoiros, porque vostede dicía que escoitaba os médicos e que facía o que dicían os médicos. Pero cando os médicos lle piden que non poden atender máis de trinta pacientes ao día, cando lle piden dez minutos por consulta, cando lle piden que unha carteira de médicos non teña máis de mil duascenas cincuenta tarxetas, vostede non escoita. E non escoita as enfermeiras eventuais. Unha enfermeira, Mar, da Mariña, trinta días en novembro, vinte e sete días traballando, vinte e sete contratos laborais. ¿Esa é a Galicia que vostede representa e que di que defende ante esta tribuna?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ¿Ese é o futuro que lle ofrece vostede ao país?

Vostede non ten compromiso coa sanidade, porque vostede ten a chaqueta posta do Partido Popular. Vén defender as posturas máis conservadoras do país.

E se vostede fala dos máximos representantes das distintas organizacións, fale vostede dos seus máximos representantes, de Aznar, de Rajoy, de Casado —son os que tiveron a maior representación do PP—, e tamén do que facían cando gobernaban en España e dedicaban os fondos públicos a fondos reservados, para tapar as chanchulladas do tesoureiro do seu partido. E vostede dea contas, que estaba nesa xunta directiva, señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Imos dicirlle que cando vostede non quere falar dos problemas do país, e intenta espallar responsabilidades aos demais, o Partido Popular non ten ningunha capacidade de dar leccións a ninguén neste país, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Isto podíámolo titular: «Mitin da era brevísima do deputado parcial señor Caballero». (*Aplausos.*) Vén aquí, fala do que lle peta, di o que considera oportuno. Empeza a falar de paro... ¡Corenta e tres mil parados menos que cando chegamos ao goberno!

Este señor do Partido Socialista, ¡fala de paro! Fala de paro cando acabamos de coñecer os datos de paro, que son os peores dende o ano 2013 do Partido Socialista, ¡e fala de paro! (*Murmurios.*) Galicia é a segunda comunidade autónoma que baixou máis o paro nos últimos doce meses, ¡e vénme falar de paro! (*Aplausos.*) É algo curioso, señoría. É algo sorprendente.



Señoría, repase vostede a taxa de actividade de Galicia e comprobará que é mellor da que tiñamos cando chegamos ao goberno.

Pero, dado que isto vai de sanidade pública —pretendo eu—, a min interésame a sanidade pública. Eu comprendo, señoría, que nunca serán suficientes as veces para dicir que me sinto orgulloso da sanidade pública de Galicia. Cada vez que vostedes me interpelan sobre a sanidade pública, danme vostedes esa oportunidade de dicir: síntome orgulloso dos trinta e nove mil profesionais que practican unha das mellores sanidades públicas de Europa, señorías. *(Aplausos.)*

Mire, señoría: calquera intento de desprestixiar a sanidade pública vaise atopar coa maioría de Galicia para defendela. Síntome orgulloso como galego, si, da sanidade pública de Galicia. Síntome orgulloso porque os galegos hoxe temos mellores servizos e temos menos esperas. Temos, en datos históricos, a espera menor para unha consulta, vinte e sete días menos que cando vostedes gobernaban; unha espera para unha intervención cirúrxica, quince días menos que cando vostedes gobernaban; a menor espera para enfermidades graves, a metade do que esperaban cando vostedes gobernaban, e unhas vías rápidas para doenzas graves, nas que a media son 7,7 días de espera, e as vías rápidas nin as tiñan vostedes cando gobernaban.

Síntome orgulloso de que haxa unha lei que garanta máis dereitos para os galegos, e síntome orgulloso de que eses dereitos estean agora acollidos, e antes non existían. Son os dereitos para elixir hospital, para elixir especialista, para elixir pediatra, para elixir enfermeira, e tamén mantendo o dereito, por suposto, de médico de cabeceira.

Síntome orgulloso, señoría, dos tempos máximos de espera, que non existían cando vostedes gobernaban. E levamos intervidas miles de persoas de acordo con eses tempos máximos de espera.

Síntome orgulloso dos centros de saúde. Fálame vostede dos centros de saúde que faltan. ¿Quere que lles deixe os centros de saúde que fixemos? Sesenta e seis construídos, dez en execución e outros dez pendentos de soar. *(Murmurios.)* Si, señoría, están aquí. É que non me dá tempo de lelos, pero déixollos ao presidente da Cámara para que vostede comprobe que nunca se fixeron máis centros de saúde que agora. *(Aplausos.)*

Síntome orgulloso, señoría, dos oitenta e sete millóns de euros que investimos en tecnoloxía. ¿Sabe vostede que cando chegamos á Xunta había algún acelerador lineal que non radiaba, senón que queimaba? Queimaba. E tivemos que apagalo e tratar o resto dos pacientes en vinte e catro horas, xornada de noite incluída, porque tiñamos un acelerador nun hospital que vostedes deixaron que non radiaba, senón que queimaba. E calei. Pero xa chega un momento, señor Caballero, que debería vostede ser un pouquiño máis prudente.

Señorías, síntome orgulloso de construír dous novos hospitais en Galicia en plena crise económica. Síntome orgulloso de presentar e aprobar e consensuar coa alcaldesa da Coruña o maior hospital público que se fixo nunca na historia da provincia da Coruña. *(Aplausos.)* Síntome orgulloso, señoría, de facer o maior hospital público que nunca se fixo na provincia de



Pontevedra, en Vigo. E síntome orgulloso de poder empezar nos próximos meses a remodelación integral do hospital de Pontevedra. Síntome orgulloso en cada área sanitaria de facer un hospital novo ou de ampliar ese hospital.

Síntome orgulloso, señoría, da Hemodinámica vinte e catro horas en Lugo e en Ourense (*Murmurios.*) (*Protestas.*) Síntome orgulloso do hospital a domicilio... ¿De que rin, señorías, se estiveron catro anos no goberno e non puxeron unha sección de Hemodinámica vinte e catro horas en ningún sitio? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero señorías, ¿de que rin? É algo sorprendente. (*Aplausos.*)

Síntome orgulloso, señoría, do tratamento da hepatitis C para todos os pacientes en Galicia. Síntome orgulloso dos novos tratamentos de Oncoloxía, que nunca houbo en Galicia. Síntome orgulloso do primeiro Programa contra o ictus, que nunca houbo na comunidade autónoma. Síntome orgulloso, señoría, de que hoxe haxa tres mil catrocentos profesionais máis traballando na sanidade pública de que cando chegamos ao goberno. Síntome orgulloso da carreira profesional dos profesionais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Síntome orgulloso, señoría, desa sanidade pública que vostedes tanto deostan, tanto critican, tanto desprestixian.

Señoría, que me veña aquí botar a culpa dos pediatras. ¡Un señor que leva dous anos no goberno e foi incapaz de incrementar as prazas de formación de Pediatría no país! ¿Pero vostede non ten un anaco de vergoña?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vostede fai responsable aos presidentes autonómicos de que non haxa pediatras en España. ¿Pero, realmente, vostede non sabe que o Ministerio de Sanidade é o único competente para concretar cantas prazas de formación de Pediatría se poden aprobar no Estado? (*Murmurios.*)

Señor Caballero...,

O señor PRESIDENTE: Remate xa, presidente, rematou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se quere vostede falar de sanidade en serio, cando queira, sen tempo, sen límite. Se quere... —non, é que aquí teño moi pouco tempo para contradicilo, señoría—. Se quere vostede falar de sanidade pública, cando queira. (*Murmurios.*) E se quere vostede recordar o que fixeron na sanidade pública durante catro anos, iso, señoría, tamén cando queira. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor Feijóo, vostede de economía non sabe nada, (*Murmurios.*) nada, nada; así vai o país, sen política industrial, sen política de emprego, e ademais quere enganar de forma continua. Non teño tempo para explicarlle moito máis de economía, pero si para dicirlle que non siga enganando.

Hoxe, en Galicia, hai moitos menos traballadores traballando que cando vostede chegou. (*Aplausos.*) E nun país no que vostede deixa o país sen traballadores, hai menos xente, hai menos ingresos, hai peores fondos de financiamento para os servizos sociais, hai menos país. Iso é o que vostede ten que asumir como o maior problema do seu goberno, que non xerou emprego, que non tivo a capacidade de empregar a cidadanía galega e que Galicia perde xente no rural, no urbano, polas súas políticas.

E voulle tomar a súa palabra. Vostede acaba de dicir na sede parlamentaria que falará de sanidade cando queira e durante o tempo que queira. Eu emprazo a que compareza neste parlamento o presidente da Xunta para facer un debate monográfico sobre a sanidade galega. (*Aplausos.*) Non se agache e veña comparecer a este parlamento, que nesa ocasión estaremos dispostos a lle replicar polo miúdo todo eses datos. Cando queira comparecer, señor Feijóo, porque sempre que vostede compareza o secretario xeral do Partido Socialista estará para comparecer e amosarlle unha Galicia distinta.

E voulle dicir máis, señor Feijóo: nós non temos ningún complexo. Mire: vostede quere botar balóns fóra. Di que está moi orgulloso; orgulloso dos anuncios, de que anunciou agora un hospital para A Coruña en tempo electoral; orgulloso do que fai en Verín recuando polo tempo político; orgulloso de que vostede ten que recuar. E a verdade é que toda a súa posición é unha posición que amosa que vostede está moi preocupado, que vostede, señor Feijóo, xa sabe que a maioría social do 2019 en todas as eleccións —vostede que fala de tanta maioría e de tanto respaldo dos galegos— xa lle quitou toda a razón. E nós imos defender Galicia, señor Feijóo.

Vostede está evitando ser xa o presidente de todos os galegos e de todas as galegas. Vostede xa non está á altura de darlles solucións aos problemas deste país no vindeiro tempo. Porque o problema de Galicia, señor Feijóo, non é o seu discurso sobre o IVE, o problema de Galicia é vostede, son as políticas sanitarias do seu Goberno, o seu fracaso no rural, o seu illamento no escenario urbano, que deixa unha Galicia con menos poboación traballando, que deixa unha Galicia con xente maior e cun déficit en residencias públicas, que fai moita campaña electoral, que é no que está, na campaña das mentiras, na campaña continua, no mitin que vostede fai utilizando o poder da Xunta para trasladar unha verdade irreal. (*Murmurios.*)

E os problemas vainos resolver un novo goberno, un goberno en Galicia que xa está facendo que vostede recúe en temas fundamentais do país e un goberno que vai amosar o compromiso coa sanidade pública, co medio rural, co emprego, coa política industrial que vostede non fai.



Porque vostede, señor Feijóo, non quere asumir as súas responsabilidades despois de once anos de fracaso de goberno, e soamente ten o discurso de «a culpa é do Goberno de Madrid». E equivócase, porque xa o dixo no ano 2019, e faláron os galegos, e votaron ese Goberno de Madrid segundo o cal vostede naquel momento lle quitaba setecentos millóns, que era desleal con Galicia.

E nós estamos (*Murmurios.*) cun só compromiso: o compromiso dos galegos, de setecentos mil galegos que viron como un Goberno socialista lles sobe as pensións, máis de cen mil traballadores públicos que viron como se lles soben as nóminas, oitenta e cinco mil traballadores galegos que viron como ao subir o salario mínimo interprofesional teñen maior salario,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...cunha nova política de transición ecolóxica. Por certo, o Regulamento de costas...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...—que é unha des desas mentiras que vostede di—que se aplica é a lei do Partido Popular e o regulamento do Partido Popular. (*Murmurios.*) As responsabilidades son tamén súas, non son doutros.

E en todos os ámbitos, señor Feijóo, vostede está nunha escalada de mentira continua. E o que lle ten que dicir ao país é aclarar cal é o escenario electoral, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) cando vai convocar as eleccións para que falen os galegos e as galegas. (*Protestas.*) Xa sei que á bancada do PP non lle gusta falar de eleccións, ¡que algúns igual non repetimos e marchamos para a casa! Así é que non se preocupen, pensen tranquilos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor Feijóo, dígalles aos galegos e ás galegas cando van ser as eleccións. Despois vostede decida se quere ser candidato ou se non quere ser candidato; esa é unha cousa do PP. Pero o escenario electoral, vostede que fala tanto da maioría do país, sería moi positivo que agora que empezamos o 2020 o aclare dunha vez, para que unha nova maioría de Galicia poida trasladar ás urnas o que está dicíndolle a pé do país fronte aos seus recortes e fronte ao seu desastre.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero, rematou o seu tempo.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Que fale Galicia no tempo electoral que vostede decida. Pero diga xa cando vai convocar as eleccións que o van retirar do poder. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Peche do presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, ¿se mirara vostede a cara dos seus deputados e deputadas!... *(Risos.)* É que son un poema.

¿De verdade que vostede vén aquí falar de sanidade? ¿Esa é a importancia que lle dá á sanidade o Partido Socialista Obreiro Español e a súa sucursal aquí en Galicia? ¿Se a vostede non lle importa a sanidade, se vostede vén aquí a outra cousa!

Fala vostede de economía, que non sabemos nada de economía, pero o produto interior bruto máis grande da historia de Galicia é este: sesenta e dous mil millóns de euros. Fala vostede de economía; nunca tanto exportaron as empresas como agora: vinte e un mil millóns de euros, cun superávit dos últimos catro anos. Fala vostede de economía, señoría, e di que hai menos persoas traballando e que perdemos cen mil galegos por saldo vexetativo *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, señoría, porque non hai traballo. *(Protestas.)* ¿Pero que disparate! Con que siga así non o van deixar dar clase na facultade, señoría. Porque simplemente morreron máis dos que naceron. *(Risos.) (Aplausos.)* ¿Que disparate, señoría, porque non hai traballo! Se entraron corenta mil persoas máis en Galicia das que saíron dende que estamos no goberno. Vostede, señoría, xa se esqueceu de todo.

E vén vostede agora aquí dicir que queremos falar de sanidade. Encantado. Pero se leva vostede tres anos sen vir a este parlamento recoller a súa acta. ¿E quería falar de sanidade un señor que non vén recoller a súa acta? ¿E quería falar de sanidade cando construímos e constituímos unha Comisión para a sanidade pública e o Partido Socialista non comparece na comisión? *(Murmurios.)* ¿Pero esa é a broma da sanidade á que vostede se refire?

Señoría, isto é o que me atopei cando cheguei a Vigo *(O señor Núñez Feijóo amósalle unha fotografía á bancada socialista.)* no ano 2009 como presidente da Xunta de Galicia, no hospital de Vigo tantas veces prometido polo Partido Socialista, e nin un metro, nin sequera transmitido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, esta é a foto, si. Isto foi o que empezamos a facer: expropiar en contra do Concello de Vigo porque non nos deixaban facer o hospital. E este é o resultado, *(O señor Núñez Feijóo amósalle á Cámara unha fotografía.)* señoría: o mellor hospital público construído en España. *(Aplausos.)* Esta é a foto do que facemos na sanidade.

Tráíolle unhas poucas fotos de sitios que vostede coñece. Por exemplo, Gondomar, este era o centro de saúde *(O señor Núñez Feijóo amósalle unha fotografía á bancada socialista.)* que nos atopamos cando chegamos a Gondomar, un centro de saúde bastante vello, por certo, e este é o novo centro de saúde que acabamos en Gondomar, señoría *(O señor Núñez Feijóo amósalle unha fotografía á Cámara.)*. Tráíolle só tres porque non teño moito máis tempo. *(Murmurios.)*

Isto é o que nos atopamos na Coruña *(O señor Núñez Feijóo amósalle unha fotografía á bancada socialista.)*, señoría, e isto é o que imos facer na Coruña. *(O señor Núñez Feijóo amósalle unha fotografía á Cámara.)* *(Aplausos.)* Si, señoría. *(Murmurios.)* Isto é.

Pero, non se preocupe, señor Caballero, nós non deixamos maquetas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* Pero, señorías, non se poñan nerviosos... O mesmo me dixeron en Ferrol; en construción.



O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O mesmo me dixeron no novo hospital público de Pontevedra; licitado. E na Coruña imos empezar este ano as obras do hospital público da Coruña. *(Aplausos.)* Iso é o que lle podo dicir, señoría.

Señoría, despois deste mitin glorioso que acaba de darnos, pero se o máximo que pode conseguir aquí son catorce votos. Nin sequera, se é que hai xente do Partido Socialista que teño as miñas dúbidas de que o voten. Por suposto, votantes do Partido Socialista nas xerais, despidase da maioría deles.

O outro día fixo vostede, que non está en campaña como é lóxico, un anuncio na prensa. Todo o mundo o vimos. ¡Sorprendidos! Era unha gran páxina en todos os medios de comunicación de Galicia agarrado a Pedro Sánchez, *(Risos.)* e que poñía «Gracias». Eu dixen: ¿isto é unha broma ou é verdade? Non, é verdade. O señor Caballero aparece nun selfi con Pedro Sánchez dicindo «Gracias». ¿Grazas de que? *(Murmurios.)*

Señoría, fala vostede da sanidade pública. ¿Sabe canto nos debe o seu compañeiro de selfi? Trescentos setenta millóns de euros. ¿Sabe que con esa débeda podemos facer o hospital completo da Coruña, remodelar o hospital militar da Coruña, remodelar o hospital marítimo de Oza, da Coruña, e equipar completamente o novo hospital público da Coruña... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cos trescentos setenta millóns de euros que nos deben? *(Aplausos.)*

¿Sabe, señoría, que cos trescentos setenta millóns de euros que nos debe o seu compañeiro de selfi podemos pagar a ampliación completa e facer o novo hospital público de Pontevedra e o novo hospital público de Ferrol?

¿Sabe vostede, señoría, que vén aquí contarnos as contas do gran capitán?... Pero, mire, se xa non hai ningún dirixente sensato do Partido Socialista... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que non vaia denunciar o Goberno central por impago ás comunidades autónomas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Esta mañá o señor Lambán: «*Incurriría en irresponsabilidad si no presento la denuncia*». Hai uns días o señor Page, denunciando o Goberno central. E vostede siga agarrándose tan forte a Pedro Sánchez, que é o único que lle queda. *(Murmurios.)*



Pero, señor Caballero, levo bastante tempo traballando na política, e levo once anos como presidente da Xunta. Nunca vin un Partido Socialista como este. ¡O Partido Socialista desapareceu! ¡Non existe en Galicia! O Partido Socialista Obreiro Español está na clandestinidade. *(Murmurios.)* Agora está o Partido Socialista de Sánchez, e o Partido Socialista de Galicia desaparece tamén.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Agora está o Partido Socialista de Sánchez en Galicia. *(Murmurios.)* Pero xa llo dixen, señoría: deixe de facer do Partido Socialista en Galicia unha mascota do señor Sánchez.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Con eses 370 millóns que nos debe, facemos o hospital público da Coruña completo, remodelamos dous hospitais completos, o de Pontevedra e o de Ferrol. ¿E vén falar vostede de sanidade pública? ¡Déixese de lerias!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E deixe de tomarlle o pelo á xente, señoría.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos continuar con proposicións non de lei.

(Murmurios.)

Silencio.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei, doc. núm. 60768 (10/PNP-004527).



Emenda de adición.

Débense engadir os seguintes puntos co seguinte texto:

<<2.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno español que poña en marcha de inmediato os estudos necesarios para a planificación e o desenvolvemento da rede de media distancia interior de Galicia e a rede de cercanías nas áreas metropolitanas mais importantes e en especial as de A Coruña e Vigo-Pontevedra.

3.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno español que incorpore orzamentos específicos nos orzamentos do Estado para 2020 e anos seguintes, para a reforma e mellora dos trazados, electrificación, seguridade e sinalización das liñas de media distancia: A Coruña-Ferrol; A Coruña-Lugo; Lugo-Monforte-Ourense e a saída sur de Vigo cara a Portugal.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 60768 [10/PNP-004527].

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto:

<<Asemade, o Parlamento insta á Xunta a demandar ao goberno do Estado as seguintes medidas de fomento do ferrocarril en Galiza:

- Poner en marcha un plan de modernización dos ferrocarrís empregados para o transporte de persoas en Galiza.*
- Derrogar a suba de prezos como medida inicial de compensación polo deterioro do servizo.*
- Incrementar os servizos nas principais liñas, así como as paradas nas estacións interurbanas.*
- Transferir as competencias e financiamento en materia ferroviaria para facer posíbel a creación dun ente ferroviario galego e do servizo de cercanías.>>)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

E saudar tamén as veciñas da Estrada, mulleres rurais, na lexislatura do rural.

Antes de empezar esta proposición non de lei —interesante, importante—, onte neste pleno o señor Bará —que me gustaría que me mirara aos ollos— fixo unhas afirmacións que en-



tendemos que foron graves... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* —por favor—, pero voulle dar a razón nunha cousa. Vostede dixo que se estaban facendo obras ilegais en Mos, *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* que se estaban facendo obras sen ter ningún tipo de licenza; e ten toda a razón do mundo, non tiña unha licenza, ten dúas licenzas. *(O señor Rodríguez Pérez mostra un documento.) (Aplausos.)* Mire, no meu pobo din: «papeis calan bocas». *(Murmurios.)* Entón, voulle dar ao presidente do Parlamento este documento e, por favor, pídalle perdón á alcaldesa de Mos e aos veciños e veciñas de Mos. *(Murmurios.)* Non todo vale en política. *(O señor Rodríguez Pérez entrégalle un documento ao señor presidente.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: O señor Caballero xa non está.

Señor presidente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Este asunto... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: ¡Tranquilos!

Presentamos esta proposición non de lei —indo ao tema— *(Murmurios.)* *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Patricia Vilán, ¡por favor!

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Imos ir con calma. *(Murmurios.)*

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Este grupo parlamentario presentou unha proposición non de lei de grande interese para a nosa Comunidade Autónoma, para Galicia, cuestión na que esperemos acadar a unanimidade, que sería o normal, o correcto, o desexable. Esta proposición complementa a pregunta que lle fixemos no pasado pleno á conselleira, despois de coñecer a intención do Goberno español de deixar sen servizo a venda de billetes presencial en varias estacións de tren na nosa comunidade a partir do 31 de decembro do ano 2019.

Señorías, nos últimos meses vemos como de forma reiterada se veñen producindo distintas incidencias e cancelacións nos servizos ferroviarios que se prestan en Galicia. A Xunta de Galicia vén facendo o seguimento continuo de como se están a prestar estes servizos e demandando ante o Goberno central melloras nesta infraestrutura ferroviaria. Segundo ten trasladado oficialmente Renfe, a intención —xa materializada— de prestar o actual servizo en oito estacións ferroviarias na nosa comunidade: na Coruña, Ortigueira; en Lugo, Burela, Sarria e Viveiro; en Ourense, O Carballiño e Ribadavia; e, en Pontevedra, Redondela e Guillarei, en Tui.



O certo, señorías, é que dende que rexistramos esta iniciativa ten habido algunha novidade, si, mais ningún avance significativo nin definitivo e, sobre todo, nin tranquilizador. O que queremos dende este grupo parlamentario son plans definitivos por parte do Goberno central do señor Sánchez para os servizos de venda presencial de billetes, unha vez que ten comunicado a decisión de mantelos de forma presencial como unha medida provisional. A Xunta de Galicia ten demandado ao representante institucional de Renfe en Galicia información sobre os plans que manexa; o que demandamos son solucións definitivas, non queremos máis parches. O triste desta historia, señorías, é que o acordo de investidura de apoio a Pedro Sánchez de Teruel Existe —lembrarlles que Galicia tamén— incluía a prórroga do peche do servizo nestas estacións ata o 30 de xuño. A partir de aí, segundo ten comunicado Renfe, a asinar convenios cos concellos para dotar de persoal de apoio as estacións. ¡Incrible o que vou dicir! Estamos a falar de persoal de apoio e asesoramento ao usuario na compra de billetes nas máquinas, non de persoal de venda de billetes presencial. ¡Un parche! Como o parche de trasladar unha responsabilidade estatal aos concellos.

Por outra banda, Renfe informaba de que hai en marcha contratos de licitación por parte de Adif para manter os servizos de venda presencial de billetes nalgunhas estacións: O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Sarria. Estamos falando de contratos con data de caducidade, que non aseguran o servizo máis dun ano.

Polo tanto, o Goberno central, unha vez máis, non ofrece solucións; o que ofrece son medidas provisionais, parches, medidas provisionais. O que queremos nós, a Xunta de Galicia, este grupo parlamentario, é algo claro e algo concreto: que o Goberno central atenda as demandas dos galegos e das galegas, que dea marcha atrás no desmantelamento do servizo de venda presencial que está a facer nas estacións de tren galegas, e que asuma o compromiso de manter a venda de billetes presenciais máis aló do 30 de xuño ou a final de ano. Non queremos medidas que teñan caducidade.

Señorías, xa no ano 2016 producíronse noticias que apuntaban o transvase do canal de vendas presencial, Adif e Renfe —isto parece un divorcio—, o abandono do servizo da venda de billetes en varias estacións de tren, un servizo en pequenas poboacións do rural de Galicia. Si, señorías, esta PNL é unha proba de coherencia das súas propias señorías. Teño aquí as dúas interpelacións, preguntas, de En Marea, do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista. (*O señor Rodríguez Pérez mostra uns documentos.*) Teño que dicir —sen que sirva de precedente— que o que lles fala e este grupo parlamentario está de acordo co que vostedes dixeron no ano 2017. Pero estaremos moi atentos ás súas intervencións, porque ultimamente vostedes están un pouco variables, son un pouco veletas.

Señorías, se traballamos todos xuntos, é posible rectificar esta política lesiva do Goberno central con Galicia en materia de servizos ferroviarios. Daquela, señorías, no ano 2017 gobernaba un galego, Mariano Rajoy, con toda a presión trasladada dende as distintas administracións á Xunta de Galicia, que mantivo contactos directamente cos responsables estatais. E tamén a postura unánime deste parlamento tivo como resultado que Adif abandonase o plan de peche de venda de billetes presencial nestas estacións ferroviarias. Neste caso, agora, no 2020, a Xunta ten trasladado este problema. Esta é a lexislatura do rural. Dende este grupo parlamentario consideramos este asunto sumamente importante, posto



que a decisión do Goberno español de deixar sen servizo a venda de billetes suporá unha merma na calidade dos servizos que se lles prestan aos cidadáns, un claro prexuízo aos veciños destes concellos, un retroceso no obxectivo de vertebración territorial e da cohesión social, que debería guiar toda a acción de toda a Administración pública. Con todo, estase producindo unha deshumanización do servizo, máquinas que substitúen as persoas. O curioso é que despois dicimos todos coa boca aberta: a España baleirada; baléirana os socialistas, e solucionado o tema; é unha acción progresista, palabra que soluciona todo.

Señorías, a comunicación ferroviaria é unha peza fundamental para a mobilidade, agora e sempre. Ademais, de cara ao Ano Santo xacobeo, en que virán milleiros de peregrinos a Galicia, deberemos estar preparados, deberemos ser previsibles e non esperar a que chegue. ¡Que non nos pille o tren! Agora que todos presumimos de ser os máis ecoloxistas do mundo, o tren —recorden— contribúe a reducir o tráfico de vehículos coas conseguíntes emisións á atmosfera. O ferrocarril é un servizo público e como tal non debe rexerse por factores económicos e empresariais, xa que contribúe á vertebración territorial. (*Murmurios.*)

Non sei de que se rin, señorías, é a pescadilla que se morde a cola. Se fronte a un problema de demanda, en lugar de mellorar a oferta, o que facemos é reducila, evidentemente, o que facemos é agravar o problema.

Agardamos tamén agora que o Goberno do señor Sánchez, apoiado por todos vostedes, faga o mesmo que fixo o Goberno de Mariano Rajoy: atenda unha demanda social e institucional dos galegos e deixe sen efecto a decisión de pechar a venda presencial de billetes nestas estacións de tren na nosa comunidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

A iniciativa do Partido Popular plantexa que este peche de oficinas de venda non cumpre co obxectivo de ofrecer servizos ferroviarios de calidade e proximidade, fundamentalmente aos cidadáns do rural; moi ben. Di tamén que é un retroceso no obxectivo da vertebración territorial e da cohesión social, que debería guiar a acción de toda a Administración pública; perfecto. Pero, ¿de verdade querenos contar que este goberno e este partido cando estivo no Goberno do Estado tamén fixo algo para ofrecer servizos ferroviarios de calidade e proximidade en Galicia? ¿De verdade? ¿E fixeron algo neste obxectivo? ¿Queren contarnos que algunha vez tiveron como obxectivo a vertebración territorial de Galicia a través do ferrocarril? ¿Dínnolo de verdade? Ao mellor foron gobernos de parecida ideoloxía súa, pero no século XIX, que foi cando se construíu esta rede.

Estamos de acordo en que hai que manter o servizo de venda de billetes e de atención aos viaxeiros, por suposto que estamos de acordo. Pero o máis importante é que haxa trens e un



bo servizo para os que vender billetes, porque ¿para que se van vender billetes se despois non hai trens?, ¿para que mercalos?

Temos unha rede interior —como xa comentei— de interconexión con Portugal do século XIX; incluso a liña A Coruña-Lugo, de 1864 —creo que é—; e unha inexistencia de cercanías total, unha das poucas autonomías que non ten ningunha rede de cercanías. E realmente por aí van as nosas emendas, que cremos que complementan dunha maneira máis ambiciosa a súa proposta, e esperemos que as poidan aprobar.

Primeiramente, desenvolver os estudos para verdadeiramente ter unha estratexia de ferrocarril de cercanías e de proximidade en Galicia e, despois, empezar xa con traballos concretos, que se poderían facer fundamentalmente nas liñas A Coruña-Ferrol, A Coruña-Lugo, Lugo-Monforte-Ourense, e a saída sur cara a Portugal.

Por falla de tempo, só vou mencionar aspectos de dous destes trazados. A Coruña-Ferrol, unha liña tamén do século XIX, a máis lenta de España en velocidade media. Pois realmente cunha inversión similar a quince quilómetros de AVE podería dar servizo a case un millón de pasaxeiros ao ano, só un pouco menos do que se prevé para o AVE a Madrid en todo un ano. Podería reducir a menos da metade os cento vinte mil vehículos que entran na cidade da Coruña un día. Non sei se vostede viaxou algunha vez da Coruña a Ferrol en tren, sabe que ten paradas en practicamente toda a área metropolitana, incluso na universidade. A xente podería chegar de Ferrol á universidade aproximadamente en dezaioito minutos. E non falo de AVE, nin moito menos, falo dun tren de arredor de cento sesenta quilómetros por hora, o que suporía unha inversión inferior aos trescentos millóns de euros. Isto si que de verdade sería apostar por unha transición ecolóxica.

Despois, a saída sur de Vigo, da que nin se fala nin se lle espera. Pois podería enlazar cos traballos que xa se están facendo en Portugal, que avanzan a moi bo ritmo. ¿Imaxinan as posibilidades socioeconómicas que suporía chegar de Porto a Vigo en cincuenta minutos e a Compostela en hora e media? Por exemplo, no caso do turismo —e isto falámolo onte co Clúster do Turismo— posiblemente sería máis importante para captar turismo estranxeiro o enlace cun aeroporto con ducias de voos directos internacionais que incluso o enlace ao AVE a Madrid; poderían entrar máis turistas estranxeiros por esa vía que polo AVE de Madrid.

E decidir impulsar estas prioridades é o que En Marea chama soberanismo, que é o que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista desde Galicia cando gobernaron no Estado deberían de ter exercido. Porque tamén hai que decidir sobre as inversións que o Estado fai en Galicia. Iso é o que nós entendemos por soberanismo. Probablemente, se os partidos que nos definimos como soberanistas tiveramos máis representación tanto nesta cámara como no Estado, en Galicia habería menos AVE pero moita máis proximidade. Probablemente co que aforrariamos se verdadeiramente se fixera unha planificación do AVE racional e cunha rede completa interior a douscentos quilómetros por hora —que é o que se fai en Francia, por exemplo— pois probablemente chegaríamos a Madrid vinte minutos despois —ben, habería que madrugar vinte minutos máis—, pero liberariamos tres mil millóns de euros para desenvolver toda a rede interior de Galicia. Iso si que é ter obxectivos de vertebración territorial e de cohesión social que piden vostedes na súa iniciativa.



Por iso, ánimoos a aceptar a nosa emenda, que de verdade si vai na liña do que vostedes plantexan. Porque —xa digo— ter oficinas de venda de billetes sen trens e con capacidade de dar ese servizo pois, si, parécenos ben para non destruír o servizo, pero realmente a operatividade que tería sería verdadeiramente mínima.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Hai un refrán que di que «can que moito ladra ruín é para a casa», e este refrán acáelle moi ben ao Partido Popular e ao que dixo aquí o señor presidente da Xunta.

E o señor Moisés Rodríguez está preocupado polo que dixen onte no debate. Non sei se non lle gustou a intervención do seu portavoz, que ten que emendala aquí, pero ratifícome plenamente en todo o que dixen. Ese proceso está pragado de irregularidades. E se non hai prevaricación —xa llo dixen onte—, está rozando o poste. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É tal cal, si. É que a vostedes collémolos nas patacas xa en moitas ocasións con este tema. E cando se deron conta de que as licenzas só amparaban unha parte das obras, presentaron un plan de infraestruturas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E o que lle dixen eu é que presentaron publicamente un proxecto que está condicionado pola modificación do plan xeral, e iso é un escándalo absoluto, iso é pasar por riba da lei. E tamén que o presidente da Xunta diga publicamente que xa Urbanismo está traballando para arranxar, para axilizar toda a tramitación dun proxecto que favorece intereses privados, que é un escándalo, que está pensado para que o Celta teña un novo estadio e que poida negociar con el, que poida vender o club e para que se poida facer unha grande superficie comercial. E nós non comulgamos con rodas de muíño.

O señor PRESIDENTE: Imos ao tren.

O señor BARÁ TORRES: Si, imos.

Aínda que temos que recoñecer que estamos conmovidas e conmovidos no BNG por esta súbita conversión que tivo o Partido Popular en defensa do ferrocarril. (*Aplausos.*) Isto é un propósito de emenda, unha rectificación, o que pasa é que é un propósito de emenda á totalidade, á totalidade de todo o que estiveron facendo ata agora mentres tiveron responsabilidades de goberno. ¿Ou cre que somos parvos aquí, que caemos dun quinto? É que vostedes son os máximos responsábeis da situación catastrófica da discriminación do ferrocarril en Galiza. E vostedes estiveron caladas e calados cando o Goberno do señor Rajoy aplicou aquilo que lle chamaron —como era— o plan de racionalización, que era un plan de aniquilación. Porque o principal problema non é que non haxa venda de billetes, o principal problema é que non hai trens, que non pasan trens polas estacións, que no Carballiño pasa un único servizo de ida e volta e en Ribadavia pasan dous. Entón, ¿de que estamos falando? Vostedes eliminaron os trens, o servizo dos trens, e agora éntralles a ansia por defender os billetes.



Pois parécenos ben, pero tarde piaron. Tiñan que facelo cando se eliminaron eses servizos nesas estacións.

Mire, supresión de vinte estacións, supresión de 1.776 paradas, de vinte e tres trens á semana entre A Coruña e Ferrol, de catorce entre A Coruña, Lugo e Monforte, de vinte e seis entre Ourense e Santiago, de catorce entre Vigo e Ourense. ¿Que fixeron vostedes daquela? Dígolle eu o que fixeron, porque daquela era portavoz do Partido Popular ¿sabe quen? Un señor que se chama Román Rodríguez. ¿E sabe o que dixo? Dixo que os recortes teñen toda a lóxica pola situación orzamentaria, pola demanda social e polo uso real do servizo. E dixo que o tren era unha competencia para as empresas, para as pequenas empresas de transporte público en Galiza. Esa era a filosofía, ese foi o discurso do Partido Popular no ano 2012 e 2013, cando o señor Rajoy laminou o tren de cercanías, o ferrocarril convencional en Galiza.

¿E que pasou? Pois que vostedes son submisos e servís e vostedes utilizan Galiza como moeda de cambio. E vostedes cando gobernan os seus en Madrid calan e cando gobernan outros parecen os partisanos aquí, só lles falta que poñan o himno *Bella ciao*. Pero vostedes tragan con todo iso. E vostedes, ademais, vetaron a creación do servizo de cercanías en Galiza. ¿Que me están contando? Primeiro aprobouse neste parlamento, despois vostedes licitaron un proxecto para crear o ente ferroviario galego e facer unha lei de ferrocarrís, e non foron capaces de conseguir esa transferencia, mentres que outras comunidades si a teñen e hai once comunidades neste país que teñen servizo ferroviario de cercanías.

Polo tanto, o primeiro que debían facer é saír aquí e pedir perdón e facer unha rectificación pública por todo o que destruíron, por todo o que desmantelaron e porque son vostedes os principais responsábeis, non os únicos, pero os principais responsábeis da discriminación e do agravio ferroviario con Galiza, que ten que ver con moitas máis cousas que a venda de billetes. Ten que ver tamén que temos un tren chu-chu —non se pode chamar doutra maneira— entre Lugo e A Coruña, entre Ferrol e A Coruña, entre Ferrol e Ribadeo; que temos os billetes máis caros; que temos escaseza de servizos; que temos trens que quedan no camiño, que se están avariando cada dous por tres.

E, desde logo, o BNG vai dar esa batalla en defensa do ferrocarril, como a estivo dando ata agora, gobernen uns ou gobernen outros, e por iso puxemos este tema nese acordo de investidura, que tanto o molesta a vostedes, que o deixou claro hoxe o presidente da Xunta, (*Aplausos.*) que non dormen pensando neste acordo, que é un acordo histórico e beneficioso para este país, e por iso lles amola, por iso lles amola. E se queren a copia en galego tamén a temos, se teñen problemas co castelán, porque agora —non sei— entroulles a ansia tamén por defender o galego. (*Murmurios.*)

Polo tanto, batalla política polo ferrocarril e, desde logo, imos apoiar esta iniciativa, pero tamén xa levamos moitas máis ca esta ao Parlamento do Estado e daremos a batalla na rúa, nas mobilizacións e tamén nas institucións para que este país teña un ferrocarril como se merece.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.



Grupo Común da Esquerda, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas e bo día ás visitas tamén.

Nós, evidentemente, imos apoiar esta iniciativa, xa existe un consenso a este respecto de cando no 2016 co Goberno de Mariano Rajoy tamén houbo a mesma ameaza e imos apoiála. Decía o señor Rodríguez que agarda que o señor Sánchez faga o mesmo que o señor Rajoy. Agardamos que se refira unicamente a isto, porque se se refire ás políticas ferroviarias en Galicia o que lle está dicindo é que quere que o señor Sánchez invista cero euros en novas actuacións ferroviarias en Galicia, que é o que fixo o Goberno de Mariano Rajoy. E esperamos que tampouco se refira ao financiamento irregular do Partido Popular. Porque antes nos chamou a atención o señor presidente, pero non o di o noso grupo, dino os xulgados e dino os corpos de seguridade do Estado, que o Partido Popular ten unha estrutura fraudulenta coa que se veu financiando irregularmente durante décadas. Iso dío a Xustiza e dino os corpos de seguridade do Estado, non o di o noso grupo. Polo tanto, agardamos que Sánchez non faga o mesmo que Mariano Rajoy.

Claro, benvidos ao discurso de defensa do ferrocarril, benvidos, agradecemos moito este discurso. ¿Que pasa? Que evidentemente non é crible, porque están vostedes facendo o mesmo co discurso tamén ecoloxista. Vostedes xa non negan o cambio climático, pero seguen facendo as mesmas actuacións. Vostedes aquí defenden o ferrocarril, pero a realidade da súa acción política é que foron vostedes os desmanteladores do ferrocarril. Decía vostede: todos presumimos de ser ecoloxistas. Claro, vostedes só presumen; hai que selo tamén, non só presumir.

Todos recordamos en 2016 o que fixo o Goberno da Xunta de Galicia. Todos recordamos como estivo agochada a señora conselleira dende o momento en que se anunciou o peche ata que se dixó que non se pechaban. Todos recordamos que a conselleira estivo agochada e non deu nin unha soa declaración e deron marcha atrás vostedes pola presión que se xerou nas comarcas afectadas, da mesma maneira que aconteceu en Marín ou en Verín, ou coa mina de Touro, co campo de golf de Baredo e que agardamos que ocorra tamén en Tameiga.

O único que está movendo o Partido Popular, evidentemente, nesta cuestión é o electoralismo, porque a realidade da preocupación polo servizo ferroviario nos di, os datos nos din que non os preocupa para nada manter un servizo ferroviario de calidade e que vostedes non apostan polo ferrocarril para vertebrar, para apostar polo dereito á mobilidade, para loitar contra o cambio climático. Non apostaron durante as últimas décadas, non cremos que vaian apostar vostedes agora e cremos que isto non é máis que unha iniciativa electoralista, que é o que fan vostedes: publicidade e propaganda.

Porque vostedes durante as últimas décadas o que fixeron no Goberno central foi reducir persoal público tanto en Adif como en Renfe, ata ter unha externalización de servizos paulatina, camiña cara á privatización e unha privatización que se está acelerando agora coa liberación xa das propias liñas. E esta é a situación do ferrocarril das últimas décadas,



desde o Goberno de Aznar, que puxo a funcionar este sistema, tanto en Adif como en Renfe, olvidando o servizo público, excepto para o AVE. O AVE si que non hai problema en que sexa deficitario, pero o tren convencional, o que serve para o 95 % da cidadanía, o que serve para desenvolver económica e socialmente o país, ese desmantelárono mentres vostedes gobernaron. E a situación que vostedes deixaron en Galicia despois deses anos de goberno, durante os anos de goberno de M. Rajoy, que foron os máis dramáticos para o ferrocarril en Galicia e os máis recentes, é que desmantelaron o servizo de proximidade, aportando un graniño máis de area para o exterminio do rural, anos nos que houbo investimento cero en novas actuacións en Galicia e que conseguimos dous tristes récords en Galicia en materia ferroviaria con M. Rajoy: o tren máis lento do Estado, non un dos máis lentos; durante o goberno de M. Rajoy conseguimos ter o tren máis lento do Estado, A Coruña-Ferrol, unha infraestrutura do século XIX, que circula entre 52 e 55 quilómetros por hora de media, nunha área fundamental para o desenvolvemento de Galicia. E conseguimos outro triste récord: Mariano Rajoy conseguiu outro triste récord para Galicia: a liña con máis incidencias de todo o Estado, a liña Ferrol-Ribadeo, que no 2017 tivo novecentas incidencias, case tres diarias, e ademais é unha liña que xa vostedes prometeron no 2003 no Plan Galicia que a ían arreglar; dende o 2003 agarda por vostedes. Temos Lugo cunha infraestrutura do século XIX. Ourense-Vigo necesita melloras, os portos sen conectar, a saída sur sen facer.

A nós parécenos moi ben que vostedes traian iniciativas do ferrocarril e que moi ben o seu discurso, e que agora defendan o tren convencional. Pero pareceríanos mellor que non fora electoralista, que fora sincero e que non foran vostedes os principais responsables do desmantelamento do ferrocarril en Galicia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Rodríguez Pérez, como vostede seguro que sabe e creo que todo o arco parlamentario, onte faleceu José Luis Cuerda, un magnífico guionista e director, responsable dunha das películas icónicas do cine español: *Amanece, que no es poco*. E nesa película hai unha frase memorable que di: *Dadnos, santos del cielo, una visión global bastante aproximada*. E isto é o que lles falta a vostedes, isto é o que lles falta a vostedes coa política do tren. Acaban de dicírllelo os voceiros que me precederon: benvidos á política de reivindicación dos servizos ferroviarios e do tren. Por certo, pola tarde teremos ocasión de falar máis extensamente sobre os investimentos en concreto da liña de alta velocidade Madrid-Galicia. Pero, como tamén lle acaban de recordar, parece moi ben que a Xunta de Galicia estea a facer agora un seguimento das incidencias que presenta o ferrocarril convencional cando, como lle acaba de dicir o señor Cal, que era un dato que tamén é notorio e coñecido, a liña de FEVE entre Ferrol e Ribadeo



tivo no ano 2017 novecentas incidencias, é dicir, máis de tres diarias. Daquela o seguimento parecía cando menos cuestionable, cando non directamente inexistente.

E demanda vostede —e demanda con criterio e con razón— a solución definitiva, que non solucións transitorias ou parches, se queremos dicilo dun xeito máis coloquial, e minusvalorando as solucións que se poidan dar.

E, ¡como non!, tiña que saír o acordo de investidura, porque deben vostedes ter unha consigna: que en cada intervención fagan algunha referencia ao acordo de investidura, que permite a existencia dun goberno progresista en España.

E di vostede que o tema de Adif e de Renfe parece un divorcio e parece vostede obviar —e a cuestión é que o obvia conscientemente, porque estou seguro de que o sabe perfectamente— que é unha cuestión de obrigado cumprimento legal pola normativa europea a necesaria separación entre o administrador de infraestruturas ferroviarias e, para entendernos, Renfe, que é a que pon os trens, que vai liberalizarse e ter outro tipo de servizos circulando polas vías. Polo tanto, ese divorcio é necesario, é cuestión de cumprimento legal.

E fáleme vostede na súa intervención de que somos variables e que somos veletas. Eu diría que vostedes son oscilantes. (*Aplausos.*) Non sei se é o mesmo termo, se significa o mesmo, pero, en todo caso, reflicte —creo que con bastante acerto— cal é a posición do Partido Popular. E que veña vostede falar e defender a cohesión social e a lexislatura do rural ten bastante graza, pero, ben, tamén debe formar parte doutro mantra de obrigada inclusión en calquera intervención.

E, evidentemente, nós xa defendemos e imos defender e seguir defendendo —porque iso é coherencia— e imos apoiar esta proposición non de lei, porque, efectivamente, é un problema que afecta estacións de tren con poucos viaxeiros e que, polo tanto, hai detrás evidentemente unha decisión empresarial. Pero a cuestión é que esa decisión empresarial ten á súa vez detrás unha empresa pública, e, como vostede di —pero tampouco é moi coherente co que vostedes practican—, os servizos públicos deben ser mantidos con independencia do seu custo, porque dan servizos á poboación. Fagan tamén o que din que fan e o que demandan.

Porque esta decisión, inxusta, é unha decisión que afecta oito estacións en Galicia pero que tamén afecta cento corenta en total en todo o Estado; non é un problema específico de Galicia, non é un agravio contra Galicia, como vostedes pretenden facer ver.

Como dixen, é unha situación que debe ser resolta. Tampouco creo que se deba minusvalorar calquera solución que se poida artellar ao redor de convenios, ben sexa con deputacións ou con concellos, para dar unha solución de apoio a esa necesaria venda de billetes presenciais, que tampouco require ao mellor necesariamente a presenza dunha persoa para que se leve a cabo de forma efectiva.

En todo caso, fíxome bastante graza a profusión de fotografías de deputados autonómicos e nacionais do Partido Popular nalgunha estación facéndose fotos diante das taquillas, que,



por certo, teño a convicción de que a algún deles tiveron que dicirlle onde estaba a estación, porque nin sabía ata onde tiña que ir. (*Aplausos.*)

En todo caso, e para rematar, señor Rodríguez Pérez, a deputada Noela Blanco trouxo unha pregunta á conselleira de Infraestruturas e Mobilidade sobre este mesmo asunto no ano 2017, evitando, como dicían, que seguira agochada e non dando a cara. Non teño tempo, pero podería vostede repasar o *Diario de Sesións* do 25 de xaneiro de 2017 para comprobar que a conselleira naquel momento defendía, entre outras, solucións que neste momento a vostedes lles parecen unha barbaridade, e iso si que é oscilación no criterio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Bará, non quero empezar sempre por vostede, pero as cousas non se solucionan nas rúas, soluciónanse nos despachos e traballando, (*Murmurios.*) e nos parlamentos; nas rúas fanse outras cousas, pero as cousas non se solucionan na rúa.

Pero ben, vou empezar porque hai pouco tempo para a réplica. Dicir que imos rexeitar as emendas, non porque non esteamos de acordo con elas, senón porque esta é unha proposición non de lei clara pola que só pretendemos —que non é pouco— aprobar o tema da venda presencial de billetes; hai outras cousas en que hai consenso nesta cámara, hai outros puntos que xa se aprobaron, que se seguirán aprobando, pero o obxectivo desta PNL é moi concreto e non queremos desviar a atención para outro lado.

Quero agradecer e teño que recoñecer a súa coherencia, eu fixen a pregunta, eu recoñéceo e, efectivamente, a señora Noela Blanco, o señor Cal, o señor Bará, eu teño o *Diario de Sesións* e si que o lin. Agradecer aos grupos da oposición esta iniciativa e este grupo parlamentario, e agora, co consenso que parece que vai haber dende o Parlamento, imos exixir de todas as maneiras posibles a permanencia da venda presencial de billetes nas estacións de tren. Non podemos permitir que este goberno faga estacións de tren pantasma. Moitas estacións de Galicia son auténticas xoias arquitectónicas, que poden ter outros usos tamén, como o cultural, poden ser utilizadas para outras cousas, pero non podemos desmantelar, temos que potenciar. Estamos convencidos de que o ministro do ramo é máis de aeroportos que de estacións de tren. Todos sabemos, dende que Ábalos foi a Barajas, todos os días saía na tele, que veñen drones, que un avión non pode despegar, que ten que dar a volta. Parece increíble como matizaron os grupos da oposición as súas intervencións; podía dicir mascotas domesticadas, pero non o vou dicir, ou anestesiadas, ou amansadas. Pero no ano 2017 conseguimos que o Goberno español, dirixido non por M. Rajoy, como di o señor Cal, por Mariano Rajoy —non é tan difícil—, escoitase e tomase consideración das demandas dos galegos e das ga-



legas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esperemos que no ano 2020 suceda o mesmo. O triste é escoitar os seus silencios, que fan moito ruído, unha oposición anestesiada ou comprada con carteiras de todo aquilo que veña de Madrid. Agora para os do BNG todo está ben, calados. Vostedes son responsables de darlle o goberno. En Marea, Grupo Común da Esquerda, Socialistas, no banco dos caladiños, para non cabrear o seu xefe. ¿O señor Caballero? Ausente. *(Murmurios.)* Un consello: Galicia é máis importante que o Partido Socialista. Demandamos solucións, queremos que a Xunta inste o Goberno do Estado a ofrecer solucións.

Por último —e remato, presidente—, lembrarlle ao Grupo Socialista, Podemos, Mareas e BNG e todo iso que se xunta, todos os que fixeron posible a investidura do señor Sánchez, que paguen, que paguen os 370 millóns que nos adeudan do IVE dos galegos, para evitar dicir que temos un goberno *pufero* con Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para retomar o proxecto de construción do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, en Lugo

O señor PRESIDENTE: Non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Teño que confesar que é absolutamente esgotador, pero tamén desolador, ter que traer a este pleno, un ano tras outro, unha lexislatura tras outra, os mesmos temas. *(Aplausos.)* E neste caso é certo. Eu, que levo aquí tempo, sempre me recordo nesta tribuna falando de temas aínda sen arranxar. En Lugo, por suposto, poderíamos falar da ronda leste, do Plan Paradai, do que falaremos, pero neste caso imos falar da infraestrutura cultural do Museo da Romanización de Galicia, porque non é o Museo da Romanización de Lugo, é o Museo da Romanización para toda Galicia, unha promesa feita polo Partido Popular dende o ano 2000.

O señor Rodríguez falaba agora —non sei— de vasalos, pero ¿como se pode dicir iso fronte a un goberno que leva un ano e pouco, cando un goberno que leva máis de dez anos neste país non cumpre a maior parte das súas promesas? *(Aplausos.)* Pero ¿que tipo de credibilidade é esa? ¿Como se pode falar dos demais cando se ten detrás unha historia de incumprimento político desta magnitude? Porque non soamente é Lugo, que Lugo tamén, senón moitas cidades. Esa é a credibilidade que manifesta o Partido Popular e esa é a credibilidade que ten e que verán e que xa están vendo os veciños fronte ao seu labor político.



Pero, en fin, facemos un pouquiño de historia para poñernos en antecedentes do que estou dicindo, os anos que levamos con esta situación. No ano 2001 o Goberno do presidente Fraga presentaba a Rede galega do patrimonio arqueolóxico, onde unha das infraestruturas era o Museo da Romanización de Galicia, en Lugo; 2001. O Goberno do presidente Touriño foi o que impulsou realmente este proxecto, decidindo que se ubicase no cuartel de San Fernando, un cuartel do século XVIII, mercado polo Concello de Lugo, por 2,4 millóns, pagados por todos os lucenses, para facer unha infraestrutura cultural.

En 2008 firmouse un protocolo entre a Xunta e o Concello de Lugo polo que este sería o cuartel e a Xunta facía o museo. Parece que para este goberno do Partido Popular o que din os gobernos anteriores e os compromisos non valen. Isto non é unha maneira seria de levar a cabo a política.

O presidente Feijóo prometeu en múltiples ocasións que ía facer esta infraestrutura. É máis, este parlamento votou unanimemente a favor no ano 2009 de facelo por unha iniciativa do Grupo Socialista, e votaron todos, tamén votedes, que ían facer esa infraestrutura. É máis, no ano 2010 fíxose un concurso de ideas para o proxecto de rehabilitación do cuartel de San Fernando e o proxecto licitouse e rematouse no ano 2012; catrocentos mil euros por certo, que dixeron vostedes que investirán en todo este proxecto, catrocentos mil euros, que agora xa non serven, neste —non sei— aforro que queren facer vostedes, isto xa non serve. Fixeron ese proxecto rematado no 2012.

Nese momento empezaron a dicir que había, que ían ter —non fixeron nada—, que a situación económica, que había que esperar, que un pouco máis alá, que dentro de poucos anos... Ben, nós confiamos, confiamos niso, porque parecía unha resposta debida a que en certa medida había problemas económicos; confiamos nós, confiaron os cidadáns de Lugo, pero comprenderán que xa non poden confiar máis.

En todo este proceso a Xunta de Galicia seguía dicindo que ía facer e seguía prometendo que ía facer, e seguía dicindo que ía respectar o seu compromiso, pero no mes de decembro do ano 2019 o conselleiro de Cultura presentou en Lugo ante os medios de comunicación o que chamou un proxecto integral para o impulso cultural de Lugo.

Reparen nunha cousa, señorías. Este proxecto, que agora vou comentar, refírese a dous edificios propiedade do Concello de Lugo, os dous propiedade do Concello de Lugo. ¿Onde presenta este proxecto o conselleiro? Ante os medios de comunicación. ¿Falou con anterioridade coa alcaldesa? Non. ¿Falou con anterioridade coa corporación menos co Partido Popular? Non. ¿A vostedes parécelles que un político democrático, que un gobernante democrático pode ter estas faltas de respecto, (*Aplausos.*) estas faltas de lealdade institucional ante unha alcaldesa dunha corporación elixida polos cidadáns? Ou sexa, ademais diso, o despotismo ilustrado; aquí todo o facemos, o dicimos nós, fronte á xestión de dous edificios do concello.

Como saben vostedes, o chamado proxecto integral significaba converter o cuartel de San Fernando nun parador-museo, algo absolutamente inexistente, inventado agora, que tería un custo de 10,8 millóns, e montar no Museo Interactivo da Historia de Lugo o que pensamos



que serán unhas cantas vitrinas con restos, porque non dá esta infraestrutura para outra cousa; unha ocorrencia para disimular a falta de compromiso da Xunta de Galicia.

Iso si, con todos, con tantos falou o PP que falou con todo o mundo; iso si, esquecéronse de falar co presidente de Paradores de Galicia e esquecéronse tamén de falar co responsable do Ministerio de Industria e Comercio. Porque aquí imos facer un parador, pero o que ten que facelo e quen ten que admitilo, que é Paradores de Turismo, non sabe nada disto. É dicir, imos facelo, é o grande impulso de Lugo, pero, ¡ah!, ¿e se para Paradores non entra dentro do seu proxecto facer isto? E preguntome eu, como se pregunta todo Lugo: se era tan importante o parador, se vai traer tanto impulso cultural, económico, ¿por que non o pediron cando Rajoy gobernaba?, ¿por que non pediron isto no Goberno do PP?, ¿por que esperaron a que chegara un goberno do Partido Socialista para pedir este parador, que nos vai salvar, por certo, de todos os problemas? É dicir, hai que ter un pouco máis polo menos de seriedade e non tomar por tontos a nós e a todos os cidadáns.

Ou sexa, que todo isto, este proxecto significa, por certo —quero dicirlllo tamén—, que o tipo de museo que está pensando a Xunta de Galicia é absolutamente distinto ao que tiñamos en mente todos e ao que estaba planificado e ao que ten que ser un museo de verdade. Porque aquí creo que imos poñer unhas cantas vitrinas no parador, este presunto parador, e imos poñer unhas cantas vitrinas no Museo Interactivo, porque non hai. Pero ¿onde están os almacéns, os laboratorios, as unidades de catalogación, de conservación?, ¿onde está a investigación? ¡Ah!, en ningún sitio. Vostedes, aquí, unhas cantas vitrinas e que calen estes, e xa está.

Claro, con todo isto, comprenderán, señorías, que ninguén de Lugo está a favor desta idea, ninguén. De feito, formalizouse unha plataforma cidadá en defensa do Museo da Romanización no cuartel de San Fernando, unha plataforma denominada Muro, constituída por cento vinte colectivos, cento vinte colectivos, entre eles cincuenta e tres grupos culturais da provincia, colectivos como a Federación de Comercio de Lugo, a Federación de Veciños, a CEL, Lugo Centrum, Achádego, Lugo Monumental... Eu non sei como pensan que van levar isto adiante. É máis, a situación é tal que xa leva a ironía e un pouco a chanza. Seguramente leron nun medio de comunicación local como un periodista nun artigo de opinión dicía que o señor Balseiro —que está tendo unha actividade frenética, ¿verdade?, a min preocúpame a súa saúde, porque é frenética, e, ademais, co que lle gustan os museos, que din que nos sobran os museos— (*Aplausos.*) —está en castelán— «*se está reuniendo con todo cuanto grupo, asociación, pareja artística o charanga está dispuesta a escuchar las bondades de construir en el viejo cuartel un parador en lugar de un museo. Hay quien teme que, una vez agotados estos interlocutores, comience a visitar a los lucenses uno a uno.*» E di: «*para mí que le va a dar lo mismo, porque, si no lleva a un directivo de Paradores, poco se puede hacer.*» E é certo, porque isto non o acepta ninguén e todo o mundo o tomou como unha saída, un intento de saída e de abrir debate; o debate abrírono e puxeron a todo o mundo de acordo en que o museo tiña que estar no cuartel de San Fernando, tal como prometeron, unha e outra vez, dende o ano 2001.

Señores e señoras do Partido Popular —e remato, que se me termina o tempo—, aquí non se está xogando soamente o Museo da Romanización de Galicia, aquí estase xogando a súa credibilidade política, que está en momentos moi baixos. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Candedo.

A señora CANDEDO GUNTURIZ: Bo día, señorías.

Imos apoiar esta proposta non de lei, por varios motivos. En primeiro lugar, porque hai un consenso básico respecto da ubicación do Museo da Romanización no cuartel de San Fernando, un consenso cidadán importante desde hai ademais un tempo xa dilatado.

En segundo lugar, non entendemos e non é de recibo rachar unilateralmente ese consenso por parte do Partido Popular propoñendo esa inédita modalidade de parador-museo e mesmo faltando a ese elemental principio de lealdade institucional sobre os acordos acadados tanto nesta cámara como co Concello de Lugo a este respecto.

En terceiro lugar, coincidimos na idea de que o Museo da Romanización, sendo moi importante para a cidade de Lugo, soborda o interese da propia cidade e teno para o conxunto do país, para que a sociedade galega coñeza unha parte ben importante da súa historia.

E, en cuarto lugar, concordamos en que a definición deste proxecto debe impulsar o crecemento cultural, turístico e económico. Entendemos que no cultural vai tamén o educativo; sería un equipamento nunha infraestrutura desde logo moi interesante para a súa utilización didáctica cos escolares do país.

E, finalmente, desde o noso punto de vista, este proxecto e o seu desenvolvemento deberían levar a unha profunda reflexión sobre o papel dos museos en xeral, que pronto tamén teremos ocasión de abordar.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candedo.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo a todas e a todos.

Desde o BNG imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe o PSdeG sobre o Museo da Romanización ou o museo galaico-romano, efectivamente, porque é un proxecto necesario, como xa dicía a señora Burgo, para a recuperación do cuartel de San Fernando, que foi declarado ben de interese cultural no ano 2009 e, ademais, entre outras cuestións, é unha extraordinaria mostra da arquitectura neoclásica que mantén —tamén hai que dicilo: non sen dificultades— esa estrutura orixinal, que data, como se dicía, do século XVIII.

É un proxecto necesario para recuperar o cuartel de San Fernando, pero é tamén un proxecto necesario como lugar de estudo, de investigación, de interpretación e de divulgación da his-



toria do noso país. E eu creo que ninguén nesta cámara poderá negar o papel que xoga Lugo nese proceso de romanización que sufriu Galiza, e proba diso, na cidade de Lugo, é a propia muralla, patrimonio da humanidade, pero tamén os innumerables restos arqueolóxicos que se atopan aínda hoxe cada día en Lugo.

Hai que lembrar, ademais, que actualmente hai milleiros, milleiros de restos arqueolóxicos que están espaxados e gardados en caixas por lugares absolutamente distintos e diversos, non só da cidade senón da propia provincia. Hai restos arqueolóxicos nun saturadísimo Museo do Castro de Viladonga, hai moitísimos restos arqueolóxicos que están metidos en caixas, en rochos, en dependencias municipais como o vello cárcere ou outros en baixos alugados pola propia Xunta de Galiza, porque non hai onde metelos. Falamos de pezas dos séculos entre o I e o V, e os arqueólogos e arqueólogas levan anos reclamando ese museo galaico-romano para depositar e expor estes restos pero sobre todo tamén para poder estudalos. Porque un museo non é un contedor, é un espazo de coñecemento e de estudo que, ademais, é visitable. E hai un consenso —efectivamente, xa se dicía aquí— social e político na cidade de Lugo arredor da construción ou da creación do museo galaico-romano, un consenso no que agora é o Partido Popular o que se bota fóra.

A señora Burgo falaba na súa intervención e tamén na exposición de motivos de deslealdade institucional. Nós engadiríamos que é o enésimo bandazo e a enésima ocorrencia do Partido Popular, e moi especialmente da Consellería de Cultura; un parador sacan agora da manga, despois, como a propia señora Burgo dicía, do esforzo e do diñeiro de todas as galegas e galegos que custou recuperar ese cuartel de San Fernando e que pasase ao concello.

Agora a Xunta de Galiza decide entregar a súa xestión ou pretende entregar a súa xestión a Paradores, ao Estado. A vostedes este país —eu dígollelo francamente— quedálles grande, porque non é só que en dez anos non trouxeran para este país nin unha soa competencia nova, é que regalan as poucas competencias políticas coas que conta este país. E, como lles debía parecer pouco, efectivamente, sacan da manga levar para o pazo de dona Urraca, para o barrio da Tinería, unha sede do CGAC, que, efectivamente, sen falar absolutamente con ninguén, nin co concello, nin con Paradores, nin coa dirección do CGAC e eu creo que nin sequera co Grupo Municipal do Partido Popular, señora Burgo; eu creo que nin sequera falan vostedes co Grupo Municipal do Partido Popular; vostedes chegan a Lugo en modo paracaidista total e lanzan o primeiro que se lles vén á cabeza.

Sinceramente, insisto en que lles queda moi grande a cidade de Lugo e tamén este país. Porque o único obxectivo que ten o Partido Popular con todo isto é enredar. O único obxectivo que ten o PP é enredar, porque non pensan facer nada, non pensan facer absolutamente nada. Nos orzamentos, simplemente a modo de exemplo, da Xunta de Galicia, da Consellería de Cultura para o ano 2020, non vai nin un só euro para o cuartel de San Fernando. Pero é que, ademais, votaron en contra polo menos da emenda do BNG que propuña investir dous millóns de euros para iniciar a rehabilitación dese cuartel de San Fernando. Vostedes non orzan nese cuartel nin un só euro. O único que buscan é enredar e dar que falar, enredar e dar que falar e meter algo de baza no debate político municipal en Lugo, porque non pintan nada. Non hai proxecto, (*Aplausos.*) non hai propostas, non hai absolutamente nada. E pouco aprecio —tamén lles digo—, pouco aprecio parecen terlle vostedes ao señor Carballo, que,



por se hai algunha persoa despistada, é o portavoz municipal do Partido Popular en Lugo. Tanto nos ten —tamén llelo digo—, que non imos meternos nós aquí agora nos líos internos do Partido Popular en Lugo, na cidade e na provincia. Falaba do señor Balseiro a señora Burgo. Eu creo que era o único que estaba enterado de todo, de todo isto, porque Balseiro, onde non chega, manda recado.

En Lugo —con isto remato— non estamos de verdade para perder o tempo nin estamos para os enredos do Partido Popular. Deixen de enredar...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...déixense de ocorrencias e cumpran cos compromisos que ten a Xunta, a comezar por este Museo da Romanización.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Común da Esquerda, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día a todas e a todos.

Nós imos apoiar esta proposición non de lei do Partido Socialista de Galicia. E, como ben dixo a señora Burgo, temos que facer un pouquiño de memoria. Dende logo lembrar que houbo unha visión espectacular dun conselleiro de Cultura, Pérez Varela, que no seu momento dixo: vai vir todo o mundo a vernos. Isto promete, ¿verdade? Isto parece que, se a premonición se cumprise, non estaría mal. E ¿por que dixo tal? Porque ían crear a Rede de patrimonio arqueolóxico de Galiza.

Vinte anos non é como dicía o tango, son anos, e pasaron moitas cousas. É inevitable falar desta rede. ¿Que perseguía aquel proxecto xa no 2001? Pois perseguía, cun investimento daquela de dezaioito millóns de euros, dous obxectivos: recuperar a memoria e potenciar a oferta turística. ¿Cal era a excelente idea —que non era mala—? Crear catro grandes parques. En Ourense, un parque consagrado á cultura castrexa, San Cibrao de Las; en Pontevedra, a arte rupestre, Campo Lameiro, inaugurado, iso si, en 2011; na Coruña, o megalitismo, supostamente na zona da Costa da Morte; e en Lugo, o Museo da Romanización, no edificio histórico de San Fernando, obxecto de tirapuxa política ata hoxe. Ben, non se sabía moi ben de que rede se trataba nin se sabía como ía funcionar, nin que relación tería con outros centros; máis que rede, transformouse en maraña.

E cómpre dicir, por poñer un exemplo, que no caso de Campo Lameiro, que nós propuxemos aquí e o PP rexeitou a proposta, que podía ser patrimonio da humanidade, cun fenómeno recorrente, Campo Lameiro, ao que o señor presidente Feijóo dixo que era o Pórtico da Gloria da arte rupestre, foi esnaquizado porque pasou maquinaria enriba duns petróglifos. Isto é recorrente, pasa moitas veces, pero non pasa nada, temos tanto patrimonio que parece dar igual.



Ben, ¿cal era a empresa? A empresa era Espiral Xestión Cultural. ¿De quen era esta empresa? Do alcalde de Campo Lameiro e do seu fillo, alcalde ata hai uns meses, trinta e seis anos alcalde do PP. Este é o premio de esnaquizar petróglifos e que pasou a xestionar tamén o parque-castro de San Cibrao de Las.

Ben, hai que dicir que a política nefasta do Partido Popular en cuestión de arqueoloxía vainos pasar factura durante moitos anos, é absolutamente vergoñento. A reforma do vello cuartel estaba prevista para o ano 2011, e ata se chegou a dicir que había dez millóns para facer esta reforma. Houbo mesmo un proxecto arquitectónico, no ano 2013 adiouse, ata que veñan tempos mellores a nivel económico —díxose—, vale. Chegamos ata hoxe. Agora ben, ¿agora que pasa? Que non queren facer o prometido museo.

O señor conselleiro do Xacobeo —con maiúsculas—, do Santo Negocio —con maiúsculas— e da cultura —con minúsculas— di: preferimos que en San Fernando haxa un parador. Ben, isto non ten nin pés nin cabeza. Os paradores naceron, si, xa no ano 1928, floreceron con Fraga como fungos, pero a verdade é que teñen problemas estruturais, débedas, expedientes de regulación, xestións, ¡vamos!, houbo un ERE no que despediron trescentas cincuenta persoas, unha xestión fatal. Ben, a previsión é que o resultado destas explotacións dos paradores se reduza para 2020 nun 44,7 %. Neste contexto descrito non é razoable a proposta da consellería.

Ben, falaron os expertos, falou a cidadanía, falaron moitos políticos. O lóxico é que o Museo da Romanización se faga no cuartel de San Fernando. Dende logo, Juan Palomo está sendo o noso conselleiro...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA:... *yo me lo guiso, yo me lo como*, e así nos vai ir.

Dende logo, non nos sorprende, pero, en fin, é unha testemuña máis de que os maiores responsables...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña. Moitas grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...de protexer o noso patrimonio están opoñéndose a iso.

Grazas a vostede. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Popular de Galicia, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Hai unhas semanas, en decembro, como dicía aquí a señora Burgo, coñecemos un proxecto ambicioso que presentou o conselleiro de Cultura en Lugo, un proxecto integral, promovido



polo Goberno galego, que inclúe nel a rehabilitación de bens senlleiros como son o cuartel de San Fernando, o pazo de dona Urraca e a casa-torre, para dotalos de novos usos. Ademais, o proxecto prevé a dinamización económica da cidade, cun parador-museo que xeraría emprego e un impacto estimado no primeiro ano de 1,6 millóns de euros. Neste proxecto, a Xunta aposta pola creación dunha proposta museográfica que porá en valor o legado da romanización a través da xestión integrada de varios centros que na actualidade están infrautilizados.

E a Xunta de Galicia aposta pola creación do novo Museo da Romanización en Lugo, nunca se renunciou a isto. Pero o que se pretende aquí é un museo en rede para poñer en valor o legado do rico patrimonio arquitectónico e arqueolóxico que temos na cidade e que vai permitir, ademais, recuperar unha infraestrutura infrautilizada. E estou a falar do Museo Interactivo da Historia de Lugo, que todos coñecemos. Máis de dez millóns de euros se investiron aí para unha media de catorce visitantes ao día. E isto podería funcionar integrado coa área musealizada, se finalmente se consolida esta opción, e ademais poderíase vincular a outros elementos de pegada romana, como son Santa Eulalia de Bóveda, a Domus de Mitreo ou mesmo o castro de Viladonga.

Señora Burgo e señora Rodil, vostedes son socios no goberno, en moitos, e en Lugo tamén, e, claro, eu non vou falar aquí de enredos, porque diso vostedes saben moito. Este é un proxecto integral, presentado pola Consellería de Cultura e Turismo e ademais avalado por un estudo técnico que acredita que é unha opción moi vantaxosa para a cidade, que vai favorecer o turismo internacional, que vai rehabilitar o barrio da Tinería, creando por primeira vez fóra de Santiago o Centro Galego de Arte Contemporánea no pazo de dona Urraca, e a casa-torre, que vai acoller, ademais da oficina de turismo da Xunta, a Asociación de Empresarios de Hostalaría. Claro que vostedes están noutra cousa. Deixen de embarrar, non confundan os lucenses, e miren, a verdade é que o que quere facer a Xunta é abrir un espazo pechado e abandonado polo concello, porque estamos a falar dun edificio que é titularidade do concello, no que non poñen nin cristais nas ventás.

Mire, o que preocupa a esta alcaldesa, que, por certo, díxose que a elixiron os gobernos, non, isto é un pacto de perdedores nas dúas lexislaturas, claro, un pacto co BNG, e o que gañou as eleccións foi sempre o Partido Popular. O que pasa é que vostedes, ben...

Mire, en dez anos as necesidades mudan, non se pode instalar un no inmovilismo. Lugo hoxe ten tres patrimonios da humanidade, necesita traer turismo cultural. E mire, onte mesmo presentáronse na cidade os datos de turismo de 2019. Lugo pulveriza todos os datos turísticos, é a provincia galega que máis crece, cun número de viaxeiros que crece nun 13 %, pero, ¡oh, casualidade!, Lugo cidade diferénciase da provincia. Mentres que en pernoctación en Lugo cidade medra un 7 %, na provincia medra un 12 %, nove puntos por encima a provincia que a cidade; algo pasa na cidade. A iniciativa para o impulso do turismo cultural liderada pola Xunta busca corrixir estas irregularidades, conseguir que todos os que visitan Lugo cidade queden a pernoctar.

Eu espero que na súa segunda intervención nos aclare por que Lugo non pode ter —non está a señora Burgo— un Museo da Romanización e tamén un parador de turismo. Se temos un



proxecto e unha administración que o apoia, se podemos ter as dúas cousas, ¿por que renunciar a unha delas? Avancemos e permitamos que a cidade medre. Pero, desde logo, en Lugo hai anos que isto non é posible, porque mire, o único que fan os socialistas é poñer paus ás rodas. E vostede sábeo perfectamente porque estivo alí, foi responsable de cultura no Museo de Lugo, sabe perfectamente que despois desa inversión faraónica, que se fixo no 2000, ese grande edificio, por certo, está baleiro de contido e, por suposto, carente de xestión. Nada novo, señora Burgo. Xestión na cidade de Lugo, presuposto na rede museística dos museos excelentes que temos na cidade, cero patatero, señora Burgo.

Se é a residencia, todos son pegas; se é o auditorio, poñen máis pegas; todo o que fai a Xunta en Lugo está mal, segundo o desgoverno do Partido Socialista, que ten secuestrado o concello desde hai máis de vinte anos. ¡Cambien de actitude! É verdade, os lucenses vánllelo agradecer.

Mire, o señor Balseiro, do que vostede se preocupa pola súa saúde, goza de boa saúde. O señor Balseiro é un señor que traballa e está en Lugo e na provincia, en todos os sitios que pode estar. Eu vou acabar invitándoos a que veñan á mesa redonda...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...promovida polo señor Balseiro —termino xa— sobre o proxecto para o impulso do turismo cultural na cidade de Lugo, parador ou museo, ou parador máis museo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: O próximo sábado 8 de febreiro esperámoslos alí.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Invitación por invitación, señora Amigo: invítoa a ir á manifestación do día 9 (*Aplausos.*) e xa verá que é igual, que sería a súa presenza moi benvida.

Mire, señor Amiga, Amigo —perdón, pero amiga tamén, ¡eh!—, señora Amigo, os lucenses non están confundidos, en absoluto, os lucenses teñen moi claro —e acabo de dicirlllo agora, con cento vinte asociacións mínimo, porque están aumentando— que queren o Museo da Romanización no cuartel de San Fernando.

Mire, vostedes non me parecen os máis adecuados para ir criticando a ninguén por un museo, o MIHL, sobre o que, por certo, os seus datos non son certos. Pero, señora Amigo,



¿que me diría vostede do Gaiás? ¿Que ten que dicir da Cidade da Cultura cando fala vostede desa maneira tan chea de razón sobre o MIHL? ¿Nada? Son vostedes, mire por onde, os máis adecuados para falar dun museo.

Señora Amigo, o que quere todo Lugo, o que quería tamén o PP, o PP do Concello, que votou en innumerables ocasións, era o museo no cuartel de San Fernando. Agora —ten razón a señora Rodil—, por orde, simplemente por orde, simplemente ordenaron que vostedes dixeran que non, que xa non o querían. Pero sabe vostede que votaron —ademais, votaron igual que aquí— a favor dese museo. Non me diga nada de redes, as redes pódense facer con calquera museo, o Museo da Romanización no cuartel pode entrar en rede con Santa Eulalia, con quen sexa necesario; o problema é que non podemos ter un museo que parece que vostedes queren, que son catro vitrinas nun pasillo dun parador, e catro vitrinas nunha infraestrutura que non é o adecuado para este tipo. Se vostedes queren dar algo ao MIHL, déanlle a sede do Centro de Arte Contemporánea, onde si ten unha ubicación importante.

E, señora Amigo, levan vostedes dez anos de atraso, dez anos para rehabilitar o pazo de dona Urraca e a casa-torre, que tamén o pedimos aquí en múltiples ocasións. Por favor, non se pode soste nada do que vostede di, son mentiras, unha mentira tras outra.

Cumpran co que prometeron e co que se necesita, e dino os medios económicos, as asociacións sociais, culturais, todos os partidos políticos. Cumpran e instalen o Museo da Romanización, que ten que ser un museo tamén de investigación, de conservación, de difusión, non as catro vitrinas; non vendan cousas que non son.

E non me contestou a unha cousa: ¿por que o parador é tan necesario agora e non era necesario cando gobernaba o señor Rajoy? E unha segunda pregunta: ¿teñen vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...a promesa ou a aceptación de Paradores de Turismo para facer un parador en Lugo? Están vendendo fume...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: ...están enredando, (*Aplausos.*) como sempre e, sobre todo, están aproveitando para atacar un goberno. Están intentando dicirle a un goberno lexítimo que ten que facer coas súas infraestruturas.

E, por certo, isto de Goberno de perdedores, vaia vostede e dígallo ao presidente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: ...de Andalucía. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte proposición non de lei. Como saben, a 5.6 foi retirada polo grupo proponente, e pasamos á 5.7.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais de pertenza

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado e voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, número 61815 (10/PNP-004598).

Emenda de modificación.

Débase substituír no punto 2.a) da parte resolutiva o seguinte texto:

Onde di: «... para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento dos sentimentos nacionais de pertenza.»

Debe dicir: «... para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento do seu carácter plurinacional.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: O pasado 3 de xaneiro foi un día histórico para este país, foi un día no que este país deu un paso adiante, foi un día, desde logo, beneficioso para Galiza, e iso deixou descolocado o Partido Popular; e aínda non lles pasou o cabreo; veuse claramente hoxe, de novo, coa intervención do señor presidente da Xunta. Quedaron noqueados, en situación de KO, durante varios días, e nós pensamos que ese é un bo termómetro da importancia que ten este acordo. A reacción do Partido Popular demostra que foi un moi bo acordo, e temos que dicirlle de todas maneiras que isto só é un punto de partida. Desde logo, nós non nos conformamos con este acordo, a lexislatura só acaba de comezar a agardamos que haxa moitos máis froitos e novas negociacións no futuro que nos permitan seguir defendendo os intereses de Galiza, que para iso está o BNG en Madrid, non para calar, como fixeron durante todos estes anos os deputados e as deputadas do Partido Popular.

Este acordo foi, en primeiro lugar, un exercicio de responsabilidade, porque serviu para desbloquear unha situación de parálise institucional, de parálise política e de Goberno en funcións, e —tamén hai que dicilo— serviu como dique de contención para as dereitas, que querían gobernar este país.



Foi un acordo, ademais, que se fixo desde a diferenza política, non foi un cheque en branco. Desde logo, temos profundas diferenzas no programa e no acordo asinado polo Partido Socialista e por Unidas–Podemos, pero, desde logo, imos ser unha oposición exixente, e penso que xa o estamos demostrando.

Este acordo serviu para poñer Galiza no mapa político do Estado e para conseguir dúas cousas: empezar a acabar coa discriminación que sufriu o noso país nos últimos anos e tamén para rematar con algo que aínda é máis importante que a discriminación, que é a irrelevancia política á que nos levaron, precisamente, os gobernos do Estado, pero tamén o silencio cómplice do Partido Popular, gobernante en Galiza. E, polo tanto, deixou —iso é o que os amola— en evidencia a irrelevancia e a submisión do señor Feixóo a Madrid.

E tamén quedou claro neste acordo que o BNG puxo por diante os intereses do noso país e fixo un acordo en defensa da maioría social; están aí os puntos do acordo. O señor Feixóo parece que non se enterou aínda, debe ser que non le a prensa, pero non viu que a prensa, precisamente, publicou enquisas onde unha maioría social valoraba moi positivamente este acordo. Así que lean un pouco máis os xornais, señoras e señores do Partido Popular. Pero claro, amola moito que un só deputado do BNG fíxese máis que todos os deputados do Partido Popular e que un só deputado do BNG conseguise máis do nada que conseguiu o señor Feixóo en dez anos de submisión, (*Murmurios.*) dez anos de submisión a Madrid (*Aplausos.*), a Madrid, a Madrid, a Moncloa ou a Xénova, depende de quen estea no Goberno. Se está no Goberno o Partido Popular, submisión a Moncloa, e se está o Partido Socialista, submisión a Xénova. E vostedes quérénnos traer aquí a axenda do Partido Popular de Xénova.

Este acordo abriu as portas a grandes avances en materias moi importantes. En materia de autogoberno, quérémoslles preguntar se vostedes queren máis autogoberno para este país, en materia de recoñecemento dun novo status político para Galiza —que tamén lles preguntamos—, se queren ou non. Na mellora das infraestruturas, ¿queren vostedes a transferencia da AP-9 ou non?, ¿queren vostedes unha rebaixa substancial das peaxes da AP-9 ou non?, moito máis alta da que vostedes propuxeron, por certo. ¿Queren mellorar o ferrocarril? ¿Queren sanear as rías? ¿Queren que haxa políticas de apoio e impulso ao sector industrial? ¿Queren ir reducindo progresivamente as taxas de reposición? ¿Queren que os emigrantes retornados tributen dunha maneira xusta? ¿Queren todo isto? ¿Queren que se impulse a Lei de violencia de xénero?, ¿que se modifique?, ¿que se creen xulgados de violencia nas cidades? ¿Queren ou non queren todo isto? ¿Queren, en fin, compensar na tarifa eléctrica as comunidades excedentarias? ¿Queren compensacións territoriais para a industria electrointensiva? Todo isto e moitas máis cousas están nun acordo que ten un gran valor material e tamén simbólico, tamén simbólico.

E o presidente da Xunta di que son sentimentos, os sentimentos de pertenza, que os sentimentos non importan. Pois mire, polos sentimentos de pertenza está o señor Feixóo de presidente da Xunta, (*Aplausos.*) polos sentimentos de pertenza, polos sentimentos nacionais de pertenza, existe o autogoberno e polos sentimentos nacionais de pertenza houbo un estatuto e houbo persoas como Castelao e Bóveda que pagaron moi duramente defender eses ideais e eses sentimentos de pertenza. Polo tanto, un pouco de respecto, señoras e señores do Partido Popular e señor Feixóo, aos sentimentos de pertenza. E, desde logo, non nos vai



dar aquí leccións de democracia un partido —e o seu presidente— que ten ese pasado e que está corroído pola corrupción. Ao BNG non lle vai dar ningunha lección de democracia o Partido Popular. (*Aplausos.*) (*Protestas.*)

Este acordo ten moitos aspectos que xa citei, e hai dous que quero destacar hoxe. O primeiro ten que ver con superar este marco político, este status, con avanzar na reforma da estrutura do Estado, precisamente para recoller, para recoñecer, eses sentimentos nacionais de pertenza, que, en definitiva, é recoñecer o carácter plurinacional do Estado que indirectamente recoñece a propia Constitución cando fala de maneira eufemística de nacionalidades históricas, e que Galiza teña o mesmo status político que teñen ou que poidan ter outras comunidades históricas, outras nacións como Cataluña e Euskadi. Non sei se vostedes queren que sexa así ou que sexamos un país de segunda ou de terceira categoría, porque vostedes parece que nos queren equiparar ás comunidades que teñen menos recoñecemento e menos competencia.

E a outra cuestión, o outro punto de acordo, ten que ver con avanzar no reforzo da capacidade de decisión do autogoberno galego, abrindo a negociación sobre o traspaso, a transferencia das competencias pendentes, ao que vostedes un día din que si e outro din que non. Pois a realidade é que vostedes están dos nervios con este acordo e con estes aspectos do acordo, porque puxeron en evidencia especialmente a parálise no autogoberno destes nove ou dez anos letais do señor Feixóo, que non foi só parálise senón que foi, sobre todo tamén, recen-tralización. A realidade é que vostedes non foron quen, non foron capaces, de negociar nin unha soa transferencia —é dicir, estamos ao mesmo nivel ca Murcia— e non foron nin se-quera capaces de cumprir os acordos deste Parlamento aprobados unanimemente aquí, nos que se reclamaba a transferencia de 70 competencias. Non foron capaces de cumprir as súas propias promesas electorais, que, por certo, falaban da transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre, nin non foron capaces de cumprir os acordos da propia Xunta de Galiza, e recórdolles ese acordo do Consello da Xunta do 8 de outubro do 2009, cando o señor Feixóo dixo solemnemente aquela frase que pasará á historia: «Iniciaremos a fase de maior autogoberno da historia de Galicia». E presentaron alí un informe do señor Rueda coa petición de 17 traspasos de competencias. A realidade é que tivo que chegar o BNG agora ao Parlamento do Estado para abrir a lata da negociación das transferencias.

Pero tamén é certo que o Partido Popular xa ten que ir sacando a máscara, a careta —aínda non chegou o entroido—, porque vostedes non queren máis transferencias, teñen que dicilo claro. Xa o dixo unha vez Feixóo: non queremos a AP-9 porque iso pode romper España. Díxoo publicamente, igual que Íñigo López de la Serna. Ademais vostedes deixárono claro no seu programa electoral, que acaban de facelo público hai catro días. Dixeron: «*Aprobaremos una moratoria que paralizará la cesión de competencias a las comunidades autónomas*». ¡Máis claro, auga! «*Reforzar la presencia del Estado en todas las comunidades autónomas*». Casado dixo: «*España no puede transferir más competencias a las comunidades autónomas. Esto ya no se aguanta, hai que reforzar la nación*». Feijóo: «*España no está para hacer transferencias a las comunidades autónomas*». Dixo en Madrid.

Está claro cal é a follas de ruta do Partido Popular, que é a follas que lle marcan en Xénova, en Madrid, esa axenda centralista, esa axenda españolista, esa axenda de máis España e máis Madrid, e iso vai en contra de máis Galiza e significa menos Galiza.



Polo tanto, imos darlle unha oportunidade. Teñen agora a oportunidade de quitar esa máscara, de poñerse do lado, de verdade, de Galiza, están a tempo de rectificar votando a favor destas dúas propostas que lle presenta o BNG a favor dos intereses de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Desde En Marea imos apoiar esta proposición non de lei cunha emenda á que agora me referirei a continuación, porque máis alá do que ten de propaganda explícita do BNG nas súas negociacións con outras forzas políticas e que pensemos que aquí debía de ter outra configuración, entendemos que, en relación cos motivos de fondo —que son dous, basicamente a cuestión das transferencias e a reforma do Estado—, estamos de acordo. Estamos de acordo na cuestión das transferencias. O noso país vive e está rematando unha década de competencias cero, de transferencias cero, de defensa do autogoberno cero, propiciado polo Partido Popular. Núñez Feijóo o único que foi aquí é o campión da destrución do autogoberno por varias vías, e unha delas foi pola vía da incompetencia das transferencias, da incompetencia competencial, foi manso completamente aos ditados do Goberno de Rajoy. Pero incluso o discurso da mansedume se compadece mal coa situación da análise política das transferencias ao longo desta década, porque entre 2009 e 2019 —na meirande parte deste tempo tamén gobernado polo Partido Popular no Estado— todas as comunidades autónomas, agás tres, se beneficiaron de procesos de transferencia activos, soamente non o fixeron Navarra, Murcia e Galicia. O resto das comunidades autónomas, como o País Vasco, 17, pero outras gobernadas polo Partido Popular e baixo o mandato de Mariano Rajoy durante nada menos que sete anos viron como numerosas aspiracións competenciais eran cumpridas: Castela e León, 8; Castela-A Mancha, 1, Extremadura, 5; Andalucía, 6; a Comunidade de Madrid, 2; etc. É dicir, todas as comunidades autónomas, con independencia do seu signo político, tiveron en común que viron ampliadas as súas capacidades de autogoberno, e non foi así no caso de Galicia polo veto explícito do Partido Popular, cunha única excepción —que ademais non foi honrosa, que foi deshonrosa— en relación coa AP-9, porque a pesar dos pronunciamentos unánimes na IX e na X lexislatura desta Cámara, contou co veto do Partido Popular en Madrid no Congreso dos Deputados e co veto explícito e reiterado da Mesa do Congreso. Tal foi o veto que En Marea tivo que ameazar e tivo que iniciar os trámites para a solicitude dun recurso de amparo ante a imposibilidade da tramitación polo veto constante da presidenta do Parlamento, naquel momento a popular e galega Ana Pastor.

Polo tanto, moi pouca vontade política, nula vontade política en relación con ningunha transferencia e, xa que logo, é necesario superar esa etapa. Nós saudamos moi positivamente —por suposto, e así o dicimos— que se abra unha etapa que polo menos no nome, nominalmente, parece que pode ser así, e como hai que empezar polo acordo e hai que empezar pola letra, pois nós celebramos esa letra.



Agora ben, tamén o facemos facendo un recordo da historia e tendo en conta a hemeroteca. No ano 2009, despois de que esta Cámara aprobase por unanimidade —por unanimidade non, creo que foi por maioría— a petición das competencias en materia de tránsito viario, foi no Congreso dos Deputados, foi o Goberno de Rodríguez Zapatero quen impediu —tamén despois coa abstención do Partido Popular— que esas transferencias se fixesen efectivas. Polo tanto, unha chamada de atención, un recordatorio da hemeroteca, e simplemente o recordatorio e a cautela para que esteamos todas e todos vixiantes, porque desde logo esta debería de ser unhas das primeiras, porque concitou o acordo xa hai unha década nesta Cámara e, polo tanto, debería de ser obxecto de negociación inmediata.

Finalmente, e con relación á segunda parte do texto, que se refire á reforma do Estado, nós estamos de acordo, concordamos co alí sinalado, tamén en relación coas outras comunidades autónomas, que son a expresión fundamental da plurinacionalidade no Estado español. E precisamente en relación con iso, a nós parecíanos que a expresión de recoñecemento dos sentimentos nacionais de pertenza debía de ser substituída por outra que fose máis acorde, para empezar, co propio texto constitucional, partindo do eufemismo ao que se refire o señor Bará do recoñecemento das nacionalidades históricas. Bueno, pois, a partir de aí, a idea de plurinacionalidade está perfectamente acaída, incluso é defendida por moitos constitucionalistas como unha verdadeira vertebración plurinacional do Estado, e polo tanto algunha reforma do Estado ten que avanzar nese sentido. Ese é o nome que en teoría política se lle dá ao recoñecemento que moitas e moitos soberanistas temos de como debe de ser a relación política entre as nacións que compoñen o Estado español. Polo tanto, é máis claro, aporta máis certeza e é acorde coa propia posición política que moitas forzas levamos mantendo historicamente, tanto nesta Cámara como noutras cámaras autonómicas do Estado, aspirando a unha reforma en clave democrática onde todas e todos poidamos ter dereito a decidir, e tamén a forma de organización política dentro do Estado español.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Quero comezar dicindo que nós imos apoiar esta iniciativa. Entendemos que na actividade parlamentaria ten que haber momentos para os grandes debates, momentos tamén para os acordos, aínda que supoño que non cheguen a satisfacer completamente o que propón un partido, e creo que estamos ante ese caso. Creo que é unha proposta de acordo que non colma todas as aspiracións do Bloque Nacionalista Galego. Para nós tampouco é unha proposta que colme todas as nosas aspiracións, pero supoñemos que hai que tratar de chegar a algún acordo. Eu tamén son pesimista, nin sequera con esta proposta penso que vaia haber ningún tipo de achegamento ao Partido Popular, que está instalado dende hai moitos anos na negación das nacións e na negación dos dereitos das nacións a decidir. Creo que aquí hai dous niveis do debate: a crise do réxime do 1978 a nivel do Estado e dos dereitos das nacións e un debate que se vai dar, queiran ou non, porque é un debate que está truncado por parte da dereita máis cavernícola do Estado español que conduce a estas nacións a un calexón sen saída, porque incluso as saídas que intentaron dentro dos



cauces constitucionais foron traizoeiramente freadas por esa dereita, que basea a súa lóxica na negación das nacións; na negación das nacións e na asunción de que só hai unha nación no Estado español que é a indisoluble España. Ten que ver moito con que aquí non houbo unha ruptura democrática co réxime anterior. O Estado español é o único caso en Europa que, ao final dun réxime totalitario fascista, non se abriu a un proceso democrático constituínte *ex novo*, senón que se fixo unha reforma política pactada coas elites do anterior réxime. Houbo presións para mudar o que era unha unánime petición dos partidos da esquerda de defender o dereito democrático a decidir destas nacións, o dereito de autodeterminación, e ese pacto por arriba non foi auga pasada, non é auga pasada, é o pecado orixinal, pero iso despois aínda foi empeorado constantemente cunha recentralización tanto nas actuacións das administracións como no discurso. Cada vez foise estrangulando máis o dereito a decidir das nacións.

Ese é un nivel. E nese nivel nós cremos que só hai unha saída democrática: recoñecemento das nacións e dereito de autodeterminación. O resto vai ser ou a imposición dunha saída autoritaria e antidemocrática, ou, se non, o eterno conflito de algo que saben que non vai desaparecer, que é ese sentimento de pertenza nacional, esas necesidades dos pobos de poder ter soberanía para solventar os problemas da xente, que tamén temos en Galicia. Iso non se vai solventar porque miremos para outro lado, como fai o señor Suárez Illana.

Despois está o nivel de aquí, dos gobernos autonómicos, da actuación dos gobernos autonómicos. Como vén demostrando o Goberno de Feijóo, a este goberno sobroulle moito autogoberno. Non é que fose insuficiente o que había, é que lle sobrou. Na oposición boicotearon irresponsablemente a elaboración da reforma do Estatuto galego, e no Goberno, como xa se dixo aquí, non solicitaron, non pelexaron por ningunha transferencia, e, en cambio, están somerxidos nunha política de facer oposición ao Goberno, esquecéndose de que son goberno dun país que se chama Galicia. Non pediron a transferencia das políticas ferroviarias, pero traen aquí iniciativas trampulleiras para reclamar o que non reclamaban cando estaban no Goberno do Estado, e andan facendo campaña electoral coas concesións no dominio público marítimo-terrestre da costa, cando foi unha reforma do Partido Popular, tanto da lei como do regulamento, o que meteu no problema, e cando tiñan na súa man actuar como goberno e pedir as competencias para as concesións na costa galega, como ten Cataluña e ten Andalucía. Sería perfectamente posible se tivéssemos un goberno que precisase ese autogoberno para mellorar as condicións de vida da xente.

Nós si que cremos que Galicia precisa soberanía para avanzar. A autonomía non serviu para solucionar os problemas endémicos de Galicia, pero menos serve agora, cando hai un auténtico esgotamento do modelo. E para iso hai unha saída autoritaria e unha saída democrática. A autoritaria xa sabemos onde nos leva, ao conflito permanente, e a democrática é o recoñecemento das nacións e do seu dereito a decidir, o dereito das persoas a expresarse e a iniciar eses procesos constituíntes, pero ese diálogo non só ten que ser entre partidos e institucións, senón aberto á sociedade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.



Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu creo, francamente, que a formación dun goberno é, ou debera de ser, en si mesma unha boa noticia; significa que España se pon en marcha tras meses de bloqueo e que o fai cun goberno liderado polo Partido Socialista Obreiro Español, que foi o gañador das eleccións celebradas no ano 2019, aínda que lles custe admitilo.

Trátase do primeiro executivo, é certo, de coalición a nivel estatal nesta etapa democrática, e francamente creo que iso non debera de ser un problema para o Partido Popular, que xa non goberna, agás no caso de Galicia de momento, se non é en coalición, e isto, pese a que desde o primeiro momento considerou que este goberno era ilexítimo. Hai unha dirección clave na acción do Goberno, que é a do entendemento territorial, igual que hai outras direccións clave, como a xustiza social, a transformación do noso modelo produtivo e a transición ecolóxica.

Creo, en definitiva, que este goberno representa unha esperanza para España, a esperanza de poñer o país en marcha tras meses de bloqueo, e a de comezar a abordar os grandes retos do país desde a perspectiva progresista e dialogante. A esperanza de avanzar en dereitos e liberdades, deixando atrás a etapa de recortes vivida durante a crise, e proporcionando maior benestar á cidadanía, especialmente ás clases medias e traballadoras. A esperanza, como non, de recuperar a convivencia e o diálogo social, e disto vai esta iniciativa que hoxe presenta o Bloque Nacionalista Galego. A esperanza de demostrarlle á cidadanía que a política é capaz de idear solucións para os problemas cotiáns e de plasmarlas en medidas concretas que melloren a vida da xente para concibir un futuro mellor e encamiñarnos cara a el.

Este Executivo conta ao seu favor cunha maioría social —gústelles ou non lles guste a algúns— que depositou a súa confianza no Partido Socialista Obreiro Español e no resto das forzas progresistas que o sustentan, coas que chegou a acordos.

En fronte, por desgraza, albíscase unha dereita embarcada nunha oposición destrutiva e crispadora que non lle concedeu nin un só día de graza a este novo goberno. Os socialistas non queremos vivir da crise territorial, queremos resolvela. Non queremos unha España uniformizada senón diversa, unida e cohesionada; cohesión como horizonte, responsabilidade como principio, e como ferramenta de traballo, única e exclusivamente o diálogo.

E tras anos de inacción política por parte dos anteriores gobernos do Partido Popular e meses de bloqueo institucional forzado pola falta de acordos para formar un goberno estable, España necesita canto antes unha lexislatura que se poña a funcionar cun executivo disposto a afrontar as reformas pendentes en materia de benestar social, de rexeneración democrática e de cohesión territorial.

Despois do ano 2019, pragado de procesos electorais, todos eles cun claro gañador, o noso Estado non pode permitirse máis parálise. Hai retos que non poden esperar e hai un estado que demanda solucións, e se a política non está á altura deste momento crucial perderá o seu valor a ollos da cidadanía.



É fundamental, en primeiro lugar, que o novo Goberno adopte medidas que melloren a vida dos españois, especialmente das clases medias e traballadoras, que foron as que máis sufriron durante os anos de crise e as que con menor intensidade percibiron a recuperación económica. A sanidade, a educación, as pensións, a dependencia, a igualdade e o medio ambiente, entre outros asuntos, necesitan un impulso en clave progresista para que se abra un horizonte de esperanza para a maioría social.

E en canto á crise territorial e á tensión territorial, é máis necesario que nunca que se abra paso ao diálogo. No marco do Estado social e democrático de dereito, que é España, e desde o respecto lexítimo á diferenza, os actores políticos debemos ser capaces, sen excepción, de abrir unha etapa presidida pola negociación e o acordo para superar este clima de confrontación e unilateralidade que non fai senón prexudicarnos a todos. A lexislatura que agora comeza —ou que xa comezou, mellor dito— debe estar presidida por ese diálogo, e nela deben empezar a sentarse as bases para alcanzar solucións duradeiras. E, nesa liña, francamente, creo que é positivo o anuncio do Goberno presidido por Pedro Sánchez desa Conferencia anual de presidentes das comunidades autónomas no Senado e a celebración de reunións bilaterais con todos —todos— os dirixentes autonómicos, así como a renovación do sistema de financiamento autonómico.

Por iso, señorías, o noso grupo parlamentario vai apoiar esta proposición non de lei que presenta o Bloque Nacionalista Galego, non só porque unha parte fundamental dela forme parte dese acordo, senón porque, francamente, cremos que é o que necesita España.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidente.

Señorías —abro comiñas—: «Señor Rego, representante do BNG, obrigado. Le agradezco de corazón que dé un paso al frente. Que el representante del partido regionalista de Cantabria cambiara su voto afirmativo por un voto negativo ha hecho importante la aportación del Bloque Nacionalista Galego a esta investidura. Y yo no quiero pasar por alto que, efectivamente, también es muy importante su voto afirmativo. Es cierto que durante estas últimas horas se ha estado trabajando por parte del Gobierno y de su portavoz con sus representantes en un acuerdo que creo que es bueno» —pecho comiñas—.

É unha cita que contextualiza a proposición non de lei que nos trae hoxe o Bloque. Pretenden que lexitimemos nesta Cámara un acordo feito ás présas e no que o Bloque é o segundo prato, despois do partido rexionalista de Cantabria, pretendendo que ese acordo represente o conxunto de Galicia.

Precisamente porque foi feito ás présas este acordo amosa as debilidades obxectivas tanto do Grupo Socialista no Congreso como do Bloque Nacionalista Galego; a evidente febleza



parlamentaria do actual Goberno, que elixiu a quen elixiu —por certo, ao BNG o último— para negociar a configuración dun goberno, e a febleza do Bloque, en primeiro lugar, polo que non inclúe este goberno. Porque vostedes nesta Cámara mire que nos dixeron veces e compartiron con nós que había que reclamar os 370 millóns que se deben a Galicia con firmeza. No pacto non o exixiron, e agora, encima, pídennos que vaíamos pola vía xudicial, precisamente os que falan de xudicializar a política e lle botan en cara ao PP que xudicialice a política.

O BNG propuxo nesta Cámara e votamos por unanimidade que se fixera un plan de actuación para eliminar todos os tramos de concentración de accidentes na rede nacional en Galicia e, sen embargo, no acordo non está. Dixeron que estaban de acordo cun buque para traer carga de traballo a Navantia Ferrol mentres non se tramitan as F110, pero no seu acordo con Navantia só hai declaracións de intencións e ningunha carga de traballo. Solicitaron o Xulgado do Social de Lugo e non está no acordo. Na AP-9 estaban de acordo con nós en apoiar todas as obras, a urbanización do tramo de entrada en Vigo e Alfonso Molina na Coruña; sen embargo, o único que poñen é onde vostedes gobernan, en Pontevedra, o nó de bombeiros. Apoiaron as nosas demandas de medidas que permitan garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez e tempo para acadar unha alternativa viable. Iso votárono vostedes, sen embargo, no documento que asinan co PSOE, bendín o peche e só falan de negociación dos fondos unha vez que peche a factoría, por non mencionar o que esta mañá xurdiu en relación co sistema sanitario.

E a febleza do Bloque vese non só polo que deixan fóra senón tamén polo que inclúen e por como o inclúen. O cupo, evidentemente, cae; afortunadamente, o máis positivo do acordo que teñen vostedes asinado co Partido Socialista.

Respecto da AP-9, na lei que vostedes nos trouxeron exixían o rescate completo da autopista, previa a súa transferencia; agora puxeron unha rebaixa das peaxes que non entende ninguén e na que non se sabe cantas veces hai que ir e vir pola autopista para poder optar á rebaixa das peaxes. E o da tarifa eléctrica, que era a maior inxustiza que se cometía con Galicia, que non fose diferenciada, convértese nun estudo que fará o Goberno de España para ver se é posible facer tarifas eléctricas diferenciadas.

Pois ben, vostedes queren que confirmemos este acordo, que ten dúas partes na súa proposición non de lei. Unha é sobre a Comisión Mixta de Transferencias —sobre a que estamos de acordo, e despois na seguinte PNL ofrecerémoslle incorporar a convocatoria ao noso texto da Axenda Galicia—. Imos con total tranquilidade. Como sempre dixemos, o autogoberno está basicamente acadado, de acordo coa Constitución e o Estatuto. Quedan algunhas competencias que se poden transferir, como, por exemplo, a da AP-9. Nós estamos de acordo con que iso se axilice. Evidentemente, o que non imos facer é traer transferencias mal financiadas ou que prexudiquen o conxunto da cidadanía de Galicia, como, por exemplo, a transferencia do MIR a algunhas comunidades autónomas, do que agora se está falando.

A segunda parte refírese a adecuar a estrutura do Estado aos sentimentos nacionais. Iso realmente non o imos apoiar, e voulle dicir por que. Primeiro, porque é unha copia literal, exacta, do punto 4 do acordo que previamente firmaran os socialistas co Partido Nacionalista



Vasco. Vostedes, que nos acusan constantemente de seguidismo, asinan exacta e literalmente o que firmou o Partido Nacionalista Vasco, incluíndo a Galicia, que o Partido Nacionalista Vasco excluía porque só incluía o País Vasco e Cataluña. (*Murmurios.*) Se é malo para Galicia que Cataluña ou o País Vasco emprendan un camiño cara á independencia, aínda é peor que Galicia tamén vaia no camiño da independencia; polo tanto, iso non o imos apoiar. Pero non o imos apoiar sobre todo por un motivo principal. É típico e característico, intrínseco dos nacionalistas, confundir o que é un partido nacionalista coa representación do conxunto dunha sociedade. (*Murmurios.*) As nacionalistas son ideas lexítimas e pódense defender democraticamente, ninguén o discute, no caso do Bloque Nacionalista Galego, pero non representan a totalidade do pobo. A realidade é que Galicia ten 42 representantes democráticos nas Cortes do Estado e o Bloque só ten 1, (*Murmurios.*) un que, por certo, non conseguiu nada, nada máis que unha cousa, apuntalar o Goberno que aprobou o peor orzamento para Galicia en moitos anos. (*Aplausos.*)

Señorías, non imos votar isto porque, ademais, estamos convencidos de que Galicia non é nacionalista. Os sentimentos de pertenza dos galegos reflíctense perfectamente no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución. A inmensa maioría de Galicia non é nacionalista. Nós, que representamos a metade do electorado de Galicia, nunca falaríamos polo conxunto do pobo e moito menos imos aceptar que o fagan vostedes con apenas o 9 % do voto. Igual pasou cando firmaron o Manifesto republicano. Eu non teño inconveniente en que haxa partidos como o Bloque que se declaran republicanos, e mesmo entendo que o Bloque boicotee un acto institucional no que participa o xefe do Estado. Pero o que non poden facer é arrogarse a representación de toda Galicia e dicir que a sociedade galega pensa o que pensa o BNG, porque iso literalmente non é verdade. (*Aplausos.*) A verdade é que Galicia cre na Constitución, no Estatuto e na democracia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Señorías, hai un vello dito inglés que di que a política fai estraños compañeiros de cama. O apoio do Partido Socialista a esta iniciativa fai pensar que, efectivamente, é raro que se xunte un partido que é independentista, soberanista e antimonárquico con un que se di que é federalista, constitucionalista e que, por tanto, defende a monarquía parlamentaria; é un matrimonio..., mellor dito, son compañeiros de cama estraños. O que non é estraño é que se produza esa relación, porque cada vez que teñen oportunidade os señores do Bloque van correndo a apoiar e apuntalar o Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Puy, se non lle quedou claro, non temos rei; non nos representa unha institución caduca, (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) [*machista*] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*), antigalega e herdeira do franquismo. ¿Como temos que dicirillo? (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: É que somos unha organización soberana, (*Murmurios.*) que temos as nosas propias ideas, (*Murmurios.*) e non claudicamos, non, coma vostedes, (*Murmurios.*) que baixan a cabeza ante Madrid cando os chama o churrubío desde Xénova para ir a unha manifestación á praza de Colón. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós ese día estabamos noutro sitio. (*Murmurios.*) Nós estabamos nas rúas e nas prazas de Santiago defendendo a sanidade pública. (*Murmurios.*) Estabamos noutro sitio. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor Puy le moi ben as citas do señor Sánchez, pero interprétaas mal porque lle falta moita información, e eu podo darlle información. O BNG non quedou para o final. O BNG aguantou ata o final, (*Murmurios.*) jaguantou ata o final!, e demostrou dúas cousas que a vostedes lles molestan moito: demostrou habilidade negociadora e utilidade, (*Murmurios.*) porque puidemos pechar ese acordo antes, pero aguantamos ata o final, (*Murmurios.*) ata que tiñamos a chave. (*Murmurios.*) ¿Sabe? (*Murmurios.*) Citou vostede o PNV. Pois o PNV iso faino moi ben, ¡faino moi ben! (*Murmurios.*) ¡Hai que aprender tamén dos que saben facer ben as negociacións! (*Murmurios.*) O PNV iso lévao facendo moi ben tempo. Bueno, por certo, tamén co Partido Popular, ao que lle apertou as caravillas moitas veces. (*Murmurios.*) Miren que ben o fai o PNV que conseguiu a mesma transferencia de competencias co Goberno en funcións. Entón, hai que estar ao loro, señores e señoras do Partido Popular. (*Murmurios.*)

Miren, é que a vostedes se lles nota ás leguas o desagrado e a incomodidade que están sufrindo con este acordo, (*Murmurios.*) que recoñecen que é moi bo e que só queren que non se cumpra. (*Murmurios.*) Están desexando que non se cumpra, pero recoñecen que é moi bo. Isto é coma se a alguén lle regalan unha casa e vostedes din: ¿e onde está o coche? (*Murmurios.*) ¡Ah! ¡Pero a casa xa a temos! (*Murmurios.*) É un punto de partida, xa o dixemos tamén. (*Murmurios.*) Mire, ¡é que se lles nota tanto...! (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Prado, nótaselle tanto que levan mal este asunto... (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) que me produce unha enorme satisfacción. Prodúceme unha enorme satisfacción o seu desagrado, o seu sufrimento e a súa contrariedade. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Señor Puy, é que vostedes son como un polo sen cabeza. (*Risos.*) Vostedes hai uns meses votaron un acordo neste Parlamento que di substancialmente o mesmo que propoñemos aquí, e agora van votar o contrario.

E, por certo, tamén para as outras intervencións. Claro, é que hai que entender unha cousa. Nós non estamos traendo aquí o programa do BNG. Se trouxeramos o programa do BNG, estaríamos falando do dereito a decidir, por exemplo, que debería de ter o pobo galego; do dereito de autodeterminación, que é un dereito recoñecido internacionalmente —é que non se enteran aquí algúns—. Non estamos falando diso, estamos falando de empezar a dar pasos adiante para que este país dunha vez por todas sexa respectado e non sexa ninguneado; (*Aplausos.*) para que se abra dunha vez o debate das transferencias. É que llelo estamos po-



ñendo en bandexa, ademais. ¡Se lles estamos convocando a Comisión Mixta de Transferencias, que vostedes non foron capaces de pedir —nin sequera de pedir, que é unha vergoña— (Aplausos.) en dez anos de goberno! (Aplausos.) Iso descualifica para sempre un presidente submisivo, servil, que é un [teleñeco] (Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)... (Protestas.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Imos retirar esa...

O señor BARÁ TORRES: ...e que está teledirixido por Xénova. (Protestas.) (Murmurios.)

Bueno, eu aquí escoitei cousas parecidas ou peores, por certo, (Murmurios.) referíndose aos outros grupos por parte do señor Feixóo. Así que non se alteren tanto. (Murmurios.) Non se alteren tanto e teñan un pouco máis de entendedeiras e de escoitadeiras. (Murmurios.) Polo tanto..., (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, de escoitadeiras.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: É un paso adiante, é un paso positivo. Estámoslles centrando o balón e vostedes non teñen máis que rematalo, pero ¡póñanse a traballar, que son o Goberno deste país, non son unha deputación! ¡Póñanse a traballar! (Murmurios.) Demanden a convocatoria... (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda do Grupo Mixto.

O señor BARÁ TORRES: ...da Comisión Bilateral e abran esas negociacións para que teñamos a AP-9, para que teñamos competencias en costas, para que teñamos competencias en tráfico, para que teñamos competencias...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda do Grupo Mixto.

O señor BARÁ TORRES: ...tamén en inspección de traballo e en tantas cousas que están pendentes pola inutilidade e a incapacidade do Partido Popular.

Con respecto á emenda, loxicamente, non temos ningún problema en aceptala.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A verdade, non sei que dicir. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Porque tampouco me gusta que se aproveiten dun momento de debilidade que eu puiden ter. Non me gusta o debate así. Pídolles desculpas, pero non é esta unha forma de debater. Non se pode nun pleno... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, pero eu pido que retiren algunhas expresións... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) que son insultantes: tele-



ñeco..., ou expresións como incluso a xefatura do Estado con connotacións machistas... ¡Por favor, pido que iso se retire! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Vostede pode non aceptar iso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, xa sei o que me vai dicir, pero ese tema eu xa o tratei, este tema xa está tratado. Eu o que lle pido, por favor, é que retire esas expresións, señor Bará. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Bueno, pois eu, entón, xa sabe o que teño que facer. Grazas. Teño que chamalo á orde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O que lle pido é que, por favor, entendan que ás veces isto é complicado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, isto é moi complicado. *(Murmurios.)* Isto non é tan fácil... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, non é tan fácil, *(Murmurios.)* eu pídolles unha colaboración a todos, a este grupo e a todos os grupos porque se non... *(Murmurios.)* Nada máis. Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perfecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, en ton despectivo, non vai por aí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, terminou isto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto, dos Socialistas, do Grupo Común da Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado e voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas a esta proposición non de lei (10/PNP-004619).

Emenda núm. 1, de adición.

Débase engadir, ao final do punto 1, o seguinte texto:

<<...mediante unha reforma legal que deixe sen efecto a realizada no seu día polo goberno do Partido Popular que impide realizar a transferencia da mensualidade adebedada>>.

Emenda núm. 2 de adición.

Débase engadir, ao remate do punto 2, o seguinte texto:



«...e baseado nos principios de soberanía fiscal, suficiencia de recursos e cooperación».

Emenda núm. 3, de adición.

Débese engadir, ao remate do punto 5, o seguinte texto:

«...así como a modernización do FEVE ou a conexión Ferrol Coruña, que foron continuamente denostadas polo anterior goberno central baixo a presidencia de Mariano Rajoy».

Emenda núm. 4, de supresión.

Débese suprimir no punto 7 a seguinte expresión: «A-57»

Emenda núm. 5, de adición.

Débese engadir, ao remate do punto 10, o seguinte texto:

«...no contexto dunha reforma do sector eléctrico que beneficie tamén ás familias, que abarate o prezo da factura da luz para os fogares, e que remate coa pobreza enerxética cun sistema estruturado por bloques de consumo».

Emenda núm. 6, de substitución.

Débese substituír no punto 11 o seguinte texto:

Onde di: «...que evite o peche acelerado da central térmica das Pontes...»

Debe dicir: «...que forneza unha alternativa formativa e laboral inmediata que absorba ás traballadoras e traballadores da Central térmica das Pontes con vistas a empregalos no sector das enerxías renovables, nomeadamente no Hub da enerxía eólica mariña en Ferrolterra».

Emenda núm. 7, de supresión.

Débese suprimir o punto 12.

Emenda núm. 8, de substitución.

Débese substituír no punto 13 o seguinte texto:

Onde di: «...evitando incrementar a fiscalidade da tecnoloxía diésel...»

Debe dicir: «...promovendo a reorientación do sector cara o vehículo eléctrico e o transporte colectivo eléctrico».

Emenda núm. 9, de adición.



Débase engadir no punto 14 o seguinte texto:

«...para paliar a falta de carga de traballo provocada polo retraso ocasionado na construción das F110 polos intereses particulares da inclusión nos contratos dos sistemas de mísiles da empresa onde traballaba o ex ministro de defensa Pedro Morenés».

Emenda núm. 10, de substitución.

Débase substituír o texto do punto 19 polo seguinte:

«O recoñecemento da universalidade do dereito á educación infantil de cero a tres anos».

Emenda núm. 11, de substitución.

Débase substituír no punto 22, o primeiro inciso ata «dotación» por:

«...en materia de seguridade, iniciar os trámites para a asunción de competencias para a constitución en Galicia dunha política autonómica integral dotada de recursos humanos e materiais suficientes para a cobertura integral das necesidades de seguridade pública na CA».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e portavoz adxunto, Luís Manuel Álvarez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 61990).

Emenda de modificación.

O contido do punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«1. Un adecuado financiamento da Comunicade Autónoma de Galicia que inclúa as cuestións pendentes, especificamente o IVE de 2017 e aquelas outras partidas e incentivos que correspondan legalmente. O Goberno presidido por Raxoi xerou o problema co IVE do 2017 froito da modificación do regulamento, cos reais decretos que cambiaron os prazos da última liquidación do IVE, contando co informe favorable do Consello de Estado presidido polo Sr. Romay Beccaría e sen alegacións da Xunta naquel momento. O Goberno de España traballará en acadar unha solución a esta cuestión, xerado nos anos de Goberno do Partido Popular, usando mecanismos como a vía orzamentaria ou o marco do novo sistema de financiamento autonómico».

Emenda de adición.

No punto 3 da parte resolutiva débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

«A diferenza co que pasou co Goberno presidido polo Sr. Rajoy, o reto demográfico debe ser unha cuestión prioritaria no país, tal como trasladou o presidente do Goberno. A efectos de coordinar a axenda galega coa Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico, o Goberno galego procederá a rectificar o seu fracaso e falla de compromiso neste ámbito que supera a cuestión estritamente lexislativa».



Emenda de adición.

No punto 5 da parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes parágrafos:

«O Parlamento de Galicia rexeita as incumprimentos e inadecuada xestión do Goberno de Rajoy nestes ámbitos, recoñecendo que os asuntos pendentes amosas a inacción e a paralización de proxectos como o AVE a Galicia, como sinala o informe do Tribunal de Contas.

O avance nas infraestruturas galegas esixe dun claro compromiso e eficiencia do Goberno da Xunta. Coa finalidade de dotar a comunidade autónoma dunha rede de infraestruturas adecuada, a Xunta de Galicia, e antes de que remate este período de sesións, presentará no Parlamento de Galicia unha planificación do Plan MOVE que permita acadar os obxectivos previstos no dito plan».

Emenda de adición.

No punto 6 da parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes parágrafos:

«Despois da aldraxe que implicou a prórroga feita polo Goberno de Aznar da AP9, e do veto ao debate da transferencia cando gobernaba Rajoy, o Goberno de España traballará en mudar os efectos desas decisións.

Así mesmo, o Goberno da Xunta debe rectificar a súa actitude en relación a esas transferencias, pois rexeitou a proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario do PSdeG no Pleno do día 21 de marzo de 2019, na que considerabamos traballar nun amplo abano de transferencias para Galicia».

Emenda de adición.

No punto 7 da parte resolutiva da iniciativa, débese engadir in fine o seguinte texto:

«Todas elas materias pendentes que o Goberno de España do PP non solucionou en sete anos».

Emenda de adición.

No punto 8 da parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes parágrafos:

«Todas elas materias pendentes que o Goberno de España do PP non solucionou en sete anos.»

«Coa finalidade de dotar a comunidade autónoma dunha rede de infraestruturas hidráulicas adecuada, a Xunta de Galicia presentará no Parlamento de Galicia, para o seu coñecemento a planificación e criterios obxectivos que sustentan a dita planificación, as actuacións necesarias para o cumprimento da lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario».

Emenda de adición.

No punto 10 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte parágrafo:



«A diferenza do que pasaba cando gobernaba o PP que nin iniciou un estatuto para as electrointensivas, poñemos en valor o traballo do Goberno e instamos a acelerar os prazos o antes posible. Así mesmo, o Goberno da Xunta debe contribuír a achegar solucións a esta problemática.»

Emenda de adición.

No punto 11 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:

«O país non pode seguir sen estratexia nin políticas de transición ecolóxica xusta como cando gobernaba o PP».

Emenda de adición.

No punto 12 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte:

«Así mesmo, o Goberno galego procederá a:

1.- Aclarar publicamente que todas as resolucións de concesión sobre o dominio público marítimo-terrestre se fan de acordo coa Lei de costas de 2013 e o seu Regulamento de desenvolvemento de 2014 aprobadas polo PP cando gobernaba Rajoy.

2. Respetar a veracidade nas declaracións feitas por calquera persoa membro do Goberno galego en relación á materia de resolucións de concesión sobre o dominio público marítimo-terrestre, desbotando calquera declaración electoralista, falaz e alarmista».

Emenda de modificación.

O contido do punto 13 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«13. Apoiar ao sector da automoción, e que o Goberno da Xunta inicie unha política industrial seria e activa para o sector, e tomar todas as decisións favorables á automoción galega e nomeadamente para a área de Vigo en materia enerxética, industrial e outras».

Emenda de adición.

No punto 14 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto: «O Partido Popular non contratou as fragatas F110 cando gobernaba Rajoy e a Xunta carece de plans e acción para o naval. A Xunta de Galicia, dentro das competencias que lle son propias conforme ao establecido no artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, colaborará activamente no mantemento da actividade económica de Ferrol Terra nese período transitorio».

Emenda de adición.

No punto 16 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

«Considerando as perturbacións orixinadas no sistema educativo pola aprobación sen ningún consenso da Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE), e como paso previo, o Goberno



de España deberá proceder á modificación da citada lei naqueles aspectos que se veñen amosando como elementos destrutivos da necesaria estabilidade do sistema educativo».

Emenda de adición.

No punto 17 da parte resolutive da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

«O Goberno ten que traballar en arranxar os problemas que deixou o Goberno de Rajoy».

Emenda de adición.

No punto 21 da parte resolutive da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

«Conforme ao xa solicitado no ano 2016 polo Grupo Parlamentario do PSdeG no Parlamento de Galicia; así mesmo, a creación dun novo xulgado de Familia en Ourense e novos xulgados en Sarria, Viveiro e Vilagarcía de Arousa».

Emenda de adición.

No punto 24 da parte resolutive da iniciativa débese engadir o seguinte parágrafo:

«Coa finalidade de dotar a comunidade autónoma dunha rede cultural adecuada, a Xunta de Galicia presentará no Parlamento de Galicia, antes de que remate esta lexislatura, a planificación que contemple e concrete, cando menos, a construción do Museo da Romanización de Lugo no Cuartel de San Fernando, Museo do Viño de Galicia en Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia, Museo do Viño na denominada Casa do Conde, situada no interior do castelo de Salvaterra do Miño, e o mantemento das covas de dona Urraca para uso comunitario e cultura».)

(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-004619).

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutive pola seguinte:

«O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

1.-Que demande do Goberno central a convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, para acordar entre as CC.AA e o Goberno do Estado un mecanismo que permita a transferencia das cantidades retidas polo Ministerio de Facenda ao tempo que se inicie o procedemento para o establecemento dun mecanismo automático de actualización do sistema e de liquidación das entregas a conta, non dependente da vontade do Goberno central.

2.-Acordar co Goberno do Estado un novo modelo de financiamento autonómico que permita atender as necesidades sociais incrementando a soberanía fiscal de Galicia.



3.-A derogación do decreto de plurilingüismo.

4.-Defender os intereses de Galicia no reparto de fondos europeos, e a mellora dos mecanismos autonómicos que permitan mellorar as lamentables cifras de execución dos fondos da UE en Galicia.

5.-Solicitar do Goberno Central a finalización das obras do AVE, a mellora das infraestruturas ferroviarias en Galicia, nomeadamente as conexión con Lugo e Ourense e os corredores A Coruña-Ferrol, Vigo-Ourense, ademais de impulsar as medidas necesarias para garantir a inclusión de Galicia no corredor Atlántico Europeo de transporte de mercadorías, e nomeadamente a Xunta de Galicia á modificación do proxecto de intermodal de Ourense e a realización dun estudo para implantar un servizo galego de cercanías e á solicitude da transferenciadas competencias en política ferroviaria. Así como a traballar de forma coordinada co Goberno central para garantir que as Intermodais proxectadas nas principais cidades galegas, nomeadamente na Coruña, Ourense, Lugo, e Santiago respondan a un proxecto integral que garanta a conectividade urbana e o dereito á mobilidade.

6.-Demandar a transferencia inmediata da titularidade da AP9, como paso previo ao rescate público da mesma.

7.-Establecer un plan de mantemento, conservación e mellora das estradas de titularidade galega e consecuentemente demandar do Estado a mellora das estradas de titularidade estatal no noso territorio.

8.-Iniciar de forma dialogada co Estado e as entidades locais, un plan de saneamento integral que permita reducir a contaminación das rías e costas galegas e traballar de forma coordinada coa Administración central para acometer de forma urxente as inversións necesarias nas estacións depuradoras de augas residuais. Co obxectivo de revertera situación de fallo sistémico detectado nas auditorías elaboradas por Augas de Galicia, de onde se conclúe que máis do 60% das depuradoras do noso país atópanse en mal funcionamento.

9.-Elaborar un Plan de Mellora da Atención Primaria dotado de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios, para garantir as políticas de promoción e prevención da saúde así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de Atención Primaria para unha mellora na capacidade decisoria e de xestión e incorporando a figura de psicólogo ou psicóloga clínica.

10.-Demandar ao Ministerio de Xustiza a que aumente e dote con maior número de recursos a planta do Ministerio Fiscal en Galicia e articule as medidas oportunas para dotar a Galicia dunha fiscalía anticorrupción delegada exclusiva para o país. Ademais da creación dos xulgados necesarios en Galicia de violencia de xénero, e do social que demanda a sociedade civil galega.

11.-Impulsar políticas para crear un Parque Público de aluguer e vivenda de protección autonómica en propiedade e aluguer que en 3 anos sexa capaz de dar resposta á demanda expresada por case 14.000 galegas e galegos no Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública.

12.-Demandar do Estado a transferencia das competencias dos portos de interese xeral de Galicia e a resolución das débedas contraídas polos mesmos.



13.-Demandar do Goberno do Estado un proceso de diálogo transparente para a elaboración do decreto de modificación do Regulamento de costas.

14.-Demandar do Goberno central a defensa do sector tradicional da pesca galega e iniciar os trámites oportunos para exercer as nosas competencias en augas interiores, por exemplo para elaborar un plan sectorial para a pesca da sardiña mediante a arte do xeito.

15.-Iniciar os traballos e apoiar ao Goberno central nas medidas necesarias para derogara LOMCE e acadar un pacto educativo que prime a educación pública e de calidade .

16.-Incrementaros recursos destinados a sanidade pública, para acabar co déficit de recursos e profesionais do SERGAS.

17.-Incrementar os orzamentos adicados á dependencia e levar adiante todas as medidas precisas, incrementando as partidas correspondentes nos orzamentos, para garantir a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas na rede pública, dirixirse ao Goberno do Estado para solicitar a colaboración económica para levar adiante esta medida.

18.-Ter en conta as advertencias dos perigos de perda de consideración como Patrimonio da Humanidade dos Camiños de Santiago, derogar a “aberrante” Lei de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas; atender os informes de ICOMOS e dos expertos para protexer o patrimonio cultural, paisaxístico e medioambiental e protexer os Camiños das agresións que están padecendo; evitar o impacto masivo do Turismo e xerar traballo estable e de calidade.

19.-Establecer un plan de industrialización de Galicia, que permita recuperar as terribles cifras de destrución de emprego industrial que presenta Galicia, en colaboración cos axentes sociais galegos, definindo un Plan de Transición Enerxética de Galiza, ante o peche das centrais térmicas, que se encadre nas liñas impulsadas pola UE e que poida financiar por medio dos fondos europeos para as zonas afectadas pola transición enerxética. Derrogara Lei 5/2017 de Fomento de Iniciativas empresariais para optar por un modelo económico sostible.

20.-Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de derogar as reformas das pensións de 2011 e 2013, reducir a idade de xubilación, mellorar as condicións de acceso ás pensións e, ademais de mecanismos de redistribución de riqueza (eliminación dos toques de cotización, mellora dos ingresos do sistema derivados das cotizacións e dos ingresos fiscais), introducir o financiamento vía impostos, a través dos orzamentos, blindando as pensións como unha prestación social fundamental.

21.-Demandar do Goberno central a aprobación á maior brevidade posible dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que recolla as demandas realizadas dende Galicia, así como a posta en marcha das medidas necesarias para favorecer un prezo eléctrico estable, así como unha redución do prezo da enerxía para os consumidores domésticos.

22.-Solicitar a convocatoria urxente da Mesa do Naval e a adopción de medidas que permitan acadar carga de traballo para os estaleiros públicos e a inmediata entrada da Xunta no Consello de Administración de Navantia.



23.-*Esixir ao Goberno español unha Comisión de Investigación, verdadeiramente independente, do accidente ferroviario de Angrois na liña do enunciado pola Comisión Europea.*

24.-*Demandar ao Goberno español a modificar a Lei 12/2013 de medidas para mellorar o funcionamento da Cadea Alimentaria co obxectivo de garantir un prezo xusto aos produtores e produtoras agrícolas, e a esixir para ser perceptor das axudas públicas para a agroindustria o cumprimento do recollido no Código de Boas Prácticas Mercantís de Contratación Alimentaria.)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 61990).

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos:

<<-Adoptar unha posición de firmeza e defensa dos intereses de Galiza que supere as actitudes de submisión a Madrid e a intereses partidistas.

-Cuestionar o modelo centralista que beneficia a Madrid e que discrimina a Galiza, nomeadamente en materia fiscal e de investimentos.

-Avanzar no reforzo da capacidade de decisión do autogoberno galego mediante a proposta de convocatoria da comisión mixta de transferencias Estado-Xunta para programar a activación da transferencia da totalidade de competencias pendentes>>.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Dicía o portavoz do Grupo Común da Esquerda que estabamos ante un debate importante. Eu creo que é un debate importante e creo que, precisamente por iso, tamén é conveniente levalo sen algunhas linguaxes como as que acabamos de escoitar, que ademais me deixaron en evidencia despois de recoñecer que o nacionalismo pode facerse democraticamente. Pois, certamente, algunhas descualificacións desas maneiras déixanme mal a min, por iso pediría tamén iso.

Vamos ver, os grandes debates o que fan é poñer a cada un no seu sitio. Eu a verdade é que compadezo moito a algunhas persoas do Grupo Socialista, que seguro que están pensando que están a pactar e a gobernar con quen di que a Transición é un pecado orixinal, que non inclúe o dereito a decidir das nacións e que non hai democracia porque non se recoñece o dereito de autodeterminación, etc. Efectivamente, cando estamos nun debate importante, o primeiro que hai que pensar é que estamos facendo aquí. Eu, que xa levo algún tempo e que sei que a calor do debate parlamentario ás veces nos leva por onde non quixeríamos, ou ás veces imos por aí precisamente para non ter que dar a cara sobre outras cuestións, creo que



sempre é bo recordar o que di o Estatuto, que despois de dicir no artigo 1 que Galicia está constituída en comunidade autónoma para acceder ao autogoberno, di que esta comunidade autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses.

E facemos, polo tanto, un debate hoxe que afecta xusto a esta obriga: primeiro, a de defender a democracia; é dicir, os mecanismos institucionais que temos, e logo a de respectar, evidentemente, os resultados das eleccións, pero tamén a democracia entendida como un límite ao poder e, polo tanto, un respecto ás competencias de cada un dos poderes dun estado democrático que traballan para garantir as liberdades, a solidariedade e o progreso compartido do conxunto da sociedade. E tamén, evidentemente, en defensa do pluralismo.

E xusto cando se fala de crise da democracia —en contra do que se dixo aquí—, nós pensamos que aí é onde está a crise da democracia. A defensa do valor do voto do pobo non se pode converter en populismo —aí hai unha primeira ameaza, e isto non é meu—. A segunda é que hai que defender as liberdades, pero non hai que ser neoliberal ou anarcocapitalista. E a terceira é que hai que defender o pluralismo e non o mesianismo nin pensar que un defende o conxunto do pobo se o pobo, precisamente, non o vota unanimemente, o cal non é propio dunha democracia.

Pois ben, ademais de defender a democracia, estamos defendendo un sistema complexo, que é o sistema federal que reflicte a Constitución española e que representa o Estado das autonomías. Os sistemas federais—e o sistema autonómico éo— caracterízanse porque hai dous gobernos que atenden con servizos públicos a mesma poboación e os dous gobernos teñen a mesma lexitimidade democrática. E precisamente por iso son propias dos sistemas federais tamén as disputas intergubernamentais. William Riker era un famoso politólogo americano, e no *Desenvolvemento do federalismo americano* afirma que as disputas intergubernamentais son inherentemente necesarias ao federalismo. Se non hai disputas ou é que o sistema federal foi completamente centralizado ou que se colapsou. Polo tanto, cando se fala de cuestións intergubernamentais, o certo é que iso é porque vivimos nun sistema democrático, constitucional, plural e ademais de corte federal.

E, precisamente, este debate afecta a isto, a ver como defendemos a democracia parlamentaria nun contexto dun sistema de corte federal como o Estado das autonomías, precisamente nun momento en que se cuestiona en moitos sitios con movementos autoritarios ou movementos independentistas que rachan coa idea principal, tanto na Unión Europea co *Brexit* como en España co xurdimento de partidos independentistas que xustamente atacan esa idea democrática, cooperativa e de relacións entre gobernos democraticamente elixidos.

Pois ben, democraticamente e lealmente Galicia, a través do seu Goberno e a través deste Parlamento, ten fixada unha axenda para as relacións co Goberno que rexe en España, co Goberno lexítimo da Administración central do Estado; unha axenda que, como xa dixen no último pleno, é pertinente polo momento, coherente polos seus contidos e congruente coa nosa acción política. Polo momento porque, despois dun longo período de interinidade selectiva —porque se podían aprobar reais decretos para unhas cousas pero para outras non, por exemplo, para financiar as comunidades autónomas—, resulta que hai unha nova maio-



ría —e remítome novamente ao artigo que publicou a semana pasada o exportavoz do Grupo Socialista— que ten demasiadas hipotecas con forzas políticas e con territorios que alonxan a Galicia de estar entre as súas preferencias, por moito que o único deputado do Bloque diga que ten conseguido xirar esa situación. O feito real é que nestes momentos os galegos nos enfrontamos a un goberno que prioriza outros territorios sobre Galicia.

Dicía que era unha axenda coherente porque ten uns contidos que son prioritarios; son tan prioritarios que 13 dos 25 que ten incluído o Bloque tamén están incluídos na Axenda galega, pero, sobre todo, é un contido que xa pasou enteiro por esta Cámara. Non é que reflecta o programa do Partido Popular, é que reflecte a opinión desta Cámara.

Fíxense vostedes que a Axenda galega foi debatida en 101 ocasións punto por punto nesta Cámara. E voulles dar máis información, 43 deses puntos que están na Axenda galega foron aprobados por unanimidade de todos os grupos. E máis información: ningún dos aspectos que está incluído na Axenda galega tivo nalgunha ocasión só o voto a favor do Grupo Parlamentario Popular. Polo tanto, estamos a falar dunha axenda debatida nesta Cámara e que reflecte claramente cal é o sentir e as necesidades maioritarias do pobo de Galicia.

Por iso podemos resumila en catro bloques.

O financeiro, cos 370 millóns de IVE. Despois de que escoitamos que era un teatrillo, etc., por fin xa non só a comunidade socialista, senón incluso algún socialista galego na Coruña, en Lugo, en Ferrol e en Santiago, reconece que isto hai que pagalo, e tamén se está empezando a actuar xudicialmente mesmo por obriga democrática, como dixo esta mañá algún dirixente socialista.

Evidentemente, imos seguir reivindicando eses cartos, sobre todo no día de hoxe, no que nos atopamos cun Partido Socialista que nos emenda e pide tempo porque levan tres semanas no Goberno. No Goberno levan tres semanas os de Podemos, vostedes levan ano e medio; é máis, levan ano e medio intentando resolver este problema que a ministra Montero exixía cando era conselleira de Facenda da Comunidade Autónoma de Andalucía e que lle prometeu a todas as comunidades autónomas que ía arranxar nada menos que no verán do ano 2018.

Pois ben, agora parece ser que piden tempo. Fíano a un sistema de financiamento autonómico reformado que vostedes paralizaron porque estaba moi avanzado no Consello de Política Fiscal e Financeira. Este consello leva sen reunirse practicamente vinte meses, aínda que está convocado para este venres, pero para este venres está convocado e, curiosamente, non inclúen na orde do día nin o pago do IVE nin as compensacións ás comunidades autónomas.

Eu creo que piden tempo para que se poñan de acordo entre eles os socialistas, porque temos a ministra de Administracións Públicas dicindo que non se pode pagar, o delegado do Goberno propón pagar os 200 millóns a través da reforma do sistema de financiamento, o señor Caballero propón pagalos a través dos orzamentos, Abel Caballero di que non lle importa nada e o PSOE da Coruña e Lugo propoñen pagalo xa. Debe ser que queren tempo para poñerse de acordo entre eles.



Hai formas de pagalo. Aquí aprobamos unha proposición non de lei tamén moi maioritaria que establecía sistemas de pago inmediatos. Non é necesario tempo para evitar crearlles un problema ás comunidades autónomas.

Evidentemente, os de Podemos tamén piden diálogo, pero tampouco incluíron no Pacto de goberno o pago da débeda coas comunidades autónomas, cuestión que é chamativa; tan chamativa, como xa dixemos antes, que o señor Rego, deputado que firma o acordo de goberno co Partido Socialista, di que é inxustificable que o Goberno español pretenda quedar cos cartos das comunidades autónomas e o que firma o pacto co PSOE o que nos pide é que xudicialicemos a política, que é xusto o que nos din que estamos facendo todos os días.

Os temas financeiros son importantes e nós, por certo, estamos a favor do financiamento autonómico e defendemos os pactos que nesta lexislatura fixemos co Grupo Socialista —dígo por se algún día se esquecen de que hai firmados acordos sobre como debe ser a reforma, desde o punto de vista galego, sobre o financiamento autonómico co Partido Socialista—, pero á parte dos temas financeiros, que son importantes, hai un bloque de infraestruturas que se refiren ao AVE, ao corredor atlántico de mercancías, á AP-9, pero tamén á AP-53, tamén á autovía Lugo-Santiago, Vigo-O Porriño e á da Mariña, que, evidentemente, inclúe obras de augas, portos e quitar a débeda do da Coruña, como se fixo co de Valencia.

O terceiro bloque son os sectores produtivos, para axudar as 5.000 familias de Alcoa e das electrointensivas —esta semana xa saben que o comité de empresa de Ferroatlántica advertiu da urxencia tamén para Ferroatlántica da aprobación dun estatuto electrointensivo—, as 750 familias das Pontes, os milleiros de traballadores que laboran todos os días nas cen empresas do complexo mar-industria na nosa costa ou todas as familias —en torno ás 80.000— que venden madeira a Ence e, por suposto, todos os traballadores das auxiliares do naval en Ferrolterra.

E, finalmente, o cuarto bloque, son os servizos públicos: en educación con materias como unha selectividade única, o 50 % da dependencia, escolas infantís gratuítas, como xa se está a facer en Galicia co segundo fillo; xulgados que están consensuados co poder xudicial; ou, por suposto, apoio ao turismo, que tivo o ano pasado os mellores resultados da súa historia e que, evidentemente, co Xacobeo recibirá un novo pulo.

A Axenda ten problemas específicos para axudar as familias galegas, pero tamén esta axenda é unha mostra de que se pode, desde o sistema, traballar respectando o que é a legalidade vixente en defensa dos intereses de Galicia. Vostedes con algunha cuestión, como o que pactaron co Bloque Nacionalista Galego e con outras forzas políticas, chegaron a acordos que lle fixeron dano a Galicia, priorizando outras comunidades autónomas sobre Galicia. Agora estamos nunha situación política onde o dano non só é a Galicia e ás súas familias, senón que pode ser un dano irreversible para o sistema.

E, precisamente para resolver os problemas das familias e apuntalar o sistema desde a convicción do bo que é para Galicia o Estatuto de autonomía e a Constitución, é polo que presentamos esta Axenda de Galicia, que contamos teña o apoio de todos os grupos da Cámara.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días de novo, señorías.

Desde logo, se non tivésemos memoria, diríamos que o PP nunca gobernara e, particularmente, que nunca gobernara en España. Como temos memoria, claro, hai moitas cousas desta axenda que nos parecen moi razoables pero nas que nos parece incompreensible que cheguemos a esta situación no momento no que estamos, cando puideron ser resoltas moito tempo antes e ademais foron obxecto de debate nesta mesma Cámara con posición altamente cambiante por parte do Partido Popular.

Por esta razón, moitas iniciativas que son aquí moi diversas e que se recollen nestes 25 puntos temos que completalas por distintas razóns. En primeiro lugar, por unha razón de memoria política e de hemeroteca. E, en segundo lugar, tamén porque nalgún caso temos discrepancias sobre as propias iniciativas, discrepancias lexítimas de carácter político ou de carácter ideolóxico. Entón, tendo en conta que son 25 medidas moi diferentes, nós estamos dispostos —e a isto vimos tamén aquí, á tribuna— a debater e, se é posible, a negociar e, se é posible, a emendar. Se se pode falar nese sentido, podemos chegar a acordos polo menos nalgunha das medidas. Se non se pode chegar a acordos e pretenden impoñérnola como un «trágala», pois a verdade é que con nós para iso non conten.

Voume referir a aquelas emendas que fixemos para que se entenda ben en que sentido as queremos emendar.

A primeira delas refírese ao pago da débeda do IVE. Estamos de acordo, dixémolo moi claro nesta Cámara. Tan claro o dixemos que no mes de novembro presentamos unha proposta de reforma lexislativa para que o Goberno en funcións puidese, entre outras cousas, facer a liquidación das entregas á conta como unha posible resposta a ese problema que estaba formulado. Ben, agora, estando de acordo con este punto, queremos engadir cal pode ser ou cal é a vía de reforma, entre outras cousas, para evitar a xudicialización da política á que se estaba referindo vostede agora. Nós pensamos nunha reforma legal do sistema de recadación do IVE que teña unha disposición adicional que estableza incluso o carácter retroactivo da disposición, para que ese diñeiro que está aí, que debemos de telo nas arcas públicas galegas para poder dedicalo a fins de interese xeral, poida estar no máis breve prazo posible, explicando tamén cal é a orixe desa situación, que é unha reforma operada por Montoro no ano 2017.

En segundo lugar, en relación co sistema de financiamento autonómico, nós baseámolo en tres principios básicos: o principio de soberanía fiscal, de suficiencia de recursos e de cooperación. Nalgún non estamos de acordo porque son debates de modelo e son modelos diferentes, pero noutros si, por exemplo, na cooperación. E a cooperación vai na clave do que vostede mesmo anunciou ou dixo en relación co propio funcionamento do sistema federal.



Polo tanto, creo que incluso se houbera vontade poderíamos discutir sobre os epítetos, sobre o novo modelo de financiamento autonómico.

No punto 5, en relación co sistema ferroviario, pensamos que se esquecen vostedes de toda a rede convencional, que é a rede básica que comunica o sistema de transporte de viaxeiros, e que, polo tanto, debía de ter unha mención específica; algo que, por certo, foi intentado durante toda a lexislatura nesta Cámara e votado en contra polo Partido Popular mentres gobernaron en Madrid, e iso tamén hai que dicilo.

No punto 7 saben que nós discrepamos co tema da A-57, que está recollida na Lei de estradas do Estado no seu anexo II como unha autoestrada que irá desde A Coruña ata O Porriño, pero nós pensamos que ese trazado na súa meirande parte xa o ocupa a AP-9; co cal, é moito máis produtivo facer pública a AP-9 que construír en paralelo, a menos de 10 quilómetros de distancia, unha autovía.

No punto 10, estando de acordo coa necesaria reforma do sector eléctrico para as electrointensivas, pensamos que esa reforma debe de beneficiar tamén as familias para evitar as facturas abusivas no recibo da luz, e ten a mesma relación co *lobby* eléctrico que o que garda en relación coas grandes empresas.

No punto 11 discrepamos na forma de asumir o conflito que hai co peche das Pontes. Nós pensamos que está ben pechala e que o que cabe exixir do Goberno español é unha adaptación inmediata das oportunidades laborais e unha formación de programas remunerados para que ninguén perda o emprego e se reciclen para o desenvolvemento dunha nova estratexia de carácter industrial con relación ao *hub* da enerxía eólica mariña; polo tanto, para que non deixase a ninguén na rúa.

Isto había que telo preparado moito antes, pero o Goberno do Partido Popular durante estes dez anos esqueceuse de facer iso. Ben, sobre o pasado xa non podemos facer nada, pero para o futuro nós pensamos que o que se debe facer é evitar que ninguén quede no paro, e a mellor maneira de facelo, buscando tamén xa a saída laboral do futuro, é esa que propoñemos nós.

Nós non estamos a favor de que non se desenvolva a Lei de costas, debe de facerse e, polo tanto, a certeza xurídica vén do desenvolvemento da lei, por iso, en concreto niso, non estamos a favor diso.

Vou rematando xa.

En relación coa fiscalidade da tecnoloxía diésel, nós cremos que o que debe facerse con relación ao sector da automoción é adaptarse aos tempos, non resistirse a eles. E adaptarse significa promover a reorientación do sector cara ao vehículo eléctrico e o transporte colectivo eléctrico.

Despois, en relación coas fragatas F-110 e á carga de traballo, todo o mundo sabe, porque tivo relevancia pública e son papeis que foron recoñecidos e non cuestionados por ninguén,



cal foi a causa do atraso deses dous anos, que foron intereses particulares do exministro Morenés.

Remato, que me quedan dúas cousas nada máis.

No apartado 19 cremos que non se debe de paliar o tema da educación de 0 a 3, senón que se debe de recoñecer o dereito á educación de 0 a 3 como un dereito subxectivo.

E, finalmente, no punto 22 nós pensamos que debemos de avanzar cara á consecución dunha policía galega integral que asuma, polo tanto, todas as competencias en materia de seguridade pública no noso país, tal como, entre outras cousas, recolle, como vostede sabe tamén, e permite o Estatuto de autonomía de Galicia.

Con estes marcos podemos falar e, se están dispostos a aceptalas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...votamos por puntos as que vostedes vexan e así...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...avanzaremos nesa Axenda galega supersinxela.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Como vexo que nas filas populares se *suliveyan* con algunhas descrições que facemos do seu comportamento político, voulles dicir unha cousa. O máis grave que se dixo na mañá de hoxe neste Parlamento foi dicir que o BNG non é un partido democrático; iso foi o máis grave. (*Murmurios.*) Comparado con iso, o demais é *peccata minuta*. Por certo, que vostedes utilizan esas descrições, esas caracterizacións cos demais, pero teñen a pel moi fina, porque lles escoitamos aquí estes días cualificacións, acusacións e descualificacións, sobre todo, moi graves.

Miren, se tivésemos que comparar o Partido Popular cun animal —isto é unha figura retórica, enténdanme ben— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) compararíámolo cun can; pero non sería un can de palleiro —un can de raza galega, que está recoñecido como raza galega, e que é un can precioso—, sería —non sei— un caniche ou un can salchicha ou incluso podería ser un deses cans que se levan nos coches na bandexa de atrás e que van facendo así, ¿non? (*O señor Bará Torres asente facendo movementos coa cabeza.*) ¿Teñen visto, non? (*Murmurios.*) Si, si, vostedes estiverono facendo durante dez anos, estiveron facendo así: si, bwana, si, bwana, si, bwana, e agora queren facerse pasar por... ¡Pero non nos tomen o pelo! ¡Se vostedes estiveron como os cans da bandexa da parte de atrás do coche, dándolle



á cabeza a Madrid! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estiveron todo o tempo así. Entón, non se queiran vestir agora de algo que non son.

E, claro, o can atopou un óso, atopou un óso xa comido, lambido, ao que lle quedan alí unhas frebas, e púxose roe, que roe, que roe, que roe co óso a ver se sacaba algo. Ao final, é un xoguete. Ao final, é un xoguete no que están aí roendo, roendo, roendo, pero xa non ten nada que comer, só é o óso, e vostedes seguen aí como o can, roendo, roendo e roendo.

Esa é a política que fai o Partido Popular. ¿Por que fai iso? Porque ten que ocultar a súa inutilidade, a súa incapacidade, e porque non ten medidas realmente de avance, (*Aplausos.*) de progreso e de transformación deste país e ten que facer esta cortina de fume tapando as súas vergoñas. Esta é a motivación fundamental desta Axenda Galicia, que, en realidade, non é a Axenda Galicia, é a Axenda de Xénova. Porque a vostedes déronlles a orde, o churrubío, tocáronlles o churrubío; dixéronlles que había que cambiar a tocata, como fixeron cando tocaron o churrubío para que viñese Feixóo apresuradamente de Estados Unidos para ir a unha manifestación á que dixo que non quería ir. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dixo primeiro que non quería ir, pero tocáronlle o churrubío, por iso dixen eu o que dixen antes, porque está teledirixido desde Xénova. E agora o mesmo, agora déronlle o toque de atención, a chamada, o churrubío de que había que utilizar todo o poder institucional do Partido Popular para facer oposición. Porque o curioso do caso é que vostedes xa están instalados na oposición, xa teñen mentalidade de oposición. Isto non vén mal, porque así xa se van preparando para a tarefa que van ter dentro de pouco en Galiza, que van cambiar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A metade de vostedes xa non vai estar aquí, por certo. (*Murmurios.*)

Ben, pois, entón, queren facer que lle poñamos a sinatura debaixo a algo que é totalmente incoherente co que levan vostedes facendo durante todos estes anos. E, despois, podemos estar de acordo nalgunha das propostas que veñen aquí, pero outras son absolutamente infumables, e nós non as imos, desde logo, apoiar.

E xa nos parece o colmo que veña aquí o señor Puy dicir que o problema é que o Goberno do Estado prioriza outros territorios. Bueno, para empezar, iso é o que estiveron facendo vostedes durante todos estes anos cando pactaban —¿sabemos como pactaban?, falamos antes diso—. Pero, ¿sabe a quen priorizaron os gobernos do Estado nos últimos anos, na última década, en todo este tempo? A Madrid. Madrid é o auténtico beneficiario das políticas de investimentos e das políticas fiscais do Estado español; é unha auténtica subcionadora, é unha centrifugadora dos recursos que atrapa. ¿Sabe vostede, señor Puy —que vostede disto sabe algo—, canto recada Madrid en materia de imposto de sociedades? O 44 % de todo o Estado. ¿Sabe canto recada Madrid en cuestión de IVE? O 50 % do Estado. Ese é o centralismo, esa é a axenda da dereita, esa é a axenda do Partido Popular, a axenda de España, a axenda de Madrid, e o BNG está aquí para defender a Axenda galega, a axenda de Galicia, non a súa axenda centralista.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.



Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Santos.

O señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Puy, ¡menudo papelón veu facer hoxe aquí! Ante as chapuzas de goberno do señor Feijóo, sempre o mandan a vostede a defender o indefendible, nunha especie de misión imposible, porque é o único deputado do seu grupo que aínda ten algo de credibilidade cando fala.

Vén hoxe vostede emendar a desastrosa comparecencia do vicepresidente da Xunta, o señor Rueda — que non puiden ver en directo, pero que si vin a posteriori, como é a miña responsabilidade—; unha comparecencia surrealista porque o señor Rueda foi incapaz de defender a proposta do Goberno porque non a cría nin el.

Señor Puy, sabe perfectamente que vostedes non teñen autoridade moral para falar dos 200 millóns do IVE porque o primeiro que nos meteu nun pufo sen precedentes aos galegos e ás galegas coas súas bravuconadas foi o señor Feijóo. O presidente da Xunta, facendo uso da súa característica prepotencia na xestión da crise, preferiu pedir prestado aos seus amigos da banca privada que utilizar os mecanismos de financiamento estatal, como outras comunidades, para sacar peito —pese a que existía un interese menor nestes créditos— e dicir que a Galicia non lle interviñeran as contas. Pero o que non explica é que esta broma supuxo un sobrecusto en intereses para os galegos de 516 millóns de euros entre o ano 2012 e o 2016.

¿Cando pensa subsanar o señor Feijóo os cartos deste pufo ás galegas? Porque eu exixo como contribuínte que o faga, e, coma min, a maioría das que vivimos neste país. E máis cando esta semana nos enteramos de que o presidente da corrupción M. Rajoy utilizou 500.000 euros dos fondos reservados para investigar a Bárcenas a través das cloacas de Interior, despois do memorable «Luis, sé fuerte». ¿Non cren que merecemos, como mínimo, unhas desculpas e que nos devolvan os cartos, señores constitucionalistas do Partido Popular?

Pero, miren, igualmente, eu quero agradecerlles —e o meu grupo tamén— esta iniciativa, porque deixaron por escrito a lista completa de incumprimentos de todo o que non fixo o señor Feijóo e o seu goberno en dez anos de maioría absoluta e en sete anos de goberno do Estado do señor Rajoy, catro de maioría absoluta tamén. Aforrounos o traballo.

Traen unha iniciativa que é un panfleto de propaganda barata e mala. Por iso, nós presentamos unha emenda con 24 medidas que si son unha verdadeira Axenda galega con credibilidade, porque a levamos defendendo dende o Grupo de AGE nesta lexislatura aquí e no Congreso dos Deputados, nos concellos e nas rúas cos movementos cidadáns.

Curiosamente, moitas das propostas que vostedes traen neste panfleto de propaganda as presentamos nesta Cámara durante esta lexislatura e, sen embargo, vostedes votáronas constantemente en contra, aquí e no Estado, e noutros sitios xa son ciencia ficción.

¿Queren apostar por unha axenda galega malia que sexa dez anos tarde? Bueno, pois acepten a nosa emenda, se queren un mínimo a Galicia e á súa xente, e academos un acordo por eles,



porque para poder subscribir panfletos de propaganda mala e barata coma este non nos van atopar.

Miren, voulles dar varios exemplos claros de como hoxe veñen insultar os galegos e galegas e a nosa intelixencia; propostas que vostedes desbotaron sempre ou ás que se opuxeron directamente:

Novo modelo de financiamento autonómico máis favorable para Galicia. O PP de Galicia sempre estivo en contra. Nunca solicitaron incrementos de orzamentos ao Estado para a sanidade e o seu persoal, para dependencia ou para as escolas infantís de 0-3 anos. Non falaban nin delas.

Infraestruturas: ferrocarril, estradas, intermodais... ¡Un desastre! Vailles estoupar un novo Verín en Ourense, como non recúen coa súa decisión da intermodal.

Transferencias para Galicia en dez anos, cero, pero ao señor Puy parécelle perfecto. Non solicitan —nin suplicándollo— os xulgados específicos en materia de violencia machista para Galicia, que tanta falla nos fan, pero lazos violetas, a moreas. No de demandar a creación da Fiscalía Anticorrupción específica para Galicia, co problema tan grave que temos con esta lacra para as arcas públicas galegas, vostedes sempre están en contra. O partido condenado por corrupción nisto é consecuente cos seus actos.

¡Coidado coa xestión do Xacobeo e cos contratos do Son do Camiño!, porque hai indicios de irregularidades que a ver onde rematan.

Parque público de vivenda autonómico que en tres anos dea resposta a case 14.000 galegos. O PP está en contra. Vostedes confórmanse co seu desastroso parque público, que, dende que botou a andar, ten o exitazo de alugar tres vivendas.

Levan dez anos destrozando a sanidade pública galega e facendo agonizar o Sergas, o seu persoal e os pacientes. Ante calquera proposta de mellora sobre a atención primaria ou tantas necesidades que ten a sanidade, o PP sempre está en contra.

Ante a subida do salario mínimo interprofesional e a subida das pensións —que en Galicia temos as máis baixas do Estado, sobre todo as mulleres, e que foi o que fixo en quince días ese diabólico goberno e a nosa ministra Yolanda Díaz, feito que beneficia a máis dun millón de galegos e galegas—, o PP enlouquecido e en contra.

Ante un verdadeiro plan de industrialización para Galicia, que, dende que vostedes gobernan, dende o ano 2009, temos 22.500 ocupados industriais menos, o PP tamén en contra. Ante as transferencias de Portos, o PP en contra.

E xa vou rematando. O exemplo máximo é o da AP-9. Sete veces votaron en contra de demandar nesta Cámara a transferencia da AP-9; iso si, volveron aprobar unha nova concesión que é un atraco á man armada e que supuxo a subida de peaxe máis cara de todo o Estado español. E coma se isto non fose suficiente, a única ocorrencia da Xunta para competir coas



lucos do Nadal de Vigo é propor un despregamento lumínico na ponte de Rande que custará entre 500.000 e un millón de euros. O cal, señor Puy, nos indigna enormemente.

Nós queremos unha rebaixa das peaxes con paso previo á gratuidade da autopista, que levamos defendendo anos e anos co seu voto e a súa posición en contra, nin máis nin menos que o mesmo que as radiais madrileñas quebradas e rescatadas cos cartos públicos do PP de Madrid. Fíxese que sinxelo. ¿Ese é o seu compromiso coa Axenda galega, de verdade?

Míren, non nos fagan rir...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...señor Puy, que é moi serio, e repítolle, ¡menudo papelón lle tocou hoxe! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Puy, se este non fose un asunto tan serio, eu podería dicir que, dentro dese furor epistolar que ultimamente os caracteriza, esta sería ou podería ser a carta de don Alberto ao Goberno de España, capítulo II —porque o capítulo I foi a comparecencia do vicepresidente—, versículos do 1 ao 25. Naqueles tempos dixo Feijóo: «Estas son as nosas demandas ao Goberno de España». Pero non, o asunto é serio e non debe dar lugar a chanzas.

Dixo vostede na súa primeira intervención que este goberno estaba conformado por estranhos compañeiros de cama. Entendo que dicir «compañeiros de cama» lle engade un valor cualitativo menor que dicir matrimonio, porque a linguaxe non é neutra e a forma de dicir as cousas, tampouco. Pero o certo é que matrimonio, compañeiros de cama ou parellas de feito, como lle queiran chamar, é o que vostedes teñen con quen cuestiona o modelo autonómico, que tanto se encareceu vostede en defender na súa comparecencia. (*Aplausos.*)

E falamos da Axenda Galicia, non da axenda de Galicia nin da axenda galega; falamos da Axenda Galicia porque vostedes se apropian da comunidade autónoma. E, como dixo vostede, dentro desa envolvente que conforman os dous gobernos nun sistema de corte federal como, efectivamente, é o autonómico, porque prestan servizos dous gobernos sobre a mesma poboación, ambos gobernos, entendo, teñen obrigas e, por ende, ambos deben de impulsar iniciativas. E aquí, nesta Axenda Galicia, só hai obrigas para un dos gobernos. Entón, a pregunta necesaria que nos debemos formular é: ¿non forma parte da Axenda Galicia a acción da propia Xunta de Galicia? (*Aplausos.*) ¿Ou é que esta iniciativa que vostedes presentan é en si mesma un aparte do programa do Partido Popular? Porque no momento en que confundimos goberno e partido temos un problema serio. Claro que ese non é un problema *ex novo* que se dea nesta comunidade autónoma con vostedes no Goberno.



O noso grupo presentou quince emendas a esta proposición non de lei. E quero chamar a atención porque é todo un indicador que, desas quince emendas, trece sexan de adición. Polo tanto, tampouco cuestionamos o texto que as precede, só que consideramos que é necesario engadir algunha cousa. E as outras dúas son de modificación.

Dentro das de modificación, evidentemente, temos que falar do punto 1, da famosa guerra do IVE. A famosa guerra do IVE é un problema que xerou un goberno do Partido Popular, e vostedes non queren que a opinión pública sexa consciente de que este problema foi xerado polo ministro Montoro con esa regularización do ano 2017 do IVE, que supuxo que se liquidaran once meses nese ano e trece no seguinte.

Polo tanto, entendemos que a solución a esa problemática debe ir por un adecuado financiamento da Comunidade Autónoma que inclúa —ademais, poñémolo— cuestións pendentes especificamente, como o IVE do ano 2017 e outras partidas e incentivos que correspondan legalmente.

No punto número 3, da aprobación da Estratexia nacional fronte ao reto demográfico, están vostedes para falar de políticas de reto demográfico, de respostas adecuadas. Polo tanto, tamén emendamos dicindo que o Goberno galego debe tomar decisións importantes neste ámbito.

Do punto número 5, sobre a realización de infraestruturas ferroviarias pendentes en España, falaremos hoxe pola tarde un pouco máis extensamente, pero que veñan vostedes pedir xusto isto cando o Tribunal de Cuentas acaba de facer público o que acaba de facer é para nota. Porque como o Goberno galego terá algo que dicir na Axenda Galicia, ao mellor tamén sería pertinente que presentaran vostedes algún tipo de impulso decidido para o Plan Move.

Señor Puy, é absolutamente imposible —porque unha conta ben sinxela di que tería 20 segundos para falar de cada unha das emendas— que eu relate absolutamente todo o que temos emendando. Vostedes coñecen o texto, vostedes saben que nada do que poñemos aí falta á verdade e, polo tanto, é responsabilidade súa, se queren chegar a un verdadeiro compromiso e apoio por parte do noso grupo con esta Axenda Galicia, que o Goberno da Xunta de Galicia asuma as responsabilidades que tamén ten dentro deste sistema cuasifederal ou autonómico que nos caracteriza. Polo tanto, pedímoslle que, se quere o noso apoio, aprobe as nosas emendas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, moitas grazas.

Eu comecei dicindo que estabamos a falar das relacións da Comunidade Autónoma co Estado. Polo tanto, é lóxico que isto se centro niso. O resto do pleno estamos falando do que ten que



facen a Xunta. Agora estamos falando en ben dos galegos, que é o que a Xunta e o Parlamento de Galicia lle teñen que pedir ao Estado nun contexto dun goberno de corte cuasifederal, onde hai dous gobernos lexitimamente democráticos que atenden as mesmas persoas.

E nesa Axenda, como xa quedou claro tamén na comparecencia do vicepresidente, hai cousas de atrás da AP-9 ás que votamos aquí sempre a favor e que en Madrid non saíron. Tampouco saíron cando gobernaban os socialistas en época de Zapatero, que tamén o pediramos. Hai cousas que estaban en marcha e que o Goberno, coa moción de censura, non puido materializar. Por exemplo, temos o antecedente de que o Goberno do Partido Popular pagou 85 millóns de euros como incentivo por ser unha comunidade cumpridora no ano 2016, temos o antecedente de que o Partido Popular incluíu iso nos orzamentos e temos o antecedente de que o Goberno socialista ignorou completamente o que din os orzamentos nos anos 2017, 2018 e que nos deben 170 millóns de euros. Polo tanto, hai cousas que estaban encarriladas que permanecen e hai cousas novas.

Xa dixemos que non houbo problema de que foran pechar as empresas electrointensivas; foron vostedes os que meteron nun lío as empresas electrointensivas. Non estaba pechando a central das Pontes, se non chegan vostedes a adiantar a transición enerxética, facéndoa inxusta. E non había problemas coa Lei de costas porque se interpretaba axeitadamente, e foi o seu goberno o que declinou defender esa interpretación nos tribunais.

Polo tanto, son cousas que había de antes, que estaban encarriladas e que vostedes deixaron aparcadas e cousas nas que vostedes crearon problemas novos. E, por suposto, este Parlamento ten todo o dereito de pronunciarse sobre elas. Veremos como se pronuncian vostedes.

Vostede o único que defendeu do acordo do Goberno co Bloque foi que haxa goberno, e a min paréceme moi ben; agora é vostede o que ten que conciliar o compañeiro de cama que elixiu, un que está en contra da Constitución, que é independentista, que quere apoiar referendos en Cataluña, etc. Ese non é o noso problema.

A frase vén do século XIX. É unha frase de Shakespeare, que di que «a caridade e a necesidade fan estraños compañeiros de cama». É un clásico británico. Evidentemente, vostedes poden elixir con quen compartan o seu repouso, pero saiban que son vostedes os que o comparten e non, desde logo, nós.

Señor Bará, sus perfúmenes non me *suliveyan* o máis mínimo, pode vostede estar tranquilo. O que eu constatei e vostede non desmentiu é que vostedes, sempre que teñen oportunidade, corren apoiar o Partido Socialista, sempre; fixérono nos tempos de Zapatero e fixérono agora, no último momento, co Goberno do señor Sánchez. E fano coincidindo co Partido Socialista máis sucursalista que houbo en Galicia en moitos anos —cousa que podemos comprobar todos os días— e co que aprobou un orzamento que era o máis lesivo para Galicia en moitos anos.

Vostede falaba de cans. Hai un refrán galego que di: «Ao can que moito ladra bótalle un óso e verás que logo cala». Xa vemos que rápido calaron vostedes co Partido Socialista. (Aplausos.)



E miren, os deputados galegos do Partido Popular, do mesmo partido que goberna en Galicia, foron os que conseguiron salvar a España e a Galicia do rescate, por iso non pagamos os médicos, como fan en Portugal, co goberno de esquerdas, por exemplo.

Os deputados do Partido Popular nas Cortes completaron a meirande parte das obras da alta velocidade. Ata o propio Ábalos recoñeceu, cando presentou o Proxecto de orzamentos, que reduciu investimento en Galicia. Decía Ábalos que era porque xa estaba rematado o AVE. O presidente que en plena crise económica licitou obras por máis de 200 millóns de euros para a autovía Lugo-Santiago foi apoiado polos deputados do Partido Popular. A autovía do Cantábrico finalizouna o Partido Popular. Puxo en marcha en 2015...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...o Eixo Atlántico ferroviario, despois dun investimento de máis de 800 millóns de euros na lexislatura, e conseguimos tamén, os deputados do Partido Popular no Congreso, deixar de pagar 7 millóns ao ano por unhas peaxes que a Xunta, gobernada polo BNG, decidiu xenerosamente subvencionarlle ao Ministerio de Fomento.

Señor Bará, cando o señor Rego teña un balance minimamente equiparable ao dos deputados do Partido Popular en Madrid, que veña aquí, e...

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor PUY FRAGA: ...nós recoñecerémolo, pero, primeiro, que traia algo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor PUY FRAGA: Pídeme o señor presidente que me pronuncie sobre as emendas. Nós ofrecemos ao BNG incorporar o tema da Comisión Mixta de Transferencias, o seu punto terceiro, como unha engádegas do noso punto sexto, non hai ningún inconveniente. E incluso pese ao ánimo conciliador e sempre destacado que nos trouxo a señora Santos a esta tribuna, estamos dispostos a aceptar, en aras dese consenso, o punto da cadea alimentaria, que é o 24 da súa emenda, e a incorporalo ao noso texto. É un problema novo dos que xurdiu, como estamos a ver polas manifestacións dos agricultores. Non nos importa substituír o seu punto referente á Lei de costas, que é o 13, polo noso 12, e mesmo aceptar a súa emenda en relación coas empresas electrointensivas, que sería substituír o 10 que ten o escrito do PP polo 21 do Grupo Común da Esquerda.

Das emendas do Partido Socialista, eu vou ler unha. Sobre as empresas electrointensivas, o que propón é: a diferenza do que pasaba cando gobernaba o PP, que nin iniciou un estatuto para as electrointensivas, poñemos en valor o traballo do Goberno e instamos a acelerar os prazos o antes posible. *(Murmurios.)* Ínstannos a acelerar os prazos o antes posible para que se faga un estatuto das electrointensivas que xa tiña que estar aprobado no primeiro consello de ministros do Goberno. *(Murmurios.)* Miren, a verdade, prefiro non ler moitas das súas emendas...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...porque dan certa vergonza allea. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: E nós aínda temos vergonza allea.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Mixto.

Estaba pendente unha transacción. Se nola le, señor Villares...

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente, hai unha transacción que coñecen todos os grupos da estruturación da proposición non de lei en tres puntos. Entón, pídesese tamén a votación por puntos, que son os tres, e que coñecen todos os grupos.

O señor PRESIDENTE: Bueno, entón, estamos de acordo con esa transacción. E pídesese a votación por puntos. ¿Hai que separar os tres puntos? (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Só o segundo punto? (*Asentimento.*)

Votamos, entón, o segundo punto.

Votamos.

Votación do segundo punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura da enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza nos centros públicos e privados concertados de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 15.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este segundo punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto dos puntos desta transacción.

Votamos.



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, agás o punto segundo, sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura da enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza nos centros públicos e privados concertados de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto e, polo tanto, esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto. E estaba pendente unha transacción cos grupos... Non sei, vostede leranos esa transacción.

A señora VILÁN LORENZO: Mantense o texto orixinario. E á emenda de adición do BNG engádesse dende onde pon «asemade, insta a Xunta de Galicia», ata «por non tratarse dunha modificación puntual, senón dunha revisión substancial das condicións recollidas no actual PXOM». E remata aí, nese punto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos esa transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do Sr. Jove González.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Xan Xosé Jove González e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sustentabilidade da especie en augas interiores.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Martín Fernández Prado.*

Non se aceptaron as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para retomar o proxecto de construción do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, en Lugo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais de pertenza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga.

Non se aceptan as emendas, pero si unha transacción, que foi explicando...

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

O señor VILLARES NAVEIRA: Creo que non houbo un posicionamento concreto sobre as emendas do Grupo Mixto, e ademais pedimos a votación por puntos. Entón, sostemos esa petición.

O señor PRESIDENTE: Señor Puy, ¿necesitan un tempo? *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pois suspendemos momentaneamente o pleno para que poidan falar.

(Suspéndese a sesión durante uns minutos.)

O señor PRESIDENTE: Señor Puy, cando queira. Ten a palabra.

O señor PUY FRAGA: Non houbo ningún acordo. Cito literalmente o señor Bará: «porque prefiren outros compañeiros de cama». *(Risos.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entón, votamos tal como está a proposta.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 4; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Reanudamos a sesión plenaria.

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde tamén, señor Rodríguez.

Hoxe desde o BNG traemos esta interpelación para falar de cultura, e falar de política cultural merecería toda a tarde, pero non a temos —o tempo é limitado—; o que si podemos —e creo que é bo, que é necesario e que debemos facer— é facer memoria, porque levan vostedes gobernando este país máis de dez anos. E ¿que é o que aconteceu en Galiza durante a última década? Que actuaron vostedes, señor Rodríguez, como unha auténtica brigada da demolición da cultura deste país. *(Aplausos.)*

E imos facer un pouco de memoria. Cando chegou o Partido Popular á Xunta de Galiza —imos remontarnos a unha época que a vostedes lles encanta, así que viaxen con nós agora—, no ano 2009, existía neste país unha Axencia Galega das Industrias Culturais, recién creada, cun enorme potencial ademais. Acababa de aprobarse practicamente unha Lei do libro e da lectura —por unanimidade, por certo— nesta cámara, que situou o sector editorial por primeira vez como un sector estratéxico; aprobábase un Plan galego das artes escénicas, consensuado co sector; creábase unha Axencia Audiovisual Galega, que era referente no conxunto do Estado, e da que por certo naceu o novo cinema galego, que tantos éxitos nos está a dar aquí no país, pero tamén a nivel internacional; puxérase en marcha a plataforma Flocos.tv —eu non sei se a xente a lembra, algunha si—, que era un portal de difusión e de encontro entre profesionais da creación e os seus públicos; creouse esa plataforma Flocos.tv nun momento no que nin tan sequera se falaba das plataformas dixitais; creouse o Centro Coreográfico Galego, que en tres



anos foi motor de creación e formación no mundo da danza, que é para o que foi creado; impulsouse o Centro Dramático Galego, que tiña liñas de traballo ademais moi novidosas e moi diversificadas, e unha rede galega de teatros e auditorios cos mellores resultados de programación da súa historia.

En dez anos, señor Rodríguez, en dez anos o Partido Popular desmontou todo, absolutamente todo. Comezaron vostedes a década atacando a lingua galega co mal chamado Decreto do plurilingüismo, e parece que todo apunta a que queren rematala desmantelando, centro a centro e programa a programa, a cultura deste país.

E a proba do nove desa —imos chamarlle— década escura —polo menos nos sectores culturais xa se lle vai coñecer así: década escura— atopámola nos orzamentos. Recortaron vostedes até a saciedade, ¡até a saciedade!, o 60 %, só superado ese recorte polo recorte que practicaron en política lingüística, que foi superior ao 70 %. E aínda hoxe, no ano 2020, o orzamento de cultura está por baixo do que había no ano 2012.

A cultura, que é un dereito —a cultura é un dereito que ademais xera riqueza—, representa no noso país o 2 % do produto interior bruto e máis do 3 % do emprego, aínda que sexa en condicións cada vez máis precarias. Con todo, o Partido Popular inviste en cultura apenas o 0,6 % do orzamento da Xunta, nin sequera o 1 % do orzamento. Dez anos de asfixia económica que non cesa, e denunciámolo ademais desde o BNG aquí nesta cámara non hai moito tempo. Vese neses recortes que vostedes levaron a cabo nos orzamentos para 2020.

O Centro Dramático Galego, 250.000 euros menos que no ano 2019; iso é un recorte do 40 %. O Centro Coreográfico Galego, menos 100.000 euros, o 66 % por cento de recorte a respecto do ano 2019; e o CGAI, 50.000 euros menos; por certo, mantense sen dirección e moitos nos tememos que vostedes pretenden facer con el o mesmo que co Centro Coreográfico. Porque son vostedes —teño que dicírllelo— insaciables (*Aplausos.*), ¡insaciables!, e non van parar até acabar con todo.

Recortan ademais o diñeiro que debería ir destinado aos sectores culturais para seguir engordando o espectáculo do Xacobeo. Dez anos reducindo ademais a produción dos centros públicos, nomeadamente do Centro Coreográfico e do Centro Dramático, até a mínima expresión. E un bo exemplo témolo no Centro Dramático, que chegou a desenvolver, a producir cinco producións ao ano, e agora, co orzamento que ten, mal que ben, chega a unha.

Aproveito tamén para saudar, en nome do BNG, o novo director do Centro Dramático, Fran Núñez, e desexarlle, de verdade, sinceramente, todos os éxitos. Con 250.000 euros menos que a anterior dirección, igual o que vemos é obrar o milagre dos pans e dos peixes.

Dez anos de reformas de costas aos sectores culturais, xa non sen consenso, xa non sen consenso, directamente, sen diálogo nin información ningunha, como vimos co novo estatuto da Agadic; unha reforma que denunciaron publicamente non só o BNG nesta cámara —que tamén—, senón a Asociación de Actrices e Actores, a Academia Galega de Teatro, o sector da danza ou Músicas ao Vivo. Porque vai en contra, señor Rodríguez —e vostedes sábeo per-



fectamente—, dos intereses da cultura deste país, en dirección oposta das demandas do sector, demandas que levan expresando de maneira constante, de maneira reiterada durante anos; tantas veces as formularon como vostedes as desouviron.

Mire, desde o BNG pedímoslles naquel momento que retirasen esa proposta polas gravísimas consecuencias que tería especialmente para as unidades de produción. O señor Sutil en comisión dedicouse a negar, por activa e por pasiva, que a reforma fose introducir tales mudanzas, que ía quedar todo igual, e apenas uns días despois, no marco dunhas xornadas organizadas polo Consello da Cultura, saltou a lebre e anunciou a desaparición *de facto* do Centro Coreográfico Galego. Queda sen dirección, queda sen departamento propio, e cos pírricos 50.000 euros que lle deixan nos orzamentos —tiritando, señor Rodríguez— é o mesmo que facelo desaparecer.

E ¿sabe que lle dicimos desde o BNG? Que até aquí chegamos, que até aquí chegamos, que o primeiro que teñen que facer é sacar o señor Sutil como director da Agadic, que é unha persoa que non está á altura das circunstancias, (*Aplausos.*) e o peor de todo é que non ten a mínima vontade de estar. Pedímoslles, ademais, encarecidamente que o pouco tempo que lles poida quedar na Xunta de Galiza que paren, que paren de verdade, que deixen de desmantelar a cultura deste país.

Mire, levamos toda a lexislatura pedíndolles que abran unha mesa de negociación, que senten cos sectores culturais, que senten coas entidades que representan especialmente as artes escénicas e a danza e que doten o Centro Dramático e o Centro Coreográfico de autonomía, dun estatuto propio e dunha entidade autónoma de xestión, que é o que marca a Lei de creación do Agadic, do ano 2008. Porque este país, señor Rodríguez, de verdade, sinceramente, merece máis, merece máis que ter un goberno nas mans dunha forza política que, en vez de aproveitar todo o potencial que ten este país, leva dez anos dedicado a acabar con todo aquilo que representa a identidade deste país. (*Aplausos.*) Paren, paren de verdade e rectifiquen, retiren esa reforma da Agadic e abran unha mesa de negociación sincera e con vontade, polo menos, como mínimo, de escoitar.

Máis nada de momento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta do conselleiro de Cultura e Turismo, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Rodil, a verdade é que, escoitándoa a vostede e visto o visto, comezou a súa intervención dicindo que o Partido Popular levaba dez anos gobernando este país —afortunadamente—, e seguramente, visto o visto, vai botar polo menos catro máis, jeh!, sen dúbida catro máis (*Aplausos.*), porque se todo o seu plantexamento nesta liña se basea e se funda-



menta en reivindicar un legado, creo que bastante escuro, no ámbito da cultura, por todo, fundamentalmente polo que din os creadores no ámbito da cultura en Galicia, pois realmente catro anos máis imos estar moi tranquilos con vostedes na súa liña de traballo.

Fala de desmontar, de recortes. Digamos que é un discurso absolutamente de serie. Creo que se dicía pola mañá: máximo orzamento nunha área concreta da Xunta de Galicia, e seguen falando de recortes.

Desmóntase todo. Ben, a verdade é que, contrariamente a vostede, nós temos e sentimos un grande orgullo da nosa cultura, estamos tremendamente orgullosos da nosa cultura e dos nosos creadores. Ten unha boa saúde e un gran protagonismo en Galicia, sen dúbida. E facémolo sen ningunha soberbia, facémolo con humildade, e respectando sempre todas as manifestacións culturais do país. E creo que non só en Galicia a cultura ten unha boa saúde, senón que certamente nos fan recoñecementos dende fóra, tanto a nivel nacional como a nivel internacional.

Preocúpame tamén o que di vostede —que xa é habitual, porque xa llo teño escoitado máis veces— de que o Xacobeo é un espectáculo que non apoia a cultura. Eu simplemente a invitaría a vostede a que vaia visitar a exposición «Galicia, un relato no mundo». Se iso non é cultura, pois realmente estaremos ben equivocados, pero, se non, estarán vostedes equivocados. Eu incluso creo que algún destacado dirixente do Bloque fixo algunhas alusións a esta exposición do Xacobeo, para que vostedes cuestionen se é ou non é cultura.

Porque tamén é moi fácil e creo que tamén fai falta un plus de certa soberbia ser os que definen o que é cultura e o que non é cultura, o que merece ese cualificativo e o que non merece ese cualificativo. É dicir, a min gústame isto porque é o que me gusta a min, e obviamente esta é a boa, a válida, a pulcra, a limpa, e a outra non. (*Aplausos.*)

Nós realmente temos unha forma moi diferente. Como digo, está gozando dunha moi boa saúde de ferro, cando hai creo que un recoñecemento, xa non digo en Galicia, fóra de Galicia tremendamente positivo.

Di vostede tamén na súa exposición de motivos que lle causou un grande impacto o anuncio da reforma do estatuto da Agadic; di, en concreto, «perplexidade». Estamos ante unha reforma organizativa e técnica, absolutamente organizativa e técnica, que obviamente non vai supor ningún tipo de modificación do traballo cotián na axencia; simplemente, facer unha estrutura e unha ordenación interna mellor da que había.

Nós entendemos a cultura —digamos— con tres fundamentos claros. Primeiro, a cultura é un dereito, é un servizo esencial para todos os galegos —quero deixalo moi claro—. O segundo, tamén entendemos que a cultura é un símbolo da nosa identidade como pobo, pero nunca excluindo ou nunca confrontando a ninguén, nin nunca para separar; é un símbolo de identidade e de orgullo, e entendemos que aos creadores temos que apoialos e sempre teñen que ter liberade, mantendo os límites do respecto sempre, para crear o que eles entendan. E terceiro, tamén a entendemos como unha fonte de riqueza e de xeración de emprego. Estes son os eixes vertebradores da nosa acción cultural, a nosa política cultural, e estámolo facendo neste sentido.



E mire, o novo marco xurídico co novo estatuto xa se lle explicou aquí, expliqueino eu a unha pregunta que me fixo vostede, explicouse tamén en comisión parlamentaria, e certamente eu voulo repetir moi rapidamente, para que a xente que nos estea escoitando coñeza cales son os grandes cambios que van desmantelar a política cultural do país.

Primeiro, a creación dun xerente. Crear un xerente nunha axencia pública significa desmantelar a cultura do país; ben. Iso vai servir para coordinar a acción administrativa e para que non haxa atrasos, como ten habido —e moi fortes e profundos—, no tempo de pagamentos e de xestión ás compañías. Este é un posto tremendamente demandado polo sector e é un posto absolutamente técnico.

O segundo gran cambio é que se vai incluír o Centro Galego de Artes da Imaxe dentro da estrutura da Agadic; antes non estaba funcionalmente. Tamén que haxa un cambio de estrutura funcional é algo que vai desmantelar absolutamente a cultura do país. E vostedes din: é que está sen director. E eu respóndolles: está sen director, como vostede sabe perfectamente, porque a día de hoxe o seu director se xubilou e estamos agardando a aprobación do novo estatuto para poder sacar a praza e cubrila con total normalidade, como se fixo noutros centros de produción.

E o último cambio relevante é a creación dun departamento específico para o fomento e apoio da danza galega. Deste departamento dependerá o Centro Coreográfico Galego, que, como vostede sabe, ten unha función, ten unha misión, que é impulsar a danza galega con diferentes programas, e que traballará no que é a profesionalización do sector, na produción de novos espectáculos e na difusión e distribución de danza.

Estes son os cambios, non hai outros. Se a partir de aquí vostede interpreta que hai un ataque sistemático e unha procura de intentar destruír a cultura do país, pois vostede ten todo o dereito a pensalo, e eu teño todo o dereito a pensar que está absolutamente equivocada. Pero, mentres vostede pensa iso, nós seguimos traballando, e seguimos traballando creo que con moito sentido común.

E mire, precisamente neste ámbito, no ámbito da danza, imos pór en marcha un plan de impulso da danza galega. Isto farase dun xeito consensuado, crearase unha mesa e estará representado todo, todo o sector. Haberá unha análise, avaliarase a situación, veranse os retos de futuro e comezaremos a traballar con total normalidade sen ningún tipo de problema, e con moita transparencia, dentro da Axencia Galega de Industrias Culturais. Transparencia, legalidade, participación e igualdade para todo o sector.

E mire, nós entendemos que a cultura non ten ningún tipo de matrícula política, nin moito menos, nin é patrimonio de ningunha formación política. Nós entendemos que a cultura non debe estar dirixida politicamente, nin moito menos, e que se debe respectar sempre a liberdade dos creadores. E neste sentido imos seguir traballando, porque nestes anos o que fomos capaces de facer é estabilizar, é dar certezas a un sector cultural, a un sector de industrias culturais que entende —e entendemos— que se debe facer deste xeito, sen ningún tipo de dirixismo político, sen ningún tipo de imposición política, sen ningún tipo de ideoloxía política.



E gustaríanos, certamente, que vostedes, igual que estamos nós, estean orgullosos da nosa cultura, dos nosos creadores, porque son a mellor mostra de que, pese ás súas mensaxes absolutamente catastrofistas, a cultura en Galicia conta con moi boa saúde. Porque vostede interpreta e asimila, simple e llanamente, cultura a orzamento, e xa llo teño dito máis veces: non se trata tanto do que se ten senón de saber gastar o que se ten, ou saber investir o que se ten, e realmente en ocasións téñense tido máis orzamentos e pésimos resultados.

Co cal eu fágolle un chamamento a que se sumen a este orgullo de país que é a nosa cultura, que vexan con normalidade estes cambios, que son cambios técnicos. Tamén lembro aquí cando cuestionaban o Centro Dramático Galego, que estaba cerca do desastre, que a escena dramática pública galega estaba a punto de desaparecer. ¿Por que? Porque á directora que existía lle foi ofrecido un novo destino de gran prestixio e afortunadamente o aceptou; abriuse un concurso público, absolutamente transparente, e tardouse un tempo en asignar o novo director, e nese *impasse*, segundo vostedes, estabamos facendo un auténtico atentado á nosa cultura.

Vostede citou aquí a Fran Núñez, o novo director. Todos desexamos que teña moitos éxitos, que a cultura galega, o teatro galego e a danza galega teñan moitos éxitos, e eu creo que, en vez de cuestionar, atacar e non crer na forza da nosa cultura, debiamos facer un chamamento colectivo a estar orgullosos da mesma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu non sei se nos toma por parvas, de verdade; díxenllo tamén ao señor Sutil na comisión e repítollo a vostede. Vostede sabe perfectamente cales son as consecuencias da reforma do estatuto da Agadic e o propio Sutil tivo que acabar recoñecendo diante do propio sector da danza e das artes do movemento, e recoñecer que se cargan o Centro Coreográfico Galego como unidade de produción, que se cargan a dirección do Centro Coreográfico Galego e que o deixan abaneando, abaneando, cun 66 % do orzamento menos que no ano 2019, e iso trádúcese en 50.000 pírricos euros, 50.000 pírricos euros para o ano 2020.

Mire, nós non nos apropiamos de nada. Vostede di que todo é consensuado, todo é dialogado, vostedes están en conexión absoluta —espiritual case— con todos os sectores culturais deste país. Eu voulle dicir e voulle ler o que din directamente —sen filtros— elas e eles, o que opinan da reforma do estatuto da Agadic, o que opinan dos recortes continuados. Vostede é que non pode subir a esta tribuna e cuestionalo ou negalo, porque está nos seus orzamentos, e até o de agora creo que vostede e mais eu sabemos sumar e restar, ¿verdade?, e o resto da Cámara. ¿Que di a Asociación de Actrices e Actores de Galiza?, sen filtros, directamente: «No caso do Centro Dramático Galego, somos testemuñas desde hai unha década do maltrato constante e reiterado que se exerce sobre unha entidade con máis de trinta e cinco anos de



historia, que, tal e como denunciou esta asociación en reiteradas ocasións, viu como, temporada tras temporada, reducía a súa contratación, a súa produción, as súas xiras,» (*Aplausos.*) «os seus orzamentos e a súa repercusión entre o público. Ademais, a Administración» —ese é vostede— «non foi quen de darlles solución até o momento ás complicacións burocráticas que asfixian o normal funcionamento do Centro Dramático Galego».

¿E que opina a Academia Galega de Teatro?, sen filtros, directamente: «A Academia Galega de Teatro, diante das noticias aparecidas recentemente sobre os recortes orzamentarios para o Centro Dramático, o Centro Coreográfico e o CGAI, quere manifestar a súa repulsa pola opacidade, a falta de comunicación e o escurantismo na toma de decisións que afectan os organismos de xestión teatral institucionais, a falta de compromiso cultural e de recoñecemento dos valores do teatro galego na defensa da lingua e a rebaixa desproporcionada dos orzamentos destinados ás unidades de produción dependentes da Axencia Galega das Industrias Culturais».

¿De verdade que ten a pouca vergoña de volver subir a esta tribuna e facer o bochorno que acaba de facer agora, (*Aplausos.*) de tomarnos a todas como se fósemos parvas? Sinceramente, ¿como se entende recortar o 60 % do orzamento de cultura?, ¿que teñamos hoxe a Consellería de Cultura por baixo do orzamento que tiña no ano 2012? ¿Iso que é? ¿Apoiála e querela moito? Pois abrácena algo menos, sinceramente llo digo, señor Rodríguez, abrácena un pouquiño menos. (*Aplausos.*)

Eu repítole o que lle dixen na miña primeira intervención. Eu estou absolutamente convencida de que hoxe non estamos soas nesta cámara e que hai persoas do mundo e dos sectores culturais deste país que están seguindo este debate a través, por sorte, das ferramentas tecnolóxicas que existen hoxe para poder velos desde calquera punto do país.

Eu pídole que rectifiquen, que retiren a proposta de reforma do estatuto da Agadic, que —se teñen tanta vontade de diálogo— abran precisamente unha mesa de negociación, que se senten con todas as entidades que representan os sectores culturais deste país —e, nomeadamente, as artes escénicas e do movemento— e que falen dos cambios que se poidan ou queiran introducir. Pero negocien, dialoguen e sobre todo escoiten, porque van en sentido contrario, primeiro, das demandas reiteradas do sector e despois tamén en sentido contrario ao que di a propia Lei de creación da Agadic de 2008.

E despois, o último —e con isto xa remato, presidente—. Insítole: paren. Se tanto orgullo e tanto queren a cultura deste país, paren. E no tempo, pouco, que espero que lles quede na Xunta de Galiza, deixen de desmantelar os sectores culturais de Galiza.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche da interpelación, conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Pois, señora Rodil, con todo o respecto e todo o cariño, non lle imos facer caso, (*Murmurios.*) non imos parar,



polo menos imos traballar ata o último día; (*Aplausos.*) mentres teñamos responsabilidade ante os galegos, ata o último día. A vostede ao mellor parécelle lóxico que paremos, que a Administración pare, porque haberá dentro de «x» meses — máis ou menos meses— un proceso electoral. Mire, nós non somos aquí, nós sómoslle de traballar. Ao mellor equivo-cámonos, pero sómoslle de traballar.

E, mire, o novo estatuto. Non entendo tanta inquina, porque estamos absolutamente ante unha organización, ante unha reestruturación funcional interna. É certo que, se os estatutos actuais viñan do ano 2008 e eran unha obra — grandiosa— do Bipartito, naquel caso do BNG, pois certamente eu entendo que vostede teña que defendelos. Pero certamente eu creo que lle dixen claramente o que había, cales son os principios, a creación dun xerente, a creación dun departamento de danza, unha reorganización interna. E, se iso é desmantelar a cultura, sinxelamente, non podo compartir en ningún caso esa percepción, señora Rodil.

Mire, di que o Centro Coreográfico vai desaparecer. Eu voulle dicir que non. Vai cambiar a adscrición, vai seguir igual, vai seguir facendo o que fai: formación, produción, distribución e difusión. Vai seguir facendo exactamente iso, só que adscrito a un departamento específico. Agora, se vostede entende que isto é desmantelar, pois certamente non nos imos poñer de acordo, lamentablemente non seremos capaces de facelo.

E, claro, tampouco seremos capaces de poñernos de acordo en se vostede interpreta os resultados e os efectos dunha política pública só en base a un número que está no orzamento e só a unha partida concreta do orzamento. Non é gastar máis, señora Rodil —téñollo dito—, é gastar mellor; tense demostrado que se pode gastar moito mellor; téñollo dito.

Agadic ten uns orzamentos, pero na Consellería de Cultura, no ámbito concreto da danza e do teatro, hai outras áreas que fan accións de promoción, de posta en valor, de proxección da danza e do teatro. Sen ir máis lonxe, estes días estase celebrando Escenas do Cambio, invítoa a que vaia —se non foi—; vostede sabe que é un festival absolutamente de vangarda, rompedor, as últimas tendencias mundiais a nivel de teatro están aí. Non están no orzamento do Agadic, non, non están, están nos orzamentos da Cidade da Cultura. Ámbito internacional, sae nos medios de comunicación a nivel nacional e internacional e non está nos orzamentos da Agadic. Mire vostede que malos somos nesta consellería. Invítoa estes días a que vaia. (*Murmurios.*)

Fala vostede tamén do Xacobeo —dicíao tamén antes—. Hai unha orde de axuda de convocatoria de proxectos sobre o Xacobeo. O ano pasado financiáronse arredor de trescentos cincuenta proxectos que foron de abaixo a arriba, que saíron da sociedade civil. Neles había unha parte fundamental orientada ás industrias culturais, ás empresas, e todos eles saíron de abaixo a arriba e tiveron un apoio directísimo. Pero, claro, vostedes din: non, o Xacobeo quítalle o investimento á cultura do país. Ben, non os sacamos de aí, supoño que algún día nos dirán o contrario.

Estes días estamos presentando dous grandes programas: «Xacobeo cidades», para as cidades principais do país; e «Xacobeo, un camiño», para as pequenas cidades, para as vilas, para as cabeceiras de comarca. Vostede verá aí se o Xacobeo aposta ou non aposta por unha



cultura absolutamente inclusiva, diversa, que apoia os actores emerxentes, que se fundamenta na cultura tradicional. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Dirao, verao e dirao, e verá como hai unha acción do «Xacobeo, un camiño» absolutamente galega que vai potenciar as industrias culturais galegas, cunha idea de descentralización, de que chegue a todas partes.

¿As redes da Agadic? Mire, voulle dicir unha cousa: as redes da Agadic son as principais redes de Galicia, sen dúbida, en produción, programación e exhibición de espectáculos. No último lustro houbo seis mil espectáculos, seis mil actuacións ou funcións en diferentes concellos do país amparadas dentro das redes da Agadic, con arredor dun millón de espectadores nestes cinco anos. E, por moito que diga vostede, estas cifras son superiores ás cifras do Bipartito, que tiñan moitos máis cartos, pero débérono facer moito peor porque a xente non lles ía aos espectáculos. *(Murmurios.)* Se comparan os datos de asistencia a eventos e a espectáculos, non hai comparación, sinxelamente non hai comparación.

E, mire, sobre o emprego cultural, se compara o emprego actual co daquel momento, pódolle dicir que hoxe estamos practicamente nun 3 % do emprego do país, que non é un dato nada menor, e estamos ao redor dos trinta mil empregos.

Co cal, efectivamente, en temas de industria cultural, en temas de promoción, en temas de aposta pola cultura, queda moito por facer, sen dúbida, pero tamén se fixo moitísimo, e sobre todo fíxose moitísimo tendo en conta as condicións que vostedes —o fantástico Goberno que vostede citou— lle deixaron a este país —recórdolle—: dous mil millóns a deber e a Agadic feita un coladero...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...a Agadic feita un coladero absoluto no ámbito da xestión e de pagamentos. *(Murmurios.)* Vostede pregunte aos creadores cando cobraban, como cobraban, e non lle digo nada máis. Co cal eu agradezo que defendan —porque o país así o ve— a súa herdanza. Era unha herdanza que obviamente ten aspectos positivos, por suposto, pero que necesita un axuste, e é o que se está plantexando.

Pero, a partir deste cambio absolutamente de estrutura funcional, que vostedes plantexen unha cuestión maior, unha cuestión de crítica, de crise total da nosa cultura...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...sinxelamente ten pouco fundamento e ten moi pouco peso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.



Interpelación de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co incumprimento das obrigas reflectidas na Lei de vivenda de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora Vázquez.

Señora conselleira, seguro que coñece o dito popular de «onde foras, fai o que vexas». Este dito, que invita a adaptarnos aos costumes dun país, no caso da construción en Galicia é altamente perigoso. E xunto co «ti vai facendo» ou o «non sexas parvo, fai o que os demais», é absolutamente demoledor para mudar a conciencia colectiva e a responsabilidade social que todos e todas deberíamos ter.

En materia de vivenda demasiadas malas prácticas se ven, esa é a verdade, e como non queremos tampouco que se enquisten nos malos costumes, cremos que é preciso hoxe falar delas e cando menos cuantificalas con vostede.

Por iso, hoxe queremos compartir varias cuestións que atinxen á actual Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e aos incumprimentos que sobre o seu articulado se están a dar en maior ou menor medida e na súa aplicación práctica no conxunto de Galicia.

Por un lado, como vostede sabe, a Lei de arrendamentos urbanos, a Lei 29/1994, establece no seu artigo 36 a posibilidade de que as comunidades autónomas obriguen ao depósito das fianzas que correspondan aos alugueiros das fincas urbanas. E esta cuestión recolleuse tanto na Lei de vivenda do ano 2008 —a lei do Bipartito— e logo tamén co Decreto 42/2011, polo que se establece ese procedemento precisamente para o depósito desas fianzas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta cuestión, que, ademais, se mantivo —e, lóxicamente, recolleuse na actual lei de 2012, de vivenda—, é a lei vixente hoxe en día. Son moitas as comunidades que contan con este mesmo mecanismo e este mesmo regulamento, e o certo é que moitas delas se desenvolven dun modo moi similar. No caso galego a obriga afecta contratos de arrendamentos de fincas urbanas que se destinen tanto a vivenda como a un uso distinto do de vivenda, pero tamén as fianzas que por calquera concepto se lles exixan ás persoas abonadas a subministracións ou a servizos na celebración dos contratos que afecten as vivendas e os demais predios urbanos.

E aquí vén un pouco a primeira sorpresa da lei, e digo sorpresa pola percepción que desde o noso grupo temos do que di a lei e o que realmente acontece. Así como se percibe un cumprimento máis ou menos xeneralizado no depósito das fianzas dos alugueiros de vivenda e dos seus anexos, os garaxes ou rochos, no Instituto Galego da Vivenda, non así parece que isto aconteza cando estas fianzas se refiren só aos garaxes ou só aos rochos. Eu convídoas a todas e a todos —e a vostede mesma, señora conselleira— a realizar a experiencia de alugar unha praza de garaxe e facelo mediante un contrato de arrendamento, e, polo tanto, legalmente e coa maior das transparencias.



Eu pódolle falar de moitos exemplos pero dun que coñezo ben preto, que é en Pontevedra. O número de prazas de garaxe en Pontevedra que se alugan sen contrato é tan brutal que iso mesmo impide ademais e disuade moitas persoas propietarias a facelo mediante contrato, pois facelo dese modo vai significar para os propietarios ter que adaptar o seu prezo precisamente ao prezo medio que marcan as prazas de garaxe que se alugan de modo ilegal. E sorprende moito, porque estas ofertas ademais de alugamento están a maior parte das veces anunciadas nos portais inmobiliarios, e, salvo casos entre particulares que se coñecen e, polo tanto, que son de difícil detección, adoitan tamén estar anunciados incluso nos portais das edificacións e, polo tanto, son plenamente públicos e detectables.

Podería parecer que o que hoxe traemos aquí é unha cuestión menor, pero a verdade é que, cando a cuantificamos, pois non parece tan menor. En vilas e cidades de máis de vinte mil habitantes —e segundo datos do propio IGE— constátase que existen preto de cento cincuenta mil persoas propietarias de automóviles que non contan con praza de garaxe. E aínda que moitas destas prazas poderíamos pensar que atopan alugueiro en párquings específicos realizados para tal fin nas áreas especialmente centrais das cidades, e outros que o fagan ocupando prazas ao aire libre, un gran número, señora conselleira, alúganse de forma oculta en prazas alugadas. Aínda que falemos só dun 30 % dese total, estaríamos a falar de preto de cincuenta mil prazas, e isto significaría dunhas fianzas recadadas e depositadas da orde de entre seis e dez millóns de euros, posto que ao seren usos diferentes ao de vivenda exixiríanse dobres mensualidades. E non parece, polo tanto, unha cuestión tan menor, e entendo que vostede está comigo niso.

E hoxe a nosa obriga é preguntarlle loxicamente a vostede por que teñen contemplado no decreto este tipo de fincas urbanas, nese decreto que se regulou no ano 2011, se logo realmente non se persegue e non se controla de modo eficaz. Somos tamén conscientes de que este labor debería estar coordinado coa Facenda do Estado. Pero, en todo caso, habería —entendemos— que traballar dunha forma coordinada para conquistar mellorar precisamente esa interrelación, esa coordinación co Estado, e facelo todos dun mellor modo.

E o que nos preocupa aínda máis: o medo a que isto que acontece abertamente coas prazas de garaxe poida estar tamén acontecendo con moitos dos pisos de alugueiro que se publican tamén en portais web. E, si, tamén constatamos que isto acontece, porque cada ano —e fíxese de que modo se pode detectar e nos teñen trasladado— existen, por exemplo, nenos e nenas que son rexeitados para obter praza nun colexio porque vivindo, efectivamente, realmente na área escolar que lles correspondería non poden obter a praza porque seus pais non poden confirmar a residencia por non contaren con contratos de alugueiro legais; é tremendo, pero é así. Polo tanto, existen moitas canles, é algo coñecido e sabido.

Por iso nós hoxe quixemos traer a debate todas estas pequenas cuestións que, multiplicadas realmente por miles de casos, non só representan unha fraude coñecida socialmente senón que impide tamén á Administración autonómica neste caso a disposición deses fondos extra para precisamente ademais financiar —como vostede sabe— obras de rehabilitación e de fomento de políticas de vivenda, que nos parece que é realmente importante.



Porque, ademais —tamén hai que dicilo—, desde a Xunta de Galicia puido asumirse o modelo que se asumiu noutras comunidades autónomas e nas que este tipo de propiedades foron excluídas directamente dese decreto de regulamento. En todo caso, nós si que pensamos que esa non é a solución, loxicamente, senón que está claro que a consellería ten que afrontar ou ten que asumir novos modelos de control e de forma ademais coordinada —como dicíamos— co ministerio, para ter en conta ademais esas novas ferramentas que se teñen posto en marcha —a difusión e a publicidade tamén que afectan as vivendas, pero tamén moitos outros bens— para detectalas e exixir ese cumprimento das obrigas legais. *(Aplausos.)*

Aquí, ademais, tocamos outro punto que tamén nos parece importante. A Lei de vivenda regula perfectamente como deben de ser as publicidades arredor das vivendas. Tamén pode parecer unha cuestión menor e, especialmente, nun momento no que parece que o mercado da vivenda ten cando menos entrado en pausa. Pero o certo é que talvez hoxe sexa máis que nunca cando moitas das vivendas ofertadas para a compravenda conteñen taras moi importantes e de carácter legal, precisamente esas vivendas que custou meter no mercado porque conteñen cargas importantes; por exemplo, condicións de fóra de ordenación, legalizacións en estado de tramitación, situacións urbanísticas sen capacidade por exemplo de ampliación da vivenda ou de consolidación.

E, salvo honrosas excepcións, se unha toma a molestia de ver os diferentes portais inmobiliarios, vaise atopar como son múltiples, múltiples, miles, os exemplos de vivendas que ocultan de forma descarada todas esas problemáticas que conlevan e que poden dar lugar —e dan, por desgraza— a situación de verdadeira sensación de estafa ás futuras persoas propietarias.

É máis, moitos deses axentes anunciadores son as propias entidades bancarias, que atopan en moitas das vivendas froito de embargo propiedades cheas de problemas que tratan de agochar no posible para poder literalmente desembarazarse delas.

As mencións obrigatorias na publicidade que marca a propia Lei de vivenda fan referencia á necesidade de indicar o estado da vivenda, pero sobre aquelas que xa están construídas tan só a obriga de indicar se xa está rematada; e claro, que unha vivenda xa estea rematada realmente non nos está dicindo máis que está construída, pero non que realmente sexa legal.

Certo é tamén que o artigo 15 fai referencia á boa fe, transparencia e veracidade que debe ter esa publicidade e á condición vinculante que terán todos os datos facilitados. Pero a realidade é que a sensación que se ten como comprador é de total tensión e medo a ser enganado. E non é un medo menor, porque é unha das maiores inversións que fan as familias.

Certo é que, unha vez iniciado o interese, toda a información que sexa requirida por parte do comprador para garantir a legalidade verase facilitada. Pero nós pensamos que parecería oportuno que, dalgún modo, igual que se indican uns mínimos nesas publicidades, a día de hoxe sería importante advertir e exixir esa condición problemática das vivendas xa nesa primeira información, e máxime ademais cando falamos de cuestións tan importantes como é esa condición de ilegalidade ou algo tan evidente como unha fóra de ordenación.



Neste senso tamén parece que sería incluso interesante conveniar cos portais web os campos mínimos exixibles para o cumprimento mínimo da lei, anuncios que non poderían ser en todo caso publicados de non completarse eses campos mínimos.

A Lei de vivenda tamén contempla sancións a todos estes incumprimentos e para moitos outros que loxicamente neste tempo non nos vai dar tempo, sancións que van dende leve e grave a moi grave.

E como descoñecemos tamén —é certo— moitos deses datos e, por tanto, tampouco...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...podemos avaliar correctamente o cumprimento da lei, e dado que tampouco contamos con datos estatísticos, hoxe preguntámoslle, dentro da laboura inspectora que por competencia corresponde ao IGVS: ¿cal foi o tipo de sancións que se impuxeron dende a entrada en vigor da lei? ¿Cales son as canles principais polas que se teñen detectado esas diferentes infraccións? ¿Cal foi o total e o destino principal de cartos recadados e desagregados por anos en materia de sancións? ¿Como cualifican ese tipo de colaboración das diferentes administracións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...na detección das infraccións? E — remato— ¿cre o Goberno que é posible mellorar a colaboración interinstitucional neste sentido, así como algún tipo de canles de colaboración cidadá tamén para detectar e denunciar esas posibles situacións infractoras?

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señora Pierres, púxoo vostede en contexto e, polo tanto, eu de novo volvo repetilo. Para responder a esas preguntas desta interpelación, primeiro hai que recordar brevemente unhas nocións claves da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Esta lei regula e, polo tanto, a Xunta de Galicia acata e, en función desta lei, desenvólvense as inspeccións, das cales, por suposto, lle darei cumprida información, tanto do número como do tipo de infracción e a que se destinan os recursos, que ao final non se trata de sancións, senón tamén se trata de concienciar.



Eu agardo que o de «vai facendo», que dicía a señora Pierres, xa non existe, eu creo que xa forma parte da historia, ou polo menos non debería ser así, e se alguén o segue facendo é a nosa obriga denunciálo, porque sería un delito.

Polo tanto, a lei regula os seguintes aspectos, que son as políticas públicas de vivenda, con especial referencia ás exixencias técnicas de calidade desas vivendas, as medidas para garantir o seu bo uso, a conservación, o mantemento, a rehabilitación, a protección das persoas adquirentes e usuarias en materia de vivenda —dicíao vostede—, a obriga de depósito das fianzas dos contratos de arrendamentos de fincas urbanas que se destinen a vivenda ou a un uso distinto ao da vivenda, o réxime xurídico e as actuacións administrativas en materia de vivenda protexida en Galicia, así como outras actuacións protexidas en materia de vivenda, e, por último, a inspección e o réxime sancionador en materia de vivenda.

E ocúpanos este último, porque en realidade engloba todo o que dixen anteriormente, e no artigo 101 da dita lei establécense as competencias en materia de inspección. Tal e como ben dixo vostede, baixo o título de competencias e actividades inspectoras, no mencionado artigo recóllese no punto 1 o seguinte: «Sen prexuízo das competencias que lles correspondan a outras administracións públicas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo desenvolverá actividades de inspección das vivendas protexidas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos de acreditar o cumprimento da normativa reguladora nesta materia conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento». E iso é o que estamos facendo.

Polo tanto, correspóndeme a min, correspóndelle á miña consellería, en concreto ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, a inspección do cumprimento desta materia. Tres tipos —artigo 103—: leves, graves e moi graves. As infraccións: as leves, entre 300 e 3.000 euros; as graves, entre 3.001 e 30.000 euros; e as moi graves, entre 30.001 e 600.000 euros. É a lei a que regula as sancións a impoñer en cada caso.

Para o bo cumprimento desta competencia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo dispón dun equipo de inspectores, que están distribuídos nas catro áreas provinciais, e outro equipo de inspectores, que están nos servizos centrais de Santiago de Compostela. Esta tarefa desenvólvese en función dunha programación que se fai mensual, elaborada no Servizo de Inspeccións, que prevé, por un lado, actuacións de oficio, co obxectivo de ao longo do ano cubrir todo o territorio que nos corresponde; á parte destas inspeccións de oficio, tamén se realizan outro tipo de inspeccións derivadas das denuncias recibidas no Instituto Galego da Vivenda e Solo, que poden ser dende particulares a empresas, pasando por outro tipo de administración.

No caso das denuncias, as inspeccións realízanse na mesma semana na que se recibe a dita denuncia. Polo tanto, é bo que incluso, se algún grupo cre que hai certa publicidade en certo lugar, nolo faga saber, porque na mesma semana actúase por parte do IGVS.

O número de inspeccións realizadas —contabilízolle—, dende o ano 2013 ata agora mesmo, foi dun total de 19.649 inspeccións, sendo o ano 2017 o ano no que máis inspeccións se realizaron: 3.812; e o ano 2013, o ano no que menos inspeccións se realizaron, que foron 1.304 inspeccións; o ano pasado realizáronse 2.159 inspeccións.



No caso de que nestas inspeccións se vexa que existen indicios de irregularidade, iníciáanse dilixencias previas, cunha segunda inspección, e a solicitude da información adicional que se considere oportuno recadar, que pode ser tamén de concellos ou doutros organismos. Se as dilixencias previas confirman os indicios de irregularidade, dáse inicio ao expediente sancionador con trámite de audiencia aos interesados.

Todo o procedemento de dilixencias previas e expediente sancionador está regulado pola Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e réxese pola mesma estritamente.

Como consecuencia das máis de 19.600 inspeccións realizadas polo persoal do IGVS dende o ano 2013, iniciáronse un total de 1.659 expedientes sancionadores. Cabe destacar que cada expediente sancionador supón realizar varias inspeccións sobre estas vivendas, polo que, como é obvio, o número de inspeccións realizadas é maior ao número de vivendas inspeccionadas.

Do total de máis de 1.600 expedientes iniciados, 255 corresponden a inspeccións realizadas de oficio polo IGVS, que vén ser un 15,37 %, e 1.404 correspondente a denuncias presentadas por terceiros, o 84,72 %. Estes datos reflicten a importancia da colaboración da cidadanía no día a día coa administración pública; de aí que exista moita máis conciencia e de aí que eu non poida estar de acordo en que a ninguén lle interesa nin ninguén agora mesmo di: «vostede vaia facendo».

Ao mesmo tempo, as inspeccións de oficio realízanse co obxecto de cubrir todo o territorio, como dicía anteriormente, e o maior número de vivendas posibles, polo que unha alta porcentaxe destas inspeccións realizadas de oficio rematan con actas nas que se indica que non existen indicios de infracción ou irregularidades; é dicir, é que os galegos e as galegas cumpren.

No lado oposto están os casos de denuncias presentadas por terceiros, entre as cales temos unha porcentaxe de casos nos que, tal e como se denuncian, se detectan irregularidades e infraccións e, polo tanto, actúase. O número de expedientes que se abren a raíz das denuncias é alto respecto do número de inspeccións realizadas de oficio.

A maior parte dos expedientes iniciados tamén lle teño que dicir que son infraccións de carácter leve, seguidos en número por infraccións graves e, por último, as moi graves. No caso das leves, son o 84 %; no caso das graves, o 10 %; e no caso das moi graves é o 5 %. Dos 2.659 expedientes iniciados remataron a súa tramitación un total de 1.539 expedientes, estando os restantes en fase de tramitación.

Facíame outra pregunta, que é polo que respecta á recadación por sancións impostas. Dende o ano 2013 ata o 2019 acádase un total de 1.696.595,07 euros, sendo o pasado ano un dos anos nos que máis importe por recadación e por sancións impostas ten o IGVS, con 316.773,04 euros.

Aplicación da normativa sancionadora e tributaria. As persoas suxeitas a sancións poden solicitar o aprazamento ou o fraccionamento de pagos das mesmas, polo que no importe total consta o recadado, non a sanción imposta.



O importe das sancións pasa á Caixa Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, polo que se destinan a políticas de vivenda da Xunta de Galicia.

No eido das sancións débese destacar que existen outras sancións complementarias, que non son as multas económicas, como, por exemplo, a inhabilitación. Esta sanción pódese aplicar a promotores, a construtores e —ollo— tamén se pode aplicar nalgún caso a concellos, e non será a primeira vez que se aplica, e pódolle poñer un exemplo. E pónolle este exemplo porque sae moitas veces nos medios de comunicación cando falamos de colaboración, porque as administracións convértense tamén en suxeitos posibles de expedientes sancionadores. É o caso do Concello de Vigo, ao que o Instituto Galego da Vivenda e Solo tivo que apercebir da posible apertura de dilixencias previas por manter baleiras vivendas de promoción pública cedidas polo IGVS ao Concello de Vigo.

Agardo que lle dera cumprida información sobre o número de inspeccións, o tipo de inspeccións, a recadación e a colaboración entre administracións, que temos que dicir que é boa, pero que en momentos tamén hai que apercebir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Señora conselleira, por desgraza si que hai unha cultura do «ti vai facendo» e os que estamos neste tema e eu, como arquitecta, si que lle podó comento que cada vez que alguén se achega a un estudo dun arquitecto, non cada vez, pero moitísimas das veces, nos vemos tendo que respostar á mítica pregunta de «¿ti que me recomendas: facelo así sen máis, non?» Esta é a pregunta que todos os galegos se formulan. Porque vos- tede de feito me falaba do tema das denuncias, como un 84 % parten da propia cidadanía, e moitas veces tamén ten que ver con que, se o do lado o fai, a min por que non me deixan e, entón, denuncio o do lado. Si que hai unha cultura do «ti vai facendo» e penso que iso si que sería estar a pé do país e velo e percibilo.

Falamos de feito de sancións e vostede, efectivamente, aquí falou de moitas sancións, falou dunha recadación en todos estes anos, e vemos que existen, pero nós si que seguimos pensando que claramente non son todas as que deberan estar, porque o incumprimento —e sigo insistindo neste sentido— é moito máis palpable. E púñalle o exemplo dos garaxes, e no noso contorno é moito máis do que as cifras como vexo que reflecten.

Pero, máis alá das sancións, existen outros incumprimentos da lei que tamén se detectan e que nós tamén intuimos como evidentes. Un caso é a obriga que determina a Lei de vivenda e se regula ademais no Decreto 17/2016, polo que se crea e se regula o censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia, que é un decreto que obriga as entidades de crédito, as súas filiais inmobiliarias e entidades de xestión de activos para inscribir no censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia as vivendas que formen parte de complexos de vivenda ou edificacións de tipoloxía residencial colectiva.



A verdade é que non sabemos cantas vivendas inscribiron neste censo nin sabemos o número total das que se conveniaron coas entidades e que, finalmente, se poñen á disposición das familias con menos recursos e ademais a un prezo asequible. A verdade é que, segundo datos de 2017 publicados en prensa, se estimaban en dúas mil seiscentas as vivendas de entidades bancarias en Galicia e tamén se comentaba nesa nota de prensa a adxudicación de tan só 72 delas a familias.

Nós pensamos que sería interesante coñecer o estado dese censo, coñecelo sempre en estado real, en tempo real, e dos seus avances, ademais nas adxudicacións a día de hoxe, que seguro que vostede coñece perfectamente. E dado que, ademais, o decreto non obriga as persoas propietarias particulares, aínda que si as convida a formar parte dese censo, tamén pensamos que sería interesante saber cantas delas o fixeron por propia vontade. E parecería ademais interesante porque o fin dese censo é servir de instrumento —e así o di expresamente o Goberno galego— para realizar unha mellor planificación social da política de vivenda; e non coñecendo realmente a totalidade desa realidade, non parece tampouco que sexa moi factible ter unha visión totalmente nítida, senón que sempre será parcial, e por iso llo preguntamos.

Así mesmo, e como vostede sabe, a recadación das fianzas provenientes dos contratos de alugueiro de fincas urbanas —xa o comentou tamén vostede antes— pode ser empregada para desenvolver actuacións en materia de rehabilitación, pero tamén de promoción e de construción de vivendas públicas e para actuacións directas en núcleos antigos ou suxeitos a un proceso de renovación urbana. É máis, no Decreto 42/2011 especificábase que para eses efectos o organismo pode facer uso —digamos—, dispoñer do 70 % do importe total deses depósitos.

¿E cal é ese total anual? Pois recentemente tamén coñeciamos —hai dous anos xa, en febreiro de 2018— que por este concepto se ten triplicado desde 2015 a recadación —digamos—, o depósito de fianzas, sendo duns 115 millóns, cifra que supoño que xa terá variado a día de hoxe. Por un lado, cremos que eses datos, ao igual que ademais acontece co Rexistro de Demandantes de Vivenda, debería ser coñecido en tempo real, en todo momento, e non a golpe a titulares de prensa, e, por outro lado, tamén coñecer a que se destinan eses cartos e a que actuacións se están destinando. Tampouco temos coñecemento disto.

Dende o noso punto de vista, pensamos que sería interesante plantexar en Galicia, tal como ademais se ten feito noutras comunidades, a creación dunha comisión específica que teña como cometido precisamente ese seguimento das inversións que se efectúen cos fondos provenientes dos depósitos das fianzas, e máxime cando estamos a falar xa duns depósitos e nesas cantidades das que estamos falando, que poden perfectamente converterse case na metade do orzamento dunha consellería; unha comisión que dependería ademais do Observatorio Galego de Vivenda e que, con todos os respectos, non parece que teña avanzado moito dende a súa posta en marcha por mellorar precisamente ese panorama estatístico, analítico, das políticas de vivenda en Galicia. Sería, en todo caso —repito—, unha comisión que ademais estaría integrada por representantes da Administración autonómica, pero tamén por entidades locais ou entidades relacionadas coa promoción e o uso de vivendas.



Pensamos que sería unha comisión que aportaría algo de transparencia ao uso deses fondos, e ao contar, ademais, con máis axentes implicados, tamén entendemos que revertería nun mellor control e implicación de todos e todas en garantir a difusión e necesidade de cumprimento dos depósitos legais das fianzas; un rexistro, ademais, desas fianzas, que son, por outro lado, as que se empregan a día de hoxe —vostede sabeo— para elaborar as táboas estatísticas, que dende hai meses se poden observar no Observatorio Galego de Vivenda; unhas táboas, que ademais, nos amosan o aumento do prezo medio de alugueiro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...nun 15 % en cinco anos, así como que se está a producir un aumento do número de alugueiros a partir dos 400 euros e un descenso daqueles por debaixo desa cifra. O problema está, e concordará comigo —vou rematando—, en que, se non se depositan todas as fianzas que son, tampouco se pode entender como unha referencia real e fidedigna.

En todo caso, e dado que onte ademais publicaron axudas á compra de vivenda dirixidas aos xoves, permítame que aproveite para preguntarlle se a súa vai seguir sendo a política de ir facendo a pouquiños.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PIERRES LÓPEZ: Porque non só o programa de vivendas baleiras se demostrou desastroso, senón que agora nos plantexan vivendas para xoves menores de 35 anos que por un lado contempla como moito a compra de setenta e cinco vivendas no rural e por outro lado nove vivendas en cascos históricos. Con todo respecto, esta é a dimensión da política de vivenda que vostedes queren para os galegos e as galegas.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Pierres, teño que discrepar con vostede, primeiro porque fun alcaldesa e a xente o que fai é achegarse a un concello a preguntar, porque non ten por que ser coñecedora, pero xa non existe o de «vai facendo», nin existe por parte dos alcaldes nin existe por parte da cidadanía; a xente está moito máis concienciada. Ben é certo que teño que agradecerlles aos arquitectos e aos técnicos ese labor tamén de concienciación e de difusión, que é moi importante, nese campo.

Dito isto, creo que dei cumprida información da obriga que ten a Xunta, e esas obrigas son as de inspeccionar, o número de inspeccións que se realizan, inspeccións por un lado de ofi-



cio e inspeccións en función das denuncias acaecidas, pero, tal e como o plantexa vostede aquí, isto parece un país sen lei, e isto non é así. Primeiro, non é un país sen lei; despois, non existe o de «vostede vaia facendo» e moito menos a xente quere meterse en ningún lío. E aí temos a APLU e cada vez son menos os expedientes que se teñen que abrir porque cada vez hai máis concienciación.

E, como existe máis concienciación, non se trata de recadar, senón de concienciar, pero, cando se recada, pois, efectivamente, destínase a políticas de vivenda.

E falando de rehabilitación, eu creo que aquí non se vai a pouquiños, señora Pierres; aquí sacouse unha Lei de rehabilitación, que a verdade nos gustaría que votedes tamén impulsaran e máis do que fixeron.

E, ademais, esa política de rehabilitación foi moi importante e xa está dado os seus froitos para precisamente iso: rehabilitar e non abandonar, e porque eran excesivas as trabas e porque era excesiva e complicada unha tramitación e porque fomos pola vía da simplificación pero endexamais por deixar facer ou simplemente non deixar facer nada.

E, falando diso, e grazas a iso, pois aí temos unha comunidade como a nosa que fai historia no número de áreas de rehabilitación integral nos concellos. E, por poñer un exemplo, na última convocatoria, por falar deses pouquiños que vostede di, no ano 2019 concedéronse axudas a 82 familias, por importe de 633.000 euros, sendo a provincia de Lugo a máis beneficiada, con 33 familias, 217.000 euros; seguiu a de Ourense, que foron 26 familias beneficiadas; Pontevedra a seguinte; e, en último caso, a da Coruña, con 11 familias.

Pero non só iso. Tamén temos a ARI do Parque Nacional Illas Atlánticas e temos previsto neste mesmo mes, no mes de febreiro, quitar a axuda por 1,5 millóns de euros para políticas de rehabilitación.

E queremos seguir sumando, e seguir sumando é destinar 34 millóns de euros a políticas de vivenda neste ano 2020, e iso supón un 11 % máis que o pasado ano. E vostede centrábase na orde de axuda para menores de 35 anos para que merquen as súas vivendas en concellos de menos de vinte e cinco mil habitantes ou en cascos históricos. Ten vostede que acabar de ler, porque ponse que é ampliable. E ¿por que o facemos así? Facémolo así para unha mellor xestión administrativa.

Saíu esta semana, onte mesmo, a axuda para xoves; saíu o luns o bono de alugueiro, para dar a posibilidade a aquelas familias con baixos recursos para que teñan a oportunidade, e o orzamento para cada familia pois está entre 225 euros e 175 euros, sae por un millón de euros, e en breve dirannos: ¡ah!, ¿e como por un millón de euros? É que xa temos comprometidos cinco millóns de euros, porque dámoslles a posibilidade de ter bono de alugueiro ata seis anos, e iso é pois darlles unha estabilidade mentres que esas familias non saen dunha situación que ás veces se torna complicada.

E mañá mesmo pois tamén lle teño que adiantar que saen as axudas a promotores para alugueiro, incluíndo a liña para persoas maiores e tamén para persoas con discapacidade; sae



por un importe de 2,9 millóns de euros; e dámoslles a oportunidade tamén aos concellos de que poidan exercer de promotores.

Dito isto, e facendo o esforzo orzamentario pertinente, teño que agradecer a todo o persoal que traballa en Vivenda e aos inspectores, así como ás distintas administracións, a colaboración para que esta información e estes recursos cheguen a todos os galegos e galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a regulación dos xogos e apostas en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Rueda.

Traemos hoxe aquí esta cuestión, moi preocupadas porque, ante o avance da lexislatura, vostedes seguen sen traer a esta cámara esa proposición de lei e, se é o caso, ese proxecto de lei para regular os xogos e as apostas do noso país.

No noso caso, como sabe vostede, preocupámonos dende o inicio da lexislatura por esta cuestión e nomeadamente, como é coñecido e público, nesta cámara esta mesma lexislatura no pasado período de sesións defendemos unha proposición de lei encamiñada a frear ese avance, que está producindo unha situación de auténtica epidemia sanitaria, unha situación que no noso país é moi preocupante a teor dos datos que ofrecen as asociacións e os colectivos que traballan coas persoas ludópatas e exludópatas. E xa llo trasladamos a aquela altura: un cuarto de nenos e nenas entre 12 e 17 anos aposta en Galicia. E fano, ademais, nunha maneira que probablemente non é a máis agardada. É certo que se incrementaron as apostas vía *on line*, pero o maior, o grosso das apostas que fan os menores no noso país segue sendo presencial. Temos, polo tanto, un reto importante, un problema gravísimo de saúde pública: dez mil nenos e nenas están enganchados ao xogo en Galicia, e os números non paran de medrar.

Esta situación merece que se poña coto e esta situación, como xa dixemos previamente noutras ocasións, é consecuencia dunha política autonómica de favorecer a implantación do xogo no noso país. Vostede mesmo habilitaba en 2016 o incremento do número de licenzas das máquinas de apostas, pasando de dúas mil a tres mil seiscentas, pero a realidade é que durante practicamente o que levan os tres gobernos de Núñez Feijóo o que se foi é facilitando a implantación continua desta expansión, do ámbito do xogo.

Como sabe vostede —e, se non o sabe, infórmoo aquí—, temos solicitado dende o noso grupo todas as actas da Comisión do Xogo, dende a súa constitución, que eu a verdade que lin aten-



tamente —témolas aquí— (*A señora Solla Fernández mostra un documento.*) e eu creo que arro- xan conclusións bastante relevantes. É certo que durante bastante tempo vostedes e os go- bernos dende os anos oitenta mantiveron sen convocar en moitas ocasións esta comisión, pero tamén eu creo que é chamativo —e hai que lembralo aquí— que foron precisamente os seus gobernos —e está nas actas— os que favoreceron esa implantación do xogo.

Vou ler apenas uns exemplos para non estenderme nesta cuestión. Temos actas de 2011 nas que o director xeral de Emerxencias e Interior, o señor Villanueva, que vostedes manteñen no cargo, traslada que se están aprobando normas, modificacións, vía Lei de acompaña- mento, artigos que son modificacións —cito textualmente—: «instadas polo sector do xogo»; artigos 5, de publicidade; 17, dás máquinas; artigo 2, da definición do xogo e das canles *on line*. Temos outros elementos dentro das actas en que, efectivamente —tamén afirma o director xeral—, se está a defender o sector dotando os mecanismos axeitados; proba disto son as modificacións dos artigos 5 e 17, recente modificación do Regulamento do bingo, coa introdución de utilización de datáfonos. É dicir, ao longo de todas as actas o señor Villanueva afirma e sostén que se está modificando a normativa vixente en función do que o sector do xogo está demandando. Esta foi a súa política nas últimas lexislaturas, señor Rueda, e deses lodos veñen estes pos.

Outro exemplo son actas máis recentes desa comisión nas que novamente se afirma que o propio director fai especial énfase na necesidade de instalar máquinas auxiliares de apostas nos locais de hostalaría; estamos falando xa da aparición de máquinas de apostas deportivas. Temos un montón de exemplos —as actas dan para ler bastante— da facilidade que se dá a todo o sector; incluso no caso das últimas actas se recollen todas as demandas do sector para incluílas nese proxecto de Lei do xogo, algo que nós xa lle trasladamos cando trouxemos aquí a nosa proposición de lei. Foi o propio sector do xogo o que nos informou as deputadas desta cámara de que vostedes estaban a traballar unha norma que precisamente facilitaba a implantación do xogo. Repito: dez mil nenos e nenas enganchados en Galicia.

Cando trouxemos a nosa proposición de lei a esta cámara, por certo, moito mellor... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Sacamos ese dato das asociacións. Vos- tede non está no debate, pero, como vai haber unha moción no seguinte pleno, xa teremos seguro ocasión de volver debater con vostede. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Ben, non falaba comigo, pero ten o hábito de falar moi alto e escóitoa dende aquí. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale. ¿Podo con- tinuar?

É un tema moi grave e cando trouxemos a nosa proposición de lei aquí, sobre a que eviden- temente vostedes e o resto dos grupos parlamentarios podían ter discrepancias co seu con- tido —teño que recordar que foi a única que entrou nesta cámara en toda a lexislatura—, pois vostedes votaron en contra, o seu grupo votou en contra, trasladando que ía entrar a debate ese proxecto de lei que vostedes ían meter por rexistro.



Teño que lembrarlle que, despois de facilitar vostede mesmo a implantación das casas de apostas, de incrementar o número de licenzas, de obviar a ameaza para a saúde pública que este problema supón fundamentalmente na mocidade pero que por suposto afecta a totalidade das familias e a totalidade da poboación, o que sucedeu foi que vostedes, alarmados precisamente ante a mobilización social, anunciaron, vía decreto, que ían paralizar a concesión de licenzas ata que tivesen pois ese borrador, porque o anteproxecto parece ser que xa non está como o rexistraron.

Ese decreto parece que tiña unha duración de nove meses, nove meses que xa transcorreron, señor Rueda, e nove meses nos que, evidentemente, non fixeron nada para mellorar a situación —por certo, hai unha proposición non de lei aprobada nesta cámara en 2018 por unanimidade de todos os grupos que instaba a tomar medidas urxentes en tanto non se tivera unha normativa nova, unha regulación, unha lei nova— e non se tomou ningún tipo de medida urxente. Dígoo en relación co acceso. Era bastante específica en relación coas máquinas comecartos por parte dos menores. E estou falando da utilización fundamentalmente de documentos de identidade á hora de poder acceder e outros elementos de control, que non cumpriron.

Pero —xa digo— vostedes emitiron ese decreto no que, para parecer que estaban facendo cousas, dicían que ían paralizar a concesión de licenzas. Non obstante, señor Rueda, a situación actual é que nos últimos meses algunhas casas de apostas, cuxa apertura intentaron frear os concellos, volveron abrir porque tiñan a licenza autonómica, licenza que previamente non tiñan presentado. E estou falando —porque, ademais, é público— de casos como na cidade da Coruña.

A nós preocúpanos que, cando vostedes anuncian unha cousa, a consecuencia directa sexa outra. Pero digo máis: hai un elemento moito peor que este. Mentres vostedes nos dicían que querían protexer a saúde pública, mentres o mesmo señor Villanueva di en todas as actas —están aquí (*A señora Solla Fernández mostra un documento.*)— que asumía todas as demandas do Xogo, incluído todo o que fora necesario, como modificacións de carácter normativo, mentres iso acontecía, vostedes ampliaban en pleno Nadal o horario de apertura das casas de apostas media hora; certo: pode non ser significativo, pero estamos dicindo que temos que traballar precisamente para o contrario e vostedes están ampliando o horario de apertura das casas de apostas, facilitando que siga acudindo a xente e cando o normal e o que se dixo aquí é que traballásemos precisamente para todo o contrario.

E a nós preocúpanos, porque vostedes votaron en contra da nosa proposición de lei, dicindo que vostedes ían traer dende a Xunta un proxecto moitísimo mellor —dubidámolo— no contido, pero xa o veremos e xa o traballaremos. O que nos preocupa é que imos rematar a lexislatura —non sabemos cando, pero estaremos a uns meses da fin da lexislatura—, ese proxecto non entrou e non ten visos de facelo, porque, antes de que rematase o que recollía o decreto en relación coas licenzas, este mes vostedes tiveron que modificar, vía Lei de medidas fiscais administrativas, outra vez, ese decreto; é dicir, ampliárono porque non teñen preparado o proxecto de lei para entrar na Cámara.

E, sinceramente, estamos preocupadas, porque vostedes o que están a facer é continuar ampliando as condicións para a expansión do xogo en vez do contrario. Prometéronnos un texto



nesta cámara, votando en contra o noso —mellor ou peor, pero o único que entrou nesta cámara—, e a realidade é que, a dous meses, cinco meses, tres meses —non o sabemos— de que remate esta lexislatura e de que baixe a persiana unha lexislatura máis este parlamento, vostedes non trouxeron aquí o proxecto de lei. E, se iso non sucede xa, o que vai acontecer é que non vai dar tempo a tramitalo. Vostede sábeo igual ca min.

Reitero: temos un gravísimo problema de saúde pública, e hoxe queremos volver traelo aquí, porque efectivamente coincide no que finalizaría ese decreto que vostedes ampliaron a través da Lei de medias fiscais e administrativas e porque nos parece alarmante que, en vez de estar tomando medidas para frear expansión, aínda por enriba a faciliten ampliando o horario das casas de apostas.

Remato por agora trasladando estas cuestións; vostede tenas por escrito. Gustaríanos saber cando, se é que o van facer, vai entrar esa norma e que medidas van tomar, porque a realidade é que están —parece ser— tomando as medias contrarias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Saudamos os alumnos de 4º da ESO do Instituto Illa de Ons e tamén os seus profesores e os seus acompañantes. Benvidos ao Parlamento, benvidas tamén ao Parlamento.

Continuamos coa resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Eu tamén lles dou a benvida aos alumnos, porque ademais estamos tratando un tema —que é no único en que podo estar de acordo sinceramente coa señora Solla de todo o que dixo— que os afecta e os pode afectar moito máis directamente.

A partir de aí, señora Solla, claro, vén aquí e o primeiro que di é que, a pesar de que o xogo *on line* pode supoñer algún perigo para efectos de fomentar as ludopatías, o que de verdade é perigoso é o xogo presencial. Non, non, perigosos son os dous, e moito máis segundo din os expertos, por certo, expertos que vostede cita tanxencialmente. Supoño que nos referimos ao mesmo informe, que dicía que de dez mil menores entrevistados o 25 % recoñecía ter xogado algunha vez. Vostede convérteos directamente en ludópatas para dicir que esa ludopatía está provocada ademais directamente pola Xunta de Galicia, da que di, ademais, que facemos todo o posible para favorecer o sector e polo tanto favorecer as ludopatías.

¡Oia!, o sector di que a Xunta de Galicia, coa política que está seguindo, está estrangulando o sector, estrangulando o xogo; son posturas contrapostas; e creo que teñen que razón ou polo menos poderían ter un pouco máis de razón; non é estrangular o xogo, pero si poñer medidas fronte a un problema real —o que di o sector, non o que di vostede—, probablemente porque coñece moito máis o que está facendo a Xunta de Galicia para regular unha actividade que, efectivamente, non é unha actividade normal nin moitísimo menos.



Non é unha actividade económica sen máis, é unha actividade que afecta o eido social, o eido sanitario, todo o que ten que ver coas ludopatías, e ten moitísimas consecuencias. Hai que falar, cando falamos do xogo, do autocontrol, hai que falar de moitas cousas, e diso estamos falando na Xunta de Galicia. Por iso, efectivamente, estamos facendo unha lei, a lei está moi avanzada, e creo que estamos sendo bastante transparentes en todo o que se está facendo; por iso vostede ten eses datos.

Dime que, se non o sei, mo conta vostede. ¿Como non vou saber que vostede pediu as actas de Xogo? ¡Por suposto! Eu fun o primeiro que dixen: adiante. Por outra parte, é a nosa obriga, iámolo facer, pero canto antes que se recompila toda a información e a teña para entender de onde vén toda a evolución en materia de políticas públicas de xogo en Galicia, que vén de moito máis atrás que este goberno, que xa levamos uns anos —como vostede recoñecía, só leu a última parte das actas—; isto vén de moitísimo máis tempo, e na réplica intentarei explicarlle algunhas cousas que ao mellor vostede non sabe ou que se lle pasaron por enriba á hora de ler as actas ou, se as leu, non as quixo dicir aquí —e non me estraña que non as quixera dicir— sobre facilitación de posibles condutas que leven á ludopatía.

Pero ¿como di vostede que non facemos nada se fomos a primeira comunidade autónoma que decidiu, mediante un decreto, que, efectivamente, mentres siga a tramitación da lei —que se vai prolongar—, xa non se vai abrir en Galicia, polo menos no que depende deste goberno, mentres estea este goberno, nin unha sala nin un só establecemento máis, por suposto, e todas as máquinas comecartos ou tragaperras —como lles queira chamar— que están nos establecementos de hostalaría, tanto as de apostas deportivas como as tradicionais, conforme se vaian dando de baixa, non van ser substituídas por outras e esa licenza se perde? Creo que estamos facendo máis do que están facendo outras comunidades autónomas. E, dende logo, fomos a primeira, despois viñeron todas as demais comunidades autónomas e dixeron: que boa idea tiveron en Galicia, joia!, atrevéronse a facer iso, ao mellor noutros sitios non quixeron facelo polo que fora. Nós fomos os primeiros que dixemos que xa non se abre ningunha tenda de aposta máis, fomos os primeiros que o dixemos. (*Aplausos.*) Polo tanto, que me veña vostede dicir estas cousas ou é non coñecer a realidade ou querer terxiversala para facer un discurso aquí, nunha interpelación parlamentaria, que non sei se lle queda ben ou mal pero, dende logo, leva pouco á hora de ter algunha efectividade, á hora de chegar a algún consenso sobre algo no que deberíamos estar bastante de acordo.

Mire, estamos facendo os deberes. Non é nada sinxelo facer esta lei, non é nada sinxelo, non debe selo tanto cando o Estado leva tanto tempo. Agora vostedes din que enseguida. Oxalá, oxalá que nos poñamos de acordo tamén co Estado, porque aquí hai moitas competencias compartidas, e o problema, non sei se o verdadeiro problema, pero unha parte moi importante das ludopatías, sobre todo entre xente nova, é todo o que ten que ver co xogo *on line*, que é o máis difícil de controlar.

Polo tanto, empezamos a traballar rápido niso, porque aquí poderemos facer, imos facer moitas cousas, pero non seremos capaces de facelo todo. Eu estou agardando esa colaboración. O ministro Garzón dixo que en dúas ou tres semanas chamaría as comunidades autónomas; xa imos pola terceira semana e non fomos chamados. Comprendo que é un falar, pero espero que se nos chame canto antes.



E creo que chega no momento xusto, e creo que ata é bo estar coa lei aínda en tramitación, aínda que xa sexa na súa fase final, para poder acompañar certas políticas públicas que teñen que ser coordinadas e teñen que estar acompañadas —as competencias do Estado e as nosas— en materia de xogo.

¿O que nos toca a nós? Primeiro, esa prohibición —por entendernos— de que non se abran máis establecementos de xogo. Establecer novos mecanismos, que non existen agora mesmo, á hora de activar as máquinas nos establecementos de hostalaría, similares ás que se fan coas máquinas de tabaco —iso tamén o prevé a lei—, para moitos tipos de máquinas, para que haxa que activalas tamén, como un mecanismo de prevención máis para que non poidan xogar os menores. Tamén, establecer controis de acceso; agora mesmo, como vostedes saben, en todos os salóns de xogo non existen controis de acceso, e terá que habelos unha vez que estea en vigor a lei. Regularemos moito mellor os rexistros de prohibidos para que nin de broma se poidan colar e aumentaremos as sancións, se fora unha persoa que estea inscrita nestes rexistros, á hora de xogar ás máquinas. Faremos moitas máis campañas de prevención e, por suposto, tamén faremos moita máis restrición, na parte que nos toca, na publicidade respecto do xogo. Sabe vostede que acordamos que nos medios públicos, na radio e na televisión pública da Comunidade Autónoma de Galicia, na lei se regule —iso anunciámolo tamén— que non se poida facer publicidade, pero sabe vostede perfectamente que o verdadeiro problema da propaganda e da publicidade —publicidade ás veces moi perigosa, moi atraínte polas persoas coas que se fai, coas que se utiliza— é a que se fai nos medios nacionais, que non podemos controlar nós; iso correspóndelle —e xa van dous anos— ao Goberno do señor Sánchez —e en moitos anos anteriores—, pero é que cada vez é peor; e agora hai que actuar rapidamente, e iso sabe vostede que é unha competencia a nivel nacional; oxalá que se prohiba tamén esa publicidade, pero non o podemos facer nós.

¿Que máis cousas, no tempo que teño? Tamén quero falar de prevención. Saben vostedes que acabamos de aumentar as distancias, de 150 a 300. Sabe vostede que as imos medir de xeito radial. Todas esas cousas hai que facelas. Outra cousa é a capacidade dos concellos para poder establecer medidas a maiores, baseadas en materias urbanísticas, que restrinxan —tamén teñen campo de sobra— aínda máis que se poidan abrir os establecementos. Nós imos ir ata que onde poidamos, pero non podemos pasar de aí. Vostede mesmo reconece que hai concellos que din que ao mellor lles gustaría non autorizar esa apertura pero que, coa normativa na man, e non só normativa autonómica, non o poden facer.

Non me diga vostede que hai, despois de que decretamos a suspensión de novas licenzas, nin unha soa solicitude máis. Hai unha no concello de Ribadeo, que se presentou despois e, por suposto, se denegou; outras estaban en trámite. Nós cumprimos a normativa que nos toque e os concellos terán que facer a súa. E pódense abrir se estaban de acordo coa normativa anterior; e, se non, non o poderán facer. Pero non é responsabilidade da Xunta de Galicia, foi a Xunta de Galicia a que dixo que a partir dese momento non se podían abrir máis. Se non tiveramos dito isto, seguiríanse abrindo, como se está facendo noutras comunidades autónomas, que non limitaron o que fixo a Comunidade Autónoma de Galicia e seguen autorizando novas aperturas, por certo, cunhas ratios, en relación coa poboación, moi superiores ás que temos nós e tamén cunhas distancias moi inferiores á hora de restrinxir que se abran novos establecementos que estean máis ou menos próximos.



Imos establecer tamén na lei que o 25 % dos ingresos derivados das sancións se dediquen a un fin que todos podemos entender e compartir —espero que isto o comparta e seguro que o entende—, que é ás asociacións de ludopatía e a programas de prevención respecto da ludopatía. Isto é o que fai o proxecto de lei. A Xunta de Galicia foi a primeira administración —despois fixérono outras administracións e tamén outras comunidades autónomas— que dedicou cartos a través de convenios de colaboración e coordinación coas asociacións que loitan contra a ludopatía, e para a rehabilitación dos ludópatas —Agalure, Agaja, todas aquelas entidades que se dedican a estas tarefas—, que cada vez —é certo— teñen máis traballo desgraciadamente.

A Consellería de Sanidade tamén ten moito que dicir en todo o que ten que ver coas adiccións, e hai moita adicción relacionada coas ludopatías. Concedeu cento sesenta mil euros no ano 2018 —non teño os datos de 2019 aínda, pero seguro que non son menores— para asociacións que se dedican a loitar contra este tipo de ludopatías. Hai vinte e unha unidades asistenciais en Galicia; foron, do ano 2015 ao 2018, mil catrocentas persoas incluídas no círculo de asistencia aos trastornos aditivos relacionados coa ludopatía.

Séguese facendo moitas cousas, señora Solla, e temos que seguir facéndoas, e, por suposto, que a lei é o sistema de peche, todo o que estea posto nunha lei, se a lei está ben feita, ten que ser moito máis eficaz e, sobre todo, evitar inseguridades xurídicas e permitir actuar con enerxía e determinación cando se produzan condutas prohibidas por esta lei. Polo tanto, estamos na fase final dun tempo longo, dun proceso complexo. Estamos no momento —e agora que no Goberno de España se di que se vai facer un ministerio, díxoo o propio ministro, cunha competencia principal que ten que ver coas ludopatías— de coordinarnos.

Polo tanto, acompasémonos, cheguemos ao mesmo tempo e cumpramos o noso obxectivo. É certo que é un problema moi preocupante, é certo que temos que facer todo o posible e é certo que Galicia está facendo cousas que noutros sitios aínda están por facer e somos pioneiros, e alégrome nisto de ser especialmente pioneiros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Rueda, eu non sei se non me escoitou ben ou non me entendeu; é posible. Eu o que lle dixen non é que non fora irrelevante, senón que os datos están sobre a mesa: hai un 25 % de menores que xoga ás apostas, e ese é un problema. O 9 % faino *on line*, é dicir, o resto é presencial. Competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Por iso nós presentamos unha proposición de lei, e fixémoslo con moitos dos contidos que vostede nomeaba aquí. Ou sexa, que benvido a esta preocupación polo xogo e a saúde dos menores no noso país, benvido, señor Rueda, porque o que fixo vostede ata o de agora foi todo o contrario, e xa llo dixen



nunha ocasión: vostedes ampliaron o número de licenzas para facilitar a implantación do sector do xogo. E vostede dicía hai tres anos que, se ao xogo lle ía ben, a Galicia lle ía ben. Así que me alegro de que vostede mudase de opinión e entendera o problema de saúde pública que temos.

Por suposto que o ministro, o señor Alberto Garzón, ten que chamalos a vostedes e hai unha responsabilidade do ministerio, fundamentalmente no que ten que ver coas apostas *on line*. Pero, señor Rueda, non desbotemos as competencias de Galicia. Nós defendemos o autogoberno, vostedes teñen competencias en materia de publicidade, por suposto —algunhas son compartidas e outras non—, e, por suposto, en materia de regulación do xogo. Tanto é así que temos unha lei autonómica, que está absolutamente obsoleta e que foi o motivo polo que nós presentamos unha proposición de lei nesta cámara. O que non se pode é votar en contra da proposición de lei, dicir que se vai traer un texto alternativo e que non entre na Cámara na lexislatura.

Claro que está ben coordinarse co ministerio, pero esa non pode ser a excusa. Vostedes tiveron catro anos nesta lexislatura para presentar ese proxecto de lei e non o fixeron. Eu alégrome de que retoquen o anteproxecto, porque era absolutamente desastroso —sinto dicirille—, e xa o discutimos aquí en anteriores ocasións.

Non protexía, non regulaba, e as distancias que vostede plantexa entre as casas de apostas e entre os centros educativos son escasas, señor Rueda; 300 metros é pouco; e temos que ver as actas de Xogo, nas que, si, hai moitas máis cousas; xa nos anos oitenta se falaba de 300 metros.

Polo tanto, loxicamente, a lexislación ten que avanzar máis e ir por diante da sociedade. Son as propias familias as que lles están dicindo que non podemos ter casas de apostas ao lado dos colexios, pero non só dos colexios, senón dos parques, dos lugares recreativos, dos centros de saúde, das asociacións de ludópatas. Iso todo ten que ir na lei, iso ía dentro da proposición de lei do Grupo Común da Esquerda. Vostedes xa votaron en contra e non teñen alternativa.

E gustaríame que me explicase, porque non o fixo na anterior intervención, por que en plena epidemia do xogo vostedes aumentan o horario de apertura das casas de apostas en pleno Nadal. En vez de restrinxir, que é o que teñen que facer, o que están facendo é aumentando. Remítome aos datos, non invento nada. Insisto: vostedes, con vostede mesmo na vicepresidencia, incrementaron todos estes anos o número de licenzas.

Puña como exemplo o que acontece co decreto porque é unha evidencia de que vostedes non teñen visos de traer a lei. Se vostedes tiveron que ampliar o prazo de decreto, vía Lei de medidas fiscais e administrativas, é porque non lles daba tempo a ter feito o proxecto de lei a esa altura, que é cando remataban eses nove meses. Iso é unha realidade. Non sabemos cando van ser as eleccións autonómicas, pero supoñendo que en xullo esta cámara remate a súa actividade, se ese proxecto de lei non entra, non teremos nin sequera ocasión de debatelos en ponencia. E non podemos continuar nesta situación.

Vostedes eu creo que exerceron de xeito soberbio votando en contra da nosa proposición de lei, que podía ser mellor ou peor —por suposto non temos que estar de acordo—, pero per-



mitía a posibilidade de ir debatela nunha ponencia e que todos os grupos trasladasen as súas propostas. ¿Agora que temos? Nada. Non hai regulación sobre a mesa nin hai visos de que nos dea tempo a termos un debate sosegado os diferentes grupos de oposición para discutir dun elemento que é tan grave e tan importante.

Algúns dos elementos que dixo vostede aquí —non sei se son as modificacións do anteproxecto— viñan incluídos, e nós alegrámonos de que modifiquen e inclúan cousas que non estaban. Porque insisto: o anteproxecto non contiña unha eliminación da publicidade; non controlaba o acceso ás máquinas; non se prohibe o alcohol nas casas de apostas —vou rematar xa—, que era importante; non se marcaba unha distancia suficiente, teñen que incluír non só as escolas, hai moitas máis cousas das que teñen que estar lonxe os locais de apostas; non se eliminaban as licenzas concedidas, non hai retroactividade, polo tanto temos un problema que pode manterse vixente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...moi longo no tempo.

Señor Rueda, estamos falando dunha cuestión grave. Queríamos traer hoxe isto aquí. Seguro que dende o ministerio se vai facer unha boa regulación, pero a nós interésannos tamén as competencias que temos dende Galicia e a capacidade que temos de limitar esa epidemia de saúde pública. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Solla.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Solla, vostede mesma se contradí: fala dun debate sosegado e sae aquí na primeira intervención e na segunda a dicir que nós non temos ningún interese por limitar as ludopatías, que estamos regulamentando todo o que ten que ver en materia de xogo para favorecer o sector do xogo; menos mal que o propio sector do xogo di que o estamos estrangulando. Polo tanto, o sosego para intentar chegar a algún tipo de resultado que lle conveña á Xunta de Galicia pasa tamén pola medida nese sentido, porque vostede entenda que a nosa intención é acertar, que a nosa intención é facelo ben.

Eu cando digo que —efectivamente o dixen, e máis dunha vez, e volvo repetilo— para min que ao sector de xogo lle vaia ben e que lle vaia ben a Galicia non quere dicir que gañe moitos cartos. Se non, non estaríamos poñendo na lei e tomando as medidas que estamos facendo, non teríamos limitado a apertura de novas salas. ¿Que se cre? ¿Que é algo que lle gustou ao sector? Para min que ao sector de xogo lle vaia ben é que estea dentro dun marco pero sen criminalizalo, porque tampouco pretendo criminalizalo —alá vostede se o quere facer—; o que ten que facer é entender que non é, como lle dicía na primeira parte da miña interven-



ción, un sector normal, non é un sector calquera, non é simplemente un sector económico, é un sector que ten que estar regulado e fortemente regulado, que exactamente é o que estamos facendo.

Vostede dime que temos que traer a lei xa, canto antes, e que vai acabar a lexislatura e a lei non está aprobada. Mire, se o señor Garzón me chama —vostede di que si, a ver se é certo, el mesmo púxose uns prazos curtísimos—, se quere, o día que me chame, dende logo, voulle explicar o que estamos facendo dende Galicia, e se me pide coordinación, se me pide acompañar, se me pide ir todos da man, o que lle teño que dicir é que o sinto moito, pero que teño a súa indicación de aprobar a lei xa, canto antes, inmediatamente, sen pensar o que está facendo o Estado, sen coordinarnos, sen ser eficaces, sen sumar forzas. Dende logo, non imos facer iso. Seguimos os nosos pasos.

Dime que no anteproxecto había moitas cousas que non lle gustaron e que menos mal que foron mellorando. ¡Oia!, é que nunha tramitación da lei, polo menos as que facemos nós —vostede nunca tivo oportunidade de facer ningunha e, a este paso, con esta filosofía, dubido moito que a teña—, entenderán que as leis se fan, precisamente, e se dan a coñecer e se utiliza a transparencia, para que todo o mundo faga aportacións e melloras. Se vostede cre que o texto que fai dende o principio é o texto que ten que ir ao final e que todas esas reunións que vostede convocaría —dende logo as que nós convocamos non foron así—, son un puro paripé, non hai que escoitar a ninguén porque ninguén ten razón, pois entón fará textos moi diferentes aos que facemos dende este goberno, que recollemos, despois de reunirnos coas asociacións de ludópatas, despois de reunirnos coas asociacións de pais, despois de escoitar expertos, despois de escoitar o sector, despois de escoitar a Fegamp, moitas alegacións e aínda nos quedan, porque a estes lles faltan informes.

É un texto complexo e ten unha tramitación tamén lenta, xa me gustaría que non fora tan lenta, pero queremos acertar, e, mentres, van pasando cousas. E para evitar que esas cousas atrasen os efectos que estamos buscando, pois precisamente por iso dixemos que non se podían abrir máis salas de xogo.

Claro, agora, modificamos os horarios, aumentamos media hora máis. ¡Ah!, pero é que eu escoitei que dicía o ministro Garzón que o que vai facer é abrilos a partir dunha hora pero sen dicir se van —din que si, xa empezan a dicilo polo sector— pechar máis tarde; pois tampouco sei se esa é unha boa medida; ao mellor dar media hora máis pero logo aumentar o horario despois pola noite moito máis iso é discutible; agora non me diga vostede que é absolutamente indiscutible que quedar media hora máis é algo que vai fomentar a ludopatía pero, en cambio, dicir que abra máis tarde pero que pechen tamén moito máis tarde iso non ten ningún efecto. Todo se pode falar. Por iso quero falar co ministro, por iso quero que se fagan todas esas cousas e por iso quero acertar.

Volvo ao das actas, que lle demos sen ningún problema —e encantado—, ata que vostede saiba o que pasou. ¿Vostede sabe que na época do Bipartito se dicía que se ían axilizar e simplificar todos os trámites —xa tiven ocasión de dicilo aquí nalgunha intervención— para que este sector puidera desenvolver máis rapidamente, sen tantas trabas burocráticas, toda a súa actividade, é dicir, que se podían instalar máquinas, que se podían abrir máis salóns de xogo?



Iso non o fixemos nós, xa estaba feito cando chegamos nós, nós tivemos que facer o contrario, é dicir, xa non se poden abrir máis, ata aquí chegamos, e despois imitáronnos outros.

Polo tanto, imos darlle a cada un o seu e contar o que cada un fixo. Claro, se quere terxiversar, e vostede segue convertendo os rapaces que xogaron unha vez, que recoñecen que xogaron unha vez, directamente en ludópatas, estarase equivocando e non solucionará ningún problema, estará magnificando, estará facendo demagogia e non se estará dando conta ou non poñerá o foco en que efectivamente podemos ter un problema e o podemos ter moito maior. Pero se manexa as cifras dun xeito que non manexan os expertos que fan eses estudos, xa digo que se está equivocando.

Igual que creo que se equivocou e se equivoca agora cando me bota en cara que votamos en contra desa proposición de lei. ¡Oia!, vostedes antes votaron en contra, foi o único grupo que votou en contra dunha proposta onde se instaba o Goberno da Xunta a que empezara a redacción do proxecto lei, que foi o que fixemos. Vostedes dixeron que non, non querían que fixeramos ese proxecto, e agora vénme meter toda a présa para que o fagamos canto antes. Un pouco de coherencia, señora Solla. Ás veces non pasa nada por votar a favor dunha proposta do Grupo Popular, cando esa proposta está buscando, efectivamente, o que vostede di que hai que buscar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Polo tanto, un pouco de coherencia niso tamén.

Remato xa, señor presidente.

Polo tanto, señora Solla, eu volvo a apelar ao consenso nunha materia tan fundamental. Se empezamos a pensar, como noutras cousas, que tamén as fan vostedes —se non deberían—, en materias moi sensibles, que isto vai de liorta política e nada máis, e que vostedes saben todo o que hai que facer e que nós non temos nin idea do que estamos facendo, e que estamos favorecendo o sector do xogo, equivocárase. Con este tipo de comentarios, quen favorece o sector do xogo —que insisto en que non o quero criminalizar pero tampouco o quero favorecer— son vostedes. Non conten con nós para iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao seguinte punto da orde do día, que é o de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do contido do informe de fiscalización do Tribunal de Contas sobre as demoras na execución do AVE a Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Álvarez Martínez.



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

En días pasados o Tribunal de Contas fixo público un informe sobre as irregularidades detectadas na paralización das obras do AVE entre os anos 2014 e 2017. Ese informe fala da paralización que afectou a distintas liñas de alta velocidade, entre elas a galega, e na que chegou a haber dezaioito contratos que foron obxecto dalgunha paralización entre os anos 2014 e 2017; anos nos que, por certo, dona Ana Pastor era ministra de Fomento.

Parte deses traballos comezaron a ser desbloqueados cando chegou ao Ministerio Íñigo de la Serna e, como consecuencia deses retrasos, desas paralizacións, retrasouse a finalización das obras do AVE ata decembro do ano 2020, dous anos despois da data inicial prevista, que era o 2018. Naquel momento, co acordo do Goberno galego, tiñamos ese novo escenario. Estas suspensións obedecían a distintas causas, que motivaron, en primeiro lugar, que o nivel de execución —e falo do informe do Tribunal de Contas— non chegase nin á metade —o 49,2 %, en concreto, do que estaba previsto investir—, e provocaron unha serie de demoras que aínda arrastran as obras, que, por certo, tanto rédito político lle dá á Xunta de Galicia.

Pero o máis relevante é que o Tribunal de Contas atopa distintas irregularidades nalgún dos once expedientes que fiscalizou. Por exemplo, na vía esquerda entre Vilariño e Campobecerrros aprobáronse obras complementarias por problemas detectados nos túneles, que se debían tramitar como proxecto modificado. En decembro de 2016 acordouse a suspensión total das obras cando executou o 100 % do importe da adxudicación. E isto debeuse a unha nova modificación do proxecto.

Noutros casos, como o proxecto da variante de Ourense entre Seixalbo e a estación, o Tribunal de Contas detecta unha falla de coordinación entre as administracións intervinientes.

Páxina 47 do informe: «El 31 de diciembre del 2016 se acordó la tercera suspensión total cuando se encontraba ejecutado el 95,8 de los 2.361 millones de euros del importe del presupuesto vigente. Esta suspensión obedeció a que los trabajos de construcción de los tramos Seixalbo-túnel de Montealegre, y túnel de Montealegre-estación de Ourense contaban con la aprobación provisional, y para obtener la aprobación definitiva era necesario el informe favorable de la Consejería de Cultura de la Xunta de Galicia...», que en marzo do 2019 aínda non estaba dispoñible. Repito, páxina 47 do informe. Dous anos despois seguían sen informar.

Naquel momento, Feijóo, *chitón*; Vázquez Mourelle, *chitón*. E a situación é que neste momento vostedes están obtendo un rédito impresionante deses retrasos que vostedes provocaron.

Señora conselleira, ¿que valoración fai vostede deste informe?

Nada máis. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, ¿pediulle permiso a Madrid para poder facer esta pregunta sobre o AVE a Galicia, que é competencia do Estado? (*Aplausos.*) Porque lle molesta moitísimo cando falamos de infraestruturas que son competencia do Estado, e parece que hai que pedir permiso a Madrid para falar de asuntos de competencia do Estado aquí en Galicia.

Eu, dende logo, non lle envexo nada o papel que ten que facer hoxe, e o certo é que vén tentando tapar esas vergoñas do Partido Socialista en materia do AVE. Acaba de dicir «decembro do 2020». Non sei se foi un *lapsus*, porque, se non, sería todo un notición o que acaba de dicir de decembro do 2020, que ao mellor vén nese informe do Tribunal de Contas.

Está vostede a tapar o interese nulo do Goberno de España en materia de infraestruturas en Galicia. ¡Claro que si! Eu non lle envexo nada o papel que ten que facer hoxe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Vilán e señor Torrado, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): O que está dicindo do Tribunal de Contas xa é coñecido; estame a falar de temas de 2017 que xa o ministro Íñigo de la Serna, con transparencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Perdón! Señor Torrado, chámoo á orde. ¿Por que? Polo que está a facer, e polos xestos que fai. Bueno..., e polos xestos que fai cara á Presidencia cando... ¡Si, si, si! El xa sabe o que é, e non llo vou repetir. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois, ¡silencio! Si, si, si. Totalmente.

Continúe.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

A opinión pública xa a coñece dende o ano 2017 os dezasete treitos de alta velocidade de Galicia que están paralizados. Porque foi Íñigo de la Serna quen veu aquí a explicar, porque viña cada tres meses a explicar e render contas da alta velocidade a Galicia; polo tanto, é un asunto que a opinión pública xa coñece, e xa o coñecía tamén a propia presidenta da ADIF. A propia presidenta da ADIF, que defende esas suspensións. Eu invítoos a que lea tamén a letra pequena, señor deputado. «ADIF defiende que las suspensiones decretadas entre 2014 y 2017 eran procedentes». Isto foi escrito pola presidenta actual da ADIF. Polo tanto, xa foi contestado iso polo Partido Socialista de España. ¿Vostede non confía na presidenta da ADIF actual? Esa persoa, esa enxeñeira que está no laboratorio de ideas..., de falta de ideas, que por iso é necesario ese laboratorio do Partido Socialista.



Polo tanto, a propia presidenta da ADIF, o propio Partido Socialista, está a contestar; xa contestou a súa pregunta. O único que están deixando patente vostedes é o nulo interese do Goberno de España en materia de infraestruturas. Agradézolle que atalle este tema; eu creo que é máis útil que eviten esa cortina de tapar incumprimentos. Porque, mire, o Partido Socialista ten tantas versións da alta velocidade a Galicia como do encontro do señor Ábalos coa vicepresidenta de Maduro, (*Risos.*) (*Aplausos.*) tantas versións do AVE a Galicia. O máis útil é que digan a verdade. O máis útil é que non nos oculten información: certezas, a verdade, o AVE e o IVE, é o que pedimos, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente

E moitísimas grazas pola súa non-resposta, señora conselleira. Isto é igual que se eu, como profesor de matemáticas, lle pregunto: «¿*propiedades básicas de los logaritmos?*» E vostede respóndeme: «*tres por una tres, tres por dos seis, tres por tres nueve...*» (*Risos.*) e así sucesivamente. É dicir, eu pregúntolle por unha cousa e vostede contesta con outra *porque se la sabe*. ¡Claro! Esta é a realidade da súa resposta, lamentablemente. O IVE, as infraestruturas, a visita de Ábalos ao aeroporto de Barajas... ¿De verdade considera vostede que isto é serio, e que é unha forma responsable e medianamente respectuosa de responderlle a un deputado ou a unha deputada no Parlamento de Galicia? (*Aplausos.*) ¿Vostede cre que isto é admisible, que eu lle pregunte por unha cuestión...? Que, por certo, señora conselleira, eu non traio recortes de prensa; eu traio extractos do informe. Porque eu lin o informe, non lin os periódicos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non, non! A realidade é así.

Mire, señora conselleira, cando era suficiente que Íñigo de la Serna xirase visita a esta fermosa comunidade autónoma cada tres meses —que vén sendo catro veces ao ano, salvo un erro na división lamentable pola miña parte— era suficiente. Agora vostede, que se sumou con entusiasmo a ese furor de escribir cartas —ese furor epistolar do que vostedes andan facendo gala ultimamente—, escíbelle ao Ministerio de Fomento para facer un seguimento mensual das obras do AVE.

¿De verdade considera vostede medianamente serio que, despois de que un informe poña negro sobre branco —ou algunhas páxinas en cor, evidentemente; pero, en xeral, negro sobre branco— que vostedes —non vostede, senón o Goberno de España— sexan responsables de máis de tres anos de retraso nas obras, me veña vostede a falar do problema do IVE? ¿De verdade non ten ningunha argumentación mellor? Porque mire, señora conselleira (*Amosa unha follá.*): negro sobre branco; o subliñado verde é meu. Sobre os contratos vixentes na liña de alta velocidade a Galicia: hai 1.075 millóns de adxudicacións

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...en expedientes suspendidos.



Señora conselleira, por última vez, e prégoallo encarecidamente: ¿como valora vostede este informe? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Sabe perfectamente que eu lle teño respecto, e, en calquera caso, veño a responder eses incumprimentos do Goberno do Partido Socialista en Madrid. Eu non sei se vén hoxe como portavoz do Partido Socialista ou como portavoz do ministro. Non sei como vén hoxe vostede. A pregunta que me fai vostede está máis que contestada desde xa hai tempo, aínda que non o queira recoñecer. Xa está contestada esa pregunta, porque xa era coñecida pola opinión pública desde hai moito tempo e coas explicacións pertinentes.

Polo tanto, é ben sabido todo o que me trae vostede aquí. E non nos tome por parvos; non me tome tampouco por parva. Polo tanto, son cuestións que xa eran máis que coñecidas; así que non nos queiran colar un gol pola porta de atrás. Non nos queira colar cousas que non son pola porta de atrás. Porque aí están as evidencias: os informes dos técnicos da Xunta de Galicia, os informes á Comisión Europea. O terreo, pisen o terreo, invítóos; temos que ir xuntos ao AVE de Galicia. Doulle un chubasqueiro dos meus e imos ver as obras do AVE a Galicia. ¡Clara evidencia de que non din a verdade! Volvo insistir: tantas versións do AVE a Galicia ten o Partido Socialista como os encontros coa vicepresidenta de Maduro. ¡Claro que si! Porque hai que evidenciar esas diferenzas de criterio cada dous por tres.

¡Porque aí está! Eu, respectando á presidenta de ADIF... ¡Porque nos dixo isto o 7 de novembro! Díxonos isto: «*El AVE va en plazo —en novembro—, que el plazo es diciembre de 2019 —a non ser que me dea un notición hoxe de decembro 2020—, va en plazo y el debate está acabado.*». Isto, en novembro do 2019, e o prazo era de decembro do 2019, e estamos en febreiro de 2020. Polo tanto, ¿que quere que lle diga?

Logo temos que a Unión Europea xa dixo 2022, logo temos a ministra, que di que o AVE no ano 2022, logo temos que Bruxelas insiste en 2022, e logo aínda vemos que 2023. Polo tanto, ¿a quen queren enganar con todas esas versións?

Dende logo, eu... Insisto: solicitamos o expediente remitido á Comisión Europea, á ADIF, para ter coñecemento. Xa vexo que ten coñecemento vostede de moitos papeis oficiais. ¿Por que non nos contestan? ¿Que queren agochar? ¿Que nos envíen o expediente remitido á Comisión Europea, por transparencia, por colaboración entre administracións! ¿Por que non nolo envían? Xa hai tempo que o solicitamos; que nolo envíen.

Por certo, o ritmo frenético do señor Losada é o ritmo do sapoconcho; ten que pensar máis nos ratios de colocación de vía. Pero, en calquera caso, pedimos e solicitamos reunións men-



suais ao Ministerio de Fomento, e esa comisión bilateral que hai, como noutras comunidades autónomas, que poña a data xa. Que non me conteste o mesmo día polas luces de Rande, que me conteste en tempo real para a comisión do AVE a Galicia. Que sen demoras nos poña unha data para a información clara e certa, e dicir a verdade aos galegos sobre cando chega o AVE a Galicia. Porque, señoría, eu, dende logo, quedo perplexa cando me contestan *ipso facto* das luces de Rande no mesmo día e non me contestan nin da intermodal de Ourense nin da comisión bilateral do AVE a Galicia. Dende logo, non comparto esa orde de prioridades.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Pregunta de D. Luís Villares Naveira e tres deputados/as máis do G. P. Mixto, sobre as razóns da Xunta de Galicia para non escoitar as demandas cidadás respecto do proxecto de construción da estación intermodal de Ourense

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Señora conselleira, vou lerlle uns cantos titulares destas semanas sobre o proxecto da intermodal de Ourense: «O proxecto proposto para a intermodal de Ourense non achega solucións para unir os barrios nin para xestionar o tráfico»; «A veciñanza, as asociacións e mesmo o Colexio de Arquitectos, desde hai máis de dous anos —ou sexa, non é un asunto sobrevido— reclaman a intermodal digna que Ourense merece, e aseguran que a solución escollida é un desastre». Está en xogo o futuro de Ourense, estamos a tempo de facer as cousas ben coa intermodal. Se resolvemos mal a intermodal, Ourense sufrirá as consecuencias durante cen anos.

A veciñanza —seguro que vostede o coñece— indica que a actual mestura dos tres proxectos distintos presentados por vostedes e pola ADIF condenan o barrio a permanecer dividido, e vai provocar un caos circulatorio na contorna da estación, afectando tamén o centro de saúde.

A veciñanza reclama que se volva ao proxecto inicialmente previsto, que ubicaba as vías ao norte da actual estación, liberando espazo para a cidade e favorecendo a mobilidade e conexión entre os barrios. Vostede, a semana pasada, denigraba esta proposta dicindo que era só unha maqueta. Pero vostedes son expertos en maquetas: a semana pasada o presidente Feijóo presentou unha marabillosa maqueta —iso si, infográfica; nin sequera era volumétrica— do hospital da Coruña. ¿Iso vai ser unha realidade ou é só unha maqueta?

Ourense ten unha grande oportunidade para transformar de forma moi importante esta parte da cidade, achegando solucións que se adapten ás necesidades que teña agora e as que



vai ter nos vindeiros cincuenta ou sesenta anos. Señora conselleira, ten vostede unha grande responsabilidade con isto, e seguro que o sabe. Non se pode, e non poden vostedes, deixar pasar esta oportunidade de ningunha maneira.

Pero vostede, tamén a semana pasada, respondeu que ninguén tan razón —só vostede e o Goberno da Xunta—, e que o importante é rematar a obra en agosto deste ano sexa como sexa. ¿Realmente é tan importante rematar a obra en agosto sexa como sexa, se como vostede mesmo agora dixo non confían en que agosto deste ano 2020 o AVE estea xa en Ourense? Entón, ¿por que hai tanta présa? ¿Ou o importante é, precisamente, poder facer unha inauguración e unhas cantas fotos en agosto, negándose a falar e negociar con ninguén?

Finalmente, señora conselleira, espero que me responda de maneira un pouco máis clara do que o fixo a semana pasada, para saber, de verdade, cales son as razóns reais para que se neguen a falar coa ADIF, coa cidadanía, cos especialistas, cos técnicos ferroviarios, co Colexio de Arquitectos; para buscar unha mellor solución. É un proxecto para cen anos, como mínimo. Tómeno en serio e non pensen só noutro tipo de intereses, que verdadeiramente non xustifican unha decisión irresponsable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Para contestar ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

Silencio, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Trae como urxente unha pregunta que xa foi respondida a semana pasada. Eu creo que fun clara. Volverei a intentar ser clara. Non hai intermodal máis indigna que unha que non pasa dunha maqueta, e esa idea orixinal de Foster aí está. Pero, en calquera caso, dígolle que todas as maquetas de obras hospitalarias que presentou este Goberno ou están feitas ou están en execución. As maquetas foron do Partido Socialista no ano 2011, desas intermodais, e ningunha chegou a ningunha obra. (*Aplausos.*) Esas son as maquetas que soamente quedan en maquetas.

E o papel e a maqueta aguántao todo, como volvo dicir. E erran vostedes cando intentan escudarse nisto, porque non se están poñendo do lado dos veciños de Ourense, dende logo; porque están a facer que queden sen intermodal, que é o que queren. Dende logo, unha cidade non prospera soamente con maquetas. Iso, agardo, compartirao comigo.

A intermodal ten que ser garantir a intermodalidade; se é á mesma cota, moito mellor para a garantía de intermodalidade. Hai un acordo asinado entre a ADIF, o Ministerio, o Concello de Ourense e a Xunta de Galicia. E máis aínda: este proxecto, que está en obras —porque



somos expertos en obras, non en maquetas; en facer as maquetas obras e realidade—, está aprobado por unanimidade pola Comisión Superior de Urbanismo. Trátase dun órgano superior —que xa o di o nome— e dun órgano colexiado, e creo que tamén hai que respectalo. Polo tanto, é un proxecto aprobado por unanimidade —volvo a repetir— pola Comisión Superior de Urbanismo. Eu creo que é respectable, polo menos, o que di e o que aproba a Comisión Superior de Urbanismo.

Estamos a falar dunha nova estación de autobuses integrada na estación intermodal, que está en obras; non é unha maqueta. No verán poñerase en servizo o *parking* que tanto necesita ese barrio da Ponte, de trescentas prazas, tamén en execución, soterrado —porque toda a parte de arriba en superficie será unha gran praza, que se esquece vostede—, e, polo tanto, cumprimos coa cidade de Ourense con proxectos de cidade como é a estación intermodal, con transparencia e con participación.

E o que esquece vostede é a parte ferroviaria. E a parte ferroviaria é competencia da ADIF, de cuxos plans nada sabemos, e tampouco sabemos nada desa indefinición que existe coa estación na parte ferroviaria. Non tivemos resposta. Pedimos unha xuntanza o 27 de xaneiro e non temos resposta. Para outras cousas si me contestan *ipso facto*. Molestaralle a alguén que o diga. Pero, mire, para a comisión de seguimento da terminal da intermodal, que a ADIF e que o Ministerio contesten só a parte ferroviaria; porque hai moita indefinición e moitas das cousas que me di vostede son da parte ferroviaria. Non se confunda, que non son da parte da Xunta de Galicia.

Non sabemos o cronograma. Eu o que lle pido é que, igual que eu dou a cara pola parte da Xunta de Galicia, que o Ministerio e a ADIF dean a cara pola parte da intermodal que lles corresponde. E, dende logo, hai un equipo multidisciplinar traballando pola intermodal, e tamén por unha nova residencia de maiores en Ourense. Porque temos proxecto en Ourense, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Si, en fin, primeiro contradise vostede e di que hai un acordo xeral, que todo está confirmado, e despois di que non sabe nada do que pasa coa proposta da ADIF. É un pouco incoherente; se xa teñen un acordo pechado deberán de saber cal é o acordo, ¿non? Digo eu. E non coñezo o proxecto eu, pero parece evidente.

Por outra parte, vostede o único argumento que dá é que iso é unha maqueta; pero nin un só argumento para explicitar por que esa proposta é peor que a que vostedes plantexan. Efectivamente, as propostas que vostedes fan son as que se fan, e as que vostedes non desenvolven esas non se fan, presénteas quen as presente. E esa foi a causa tamén do atraso de anos da intermodal da Coruña. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, esa é a realidade. Ou se fai o que vostedes queren facer ou non se fai. Son vostedes os únicos que saben o que hai que facer.



Eu non dubido dos técnicos e do coñecemento dos colaboradores que vostedes teñen, pero tampouco dubido dos do Colexio de Arquitectos de Galicia, dos técnicos ferroviarios, que levan feito moitas alegacións a este proxecto. Efectivamente, as obras están en marcha, pero todas as persoas —técnicos, arquitectos e enxeñeiros— que se manifestaron plantexan que é modificable o proxecto, probablemente ao mellor cun pequeno atraso de tres ou catro meses. ¿Que importa que a intermodal se remate en decembro? Ao mellor o problema é ese: que vostede teñen un compromiso, non de facer a mellor intermodal para Ourense, senón de poder sacar unha foto co candidato á presidencia da Xunta no mes de agosto. Ao mellor ese é o problema e non facer o mellor proxecto para Ourense para os próximos cen anos. É unha irresponsabilidade, señora conselleira. (*Murmurios.*) Reflexionen, escoiten a xente e traballen de maneira participativa. Arrepíalles ter que escoitar a xente. Ás veces non lles queda máis remedio. Pero esta vez esperemos que tamén non lles quede máis remedio, porque non é unha obra para o ano que vén ou para os cinco próximos anos; é unha obra para o futuro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: ...da cidade de Ourense.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Para réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Non sei se sabe vostede cales son os membros que conforman a Comisión Superior de Urbanismo, porque está o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, que votou a favor. Polo tanto, Comisión Superior de Urbanismo, moitísimos membros colexiados do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, do Colexio de Industriais e tamén do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, votando a favor, aprobado por unanimidade. Eu creo que un pouquiño tamén de sentido sobre estes asuntos —como digo—, porque estamos a falar de proxectos da cidade en Ourense, non só da estación intermodal; tamén, por suposto, da chegada do AVE, e tamén, por suposto, da nova residencia de maiores.

Da terminal ferroviaria —e vostede non me entendeu; eu creo que o que quere entender entende, pero, en calquera caso, vovoreime explicar— coñecemos o proxecto, ¡claro que si!, pero non temos nin cronograma nin previsións. E se hai algunha aclaración que haxa que facer, que a faga —igual que fago eu cando me preguntan pola nosa, e estou aquí dando contas no Parlamento, e dou contas en Ourense—. Da parte da terminal ferroviaria nin *mu*, e levo días esperando a que me poñan unha data para falar da terminal ferroviaria. Porque o certo é que moitas críticas e moitas cousas que din os que se manifestan son da parte ferroviaria de ADIF —non sei se o sabe vostede—; polo tanto, será ADIF quen responda, non



eu. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah, vale! Pois xa coincidimos en algo, xa avanzamos hoxe algo. *(Murmurios.)* Espero ser clara, e xa fun clara; polo tanto, chegamos a un acordo.

Dende logo, dinme que tiremos ao lixo o traballo feito, e non podemos tirar ao lixo o traballo feito, e ¿quen lle di iso de que en catro meses? Non é certo, as obras teñen que ser realidades. Eu, cando vexo algúns planos que manexan vostedes de simplificar unha praia de vías de chegada do AVE a Galicia cunha raia mais outra raia de rotulador, creo que é un insulto á enxeñería. Creo que as cousas son máis serias, porque as cotas son tozudas, as pendentes son as que son, e hai que salvar... Volvo dicir o que lle dixen á súa compañeira, á outra deputada, a semana pasada: os autobuses non trepan, as pendentes hai que superalas, e, polo tanto, entendo que as maquetas son maquetas e as obras hai que facelas realidade. *(Murmurios.)* Pois as cotas hai que salvalas. E se queren incumplir a Lei de accesibilidade, por exemplo, nós, dende logo, non queremos e queremos que as intermodais sexan accesibles a todo o mundo.

Temos un proxecto importante en Ourense. Eu xa lle expliquei á súa compañeira a mellora radical do centro de saúde e, polo tanto, eu creo que unha imaxe é máis que mil palabras. A zona mellora radicalmente e, polo tanto, non imos renunciar a este proxecto que mellora radicalmente.

Eu o que digo é que están sendo comparsa do Goberno do señor Sánchez para que non invista en Ourense. ¡Non fagan comparsa do Goberno socialista en Madrid para que leven os investimentos ao Mediterráneo! ¡Queremos investimentos en Galicia! *(Murmurios.)* ¡Que responda o ministerio, ADIF, da parte ferroviaria! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Queremos un cronograma e claridade da parte ferroviaria. Da parte da Xunta de Galicia está explicado e explicareino as veces que corresponda.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Debatemos agora de xeito acumulado unha pregunta de dona Luca Chao e do señor Rivas Cruz.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre se o Goberno galego ten estudado algunha medida para evitar a perda de postos de traballo en Emesa

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre que medidas pensa tomar o Goberno galego ao respecto da situación de Emesa

O señor PRESIDENTE: Formula, en primeiro lugar, a pregunta a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.



Señor Conde, unha vez máis vémonos na obriga de traer a esta cámara a preocupación de traballadores e traballadoras pola situación que viven nas súas empresas, que pode supoñer a perda de decenas de postos de traballo. Neste caso falamos de Emesa (Elaborados Metálicos), unha empresa que, como sabe, está situada no municipio de Coirós, na provincia da Coruña, adicada actualmente ás construcións metálicas e que ten sobre as súas costas unha historia de máis de sesenta anos, que fixo que o seu labor sexa coñecido e recoñecido en todo o mundo pola súa participación imprescindible en obras de moita importancia, como a ampliación da ponte de Rande, a T4 de Barajas ou a intermodal de Liexa, entre outros exemplos. Tamén desempeñou un papel decisivo na industrialización de toda a provincia da Coruña, con importantes obras tanto en Meirama e nas Pontes como na refinería da Coruña.

Isto é, falamos dunha empresa que conta cunha importante traxectoria, con moita especialización dos seus traballadores e traballadoras ao longo de todo o sistema produtivo; isto é, dende a enxeñería do proxecto ata que se entrega o proxecto, o que reverte en emprego de moita calidade. Chegou precisamente por isto a dar emprego a máis de trescentas persoas hai uns anos.

Lamentablemente, a perda de postos de traballo —como sabe— iniciouse hai tempo, e aí, señor Conde, vostedes teñen responsabilidade directa. Teñen responsabilidade directa pois, como sabe, falabamos dunha empresa que era punteira no seu momento na produción de industria eólica, ata o punto de ser os primeiros construtores de infraestruturas eólicas no seu momento. Chegaron vostedes e paralizaron o desenvolvemento eólico, tanto no país como no Estado. Velaí o compromiso do Partido Popular, de sobra coñecido, co medio ambiente, e velaí tamén o seu compromiso co mantemento de postos de traballo de calidade.

Actualmente, a empresa conta con oitenta e catro traballadores, que neste momento levan dende setembro sen cobrar —imagine a situación— e que, ademais, están a piques de entrar nun expediente de regulación de emprego temporal. As traballadoras e traballadores hoxe mesmo dicíannos, outra vez, que non entendían como se puido chegar a esta situación. Hoxe mesmo volvíannos explicar a avultada facturación da empresa e como a Xunta de Galicia, mediante o Igape, lles deu numerosas axudas para unha serie de melloras que nunca se levaron a cabo. Claro, a pregunta é evidente: ¿que fixo a Xunta de Galicia, que non supervisou en que se gastaba o diñeiro que recibiron? Falamos dunha xestión totalmente negligente, pois non se supervisou absolutamente nada.

Pero, agora, debemos mirar cara ao futuro. Isto é o que nos pedían eles e elas: que lle interpelásemos, que lle preguntásemos directamente que se está facendo, que está facendo o Goberno da Xunta de Galicia para garantir estes oitenta e catro postos de traballo, para buscar un investidor para a factoría que garanta o futuro do emprego en toda a comarca, que non se siga desmantelando a industria neste país. Porque, señor Conde, estamos ante un caso máis, e agardamos que a solución non sexa a mesma que dan sempre desde a súa consellería, que é a calada por resposta. Porque a calada por resposta leva producido vinte e dúas mil cincocentas destrucións de postos de emprego industrial neste país, vinte e dous mil cincocentos postos de traballo destruídos na industria neste país nunha década, señor Conde.



Por iso, preguntámoslle: ¿que vai facer para impedir a destrución de máis postos de traballo na comarca? ¿Que están facendo para evitar que Emesa peche as súas portas? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Formula agora a pregunta o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Emesa foi crescendo desde o 58 ata os nosos días, e pasou por diferentes donos, chegando, como se dixo xa, a trescentos traballadores e traballadoras. Reconvertida pola crise de eólicos, chegou a quedar con setenta. E hai catro anos foi vendida ao Grupo Soil Recovery. Estes últimos propietarios prometeron o ouro e o mouro; disque en catro anos ían dar traballo a duascenas persoas. E, así, compraron por quince millóns, cinco en man e o resto en dez anos, cun truco moi chusco. O truco consistía en que os anteriores propietarios de Emesa piden un crédito de cinco millóns a un banco e préstannlos a quen vai comprar Soil —é dicir, a quen compra, a eles mesmos, que prestan—, que paga o primeiro prazo de compra con este préstamo. ¿Ségume, señor conselleiro? O administrador concursal chámalle a isto «compra apalancada». Ítem máis: co diñeiro de Emesa —da vella Emesa—, e cos traballadores sen cobrar, fixéronse préstamos a outras empresas deste novo grupo. ¿Isto non ten cárcere?

A xestión empresarial nestes catro anos foi —digamos— escura —por dicilo así con suavidade—. Iso si, recibiu as pertinentes axudas de varias institucións públicas. Hai voces que afirman que este grupo é un fondo voitre. Teña plumas ou non, o pescozo pelado ou non, os comentarios no mundo das empresas e das finanzas eran claros: fedía a carniza. ¡Pelotazo!

Seica as axudas eran para mellorar a factoría, melloras e inversións que nunca foron feitas. O desprezo amosado para cos traballadores e os seus representantes foron constantes e ségueno sendo, e ao amparo desas maravillosas reformas laborais con que o PP nos agasallou —disque para axilizar, rendibilizar e reforzar a economía— estes voitres forzaron o decaemento do convenio colectivo para achicar e domesticar os seus traballadores. E, así, estes, cos dereitos contractualizados, tiveron que un a un denunciar a empresa para que lles fosen devoltos. O clima enrareceuse e houbo sentenzas, e todas elas foron favorables aos traballadores, sentenzas que non se cumpren de parte da empresa hoxe.

A sospeita fundada é que o Grupo Soil, que adebeda dezaeito millóns, vai desguazar a empresa para sacar o máximo de beneficio desta operación. É dicir, en catro anos factura máis de trinta millóns, non paga provedores, recibe catro millóns de euros de axudas públicas e, agora, desguázaa; e aínda lle vai sacar algo máis, ¡despois de comprala con cinco millóns prestados polos mesmos que foron comprados! Este é o capitalismo sen control do que vostedes son o brazo político protector e executor, e que pregoan aos catro ventos como sistema económico inmutable e perfecto.

Señor conselleiro, ¿que están facendo e que pensan facer para manter a actividade desta empresa e os postos de traballo ameazados? Porque —repítolle— isto é un pelotazo de libro.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que é moi complicado establecer un debate neste parlamento cando vostedes queren traer a situación de empresas. Realmente, simplemente queren traer unha parte da realidade; non se informan ou, simplemente, non queren trasladar toda a realidade do que está a ocorrer.

O que si lles podo trasladar, sobre todo aos traballadores, é que a Xunta de Galicia vai traballar; a Xunta de Galicia está ao seu lado e estará á altura, e nós volveremos implicarnos con esta empresa, precisamente, para que poida manter a actividade industrial e para que poida manter o emprego. Xa o fixemos no ano 2016, cando se lle concederon préstamos por 1.080.000 euros, e, polo tanto, xa demostramos que, efectivamente, este goberno está ao lado da industria e está ao lado do emprego. Sábeo o comité de empresa, co cal xa nos temos reunido en varias ocasións; tamén, o administrador concursal, que é a quen lle corresponde loxicamente presentar un plan de viabilidade. E nós, dende o Goberno, imos asumir a nosa responsabilidade, as nosas funcións en materia de industria, non a través de opinións —que é o que vostedes veñen trasladar aquí—, senón a través de feitos.

Buscaremos unha solución que garanta o futuro da empresa. E nós, dende logo, traballaremos para identificar como, a través dos diferentes instrumentos que ten a Xunta de Galicia, podemos manter esta actividade. Estámolo facendo co Plan de financiamento empresarial de Galicia en todos os proxectos que presentan un plan de viabilidade e ademais cunhas propostas que se plantexan que están dentro da legalidade. E xa temos exemplos. É fácil vir aquí facer un relato parcial da realidade dunha empresa, como o están a facer hoxe, pero os traballadores saben que a Xunta de Galicia está ao lado da industria e está ao lado dos traballadores. Sábeno os traballadores de Paquito: tres millóns de euros a través dun préstamo para refinar a débeda e garantir a continuidade da actividade en Boiro. Sábeno os traballadores de Nor Rubber: tres millóns de euros. Sábeno os traballadores de Fandicosta: actuamos, precisamente, para manter a actividade cubrindo as necesidades de circulante. Sábeno os traballadores de Copo, de Clesa, cun investimento de máis de cinco millóns e medio de euros.

Polo tanto, hai unha coherencia de Goberno que actúa para encontrar solucións. E, lamentablemente, o que hai é unha incoherencia no discurso que vostedes, tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Grupo Común da Esquerda, traen a este parlamento. Incoherencia porque, en primeiro lugar —coma sempre—, só se preocupan dunha parte dos traballadores de Galicia; parece que unha vez máis hai traballadores de primeira e de segunda. Eu estou esperando que vostedes traian a esta cámara a situación dos traballadores de Alcoa-San Cibrao (*Murmurios.*) e que traian a situación que teñen neste momento os traballadores das



Pontes (*Murmurios.*), e que traian aquí a esta cámara a situación que teñen os traballadores da industria auxiliar vinculada coas Pontes, e espero que algún día traian tamén a preocupación que teñen oitenta mil familias que dependen da actividade que desenvolve en Galicia. E, polo tanto, creo que esa é realmente a coherencia... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...que vostedes deben de trasladar. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Pero fíxense na falta de información da señora Chao..., (*A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Señora Chao, silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...que fala nesta cámara do sector eólico. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor. (*O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Cal, silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): O Grupo Común da Esquerda fala nesta cámara do sector eólico. ¡Pero se vostedes non o están apoiando en ningún proxecto no sector eólico en Galicia! ¡Pero se este goberno foi o que está permitindo a reactivación con máis de 480 megavatios postos en funcionamento no ano 2019! Vostedes están intentando bloquear o desenvolvemento do sector eólico, ¡e queren falar aquí de sector industrial vinculado ao sector eólico! Pero, ¿a quen queren enganar?

¿Ou queren que falemos de como vostedes apoiaron o Partido Socialista, que nos meteu nun déficit tarifario de trinta mil millóns de euros precisamente por un crecemento desordenado das enerxías renovables no ano 2010? Creo que, leccións de sector eólico, ningún grupo da oposición llas pode dar a este goberno, sobre todo se se vincula coa actividade industrial.

Pero miren, vostedes faloron dunha parte da realidade de Emesa, e faloron dunha parte parcial da situación de Emesa.

Por certo, señora Chao e señor Rivas, as subvencións das que vostedes falan concedeunas o Bipartito, no ano 2007 (*Murmurios.*) —1.300.000 euros—. Seguramente vostedes terían algo



que dicir mentres estaban no Goberno pola aplicación desas subvencións. O que fixo este goberno foi dar un préstamo participativo no ano 2016, que permitiu, neses momentos precisamente, que a empresa puidera reflotar a situación de dificultade que tiñan. E grazas á axuda da Xunta de Galicia —ano 2016—, con este préstamo púidose solventar esa situación. O que non queren dicir aquí é que o concurso de acredores no que está Emesa ten unha orixe no Partido Socialista Obreiro Español; iso non o queren dicir. E non queren dicir que precisamente foi unha acta da Axencia Tributaria de xuño do ano 2018 e a inflexibilidade da Axencia Tributaria durante todo o proceso o que provocou, coa exixencia dun aval que xa estaba cuberto por outras empresas, o que levou a que Emesa non puidera contratar con administracións públicas durante estes dous últimos anos.

Falemos en serio, se queren, de Emesa; falemos en serio do futuro de Emesa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...e falemos en serio do emprego industrial.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Pero non veñan aquí con leccións e non veñan aquí con lecturas parciais...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...da situación que ten Emesa e os seus traballadores. Os traballadores non o merecen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Señor Conde, unha vez máis perdeu vostede a ocasión de dar algunha resposta concreta e de dar algunha información ás persoas que esperan que dende a súa consellería algunha vez, por unha vez, teñan un proxecto concreto enriba da mesa. Gustaríanos escoitalle cales son as propostas que ten a súa consellería para o futuro industrial da comarca; diso non dixo absolutamente nada.

Xa llo dicimos, a demanda dos traballadores é clara: están pedindo que vostedes se involucren na busca dun proxecto propio que garanta o futuro do emprego na comarca, centrándose, por exemplo, na produción eólica. Porque mire, nós, dende logo, estamos a favor da enerxía eólica, sempre e cando reverta en benestar para a cidadanía. Do que non estamos a



favor é do espolio para os seus amiguetes, que é ao que nos ten acostumados o Partido Popular; diso, dende logo, non estamos a favor.

E, en vez disto, vostede veu aquí ao de sempre, a amosar o seu desinterese absoluto e a incapacidade para resolver algúns dos problemas da industria deste país. A súa palabra non vale absolutamente nada, porque esas vaguidades e promesas baleiras xa as escoitamos falando de Vulcano, xa as escoitamos falando de Isobar, xa as escoitamos falando de Poligal. E o resultado foi exactamente o mesmo: peches e despedimentos, vinte e dous mil cincocentos postos de traballo na industria destruídos no seu Goberno, señor Conde, vinte e dous mil cincocentos postos de traballo, un de cada tres dos postos da industria que se destruíron en todo o Estado. E disto vostede non di absolutamente nada.

A pregunta é sinxela: ¿que van facer para reverter esta situación? Porque mire, o conselleiro ata o de agora é vostede; se non é capaz, deixe o posto que ocupa; xa virán outras persoas, xa estaremos outras persoas capaces de poñer solucións enriba da mesa. (*Murmurios.*)

Explíqueillo antes: estamos ante unha empresa que ten recibido millonarias axudas públicas, sobre as que vostedes deberían dicir algo. ¿Que está facendo vostede agora? Nós dicímolo claramente: o Goberno galego ten que involucrarse de verdade buscando un investidor; non investidores fantasmas, como ese que dixeron que tiñan para Vulcano e que non apareceu nunca. Queremos un investidor claro. Vostedes deben intervir activamente para evitar o peche da empresa, para garantir o futuro da industria e para abrir a porta aos centos de postos de traballo que se poderían xerar se Emesa segue aberta. Sabe perfectamente que é unha cuestión fundamental para a comarca.

Entenderá que os traballadores teñen moita preocupación...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ...porque as súas promesas acaban sempre no mesmo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: ...en despedimentos e sufrimentos. Non é unha cuestión que faga graza. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Señor Conde, vostede fala de que nós teorizamos. Nós fixémoslle o único relato posible: o do espolio. O duns individuos mafiosos que entran, compran —e vostedes sabían de quen se trataba e saben de quen se trata—, entran nunha empresa, desguázana, apértana e extorsiónana para sacar o maior rendemento posible; e o que menos lles importa son os traballadores. E vostedes conceden préstamos e non lles fan seguimento. E



esta é a única realidade, señor Conde. Porque o grave é que vostedes son quen lle dan soporte teórico a esta mafia consentida, de verdade.

Mire vostede, vostede aquí non falou desa teoría, pero o señor Cividanes o outro día, falando de Isobar en comisión, si falou desa teoría, e díxome textualmente, e ante dunha pregunta máis ou menos semellante, que o mercado equilibra el soño os conflitos entre empresas e traballadores. Polo tanto, a pregunta que se saca de aquí é que pintan —ía dicir unha palabra—, ¿que pintan vostedes no goberno, caramba? ¿Que pintan se non son quen de fiscalizar e de facerlle seguimento ao diñeiro público; se non son quen de avalar contratos e compras e vendas de empresas a xente mafiosa? Se non son quen de facer ese labor, ¿que pintan gañando un soldo que non gañan? (*Aplausos.*) ¡É que esta é a realidade! Mire, os traballadores é o que menos lles importa. Impórtanlles agora, que estamos en período pre-elector ou electoral xa; impórtanlles para facer propaganda e para quedar ben.

Mire, en canto a Alcoa, este deputado e algúns máis do meu grupo pisaron asfalto moitas veces en solidariedade con eles. E non só pisaron asfalto. Non só pisaron asfalto; acompañáronos a Madrid e estiveron onde había que estar e estamos onde hai que estar, sempre. Vostede non. Vostedes son os grandes ausentes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Turno de peche desta pregunta, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Lamentablemente, señor Rivas, señora Chao, a súa demagogia, unha vez máis, non lles vai servir de nada aos traballadores de Emesa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Os traballadores de Emesa saben que este goberno está traballando, que loxicamente vai desenvolver un traballo xunto co administrador concursal, que é quen ten que presentar ese plan de viabilidade. E intentaremos traballar tamén para atraer un investidor e que, polo tanto, poida haber continuidade na actividade industrial de Emesa.

Ese é o noso compromiso, esa vai ser o noso labor, conxuntamente cos traballadores e co administrador concursal. E que non teñan ningunha dúbida os traballadores de Emesa de que nós traballaremos para identificar cal é a solución para darlle viabilidade ao seu proxecto.

Sábena os traballadores de Emesa, pero sábena tamén os traballadores de Paquito, os traballadores de Nor Rubber, os traballadores de Fandicosta, os traballadores de Copo, os traballadores de Clesa, que lamentablemente atravesaron por procesos similares, e aquí había un goberno con responsabilidade que soubo identificar proxectos viables e que permitiu a todos os traballadores destas empresas que puideran continuar a súa actividade. E nese compromiso é onde traballaremos cos traballadores de Emesa para dar esa solución.

¡Lamentable! Señora Chao e señor Rivas: préstamo do Bipartito, ano 2007, un millón trescentos mil euros. ¿Pero como me poden pedir a min responsabilidades de seguimento e de



execución desas subvencións se llas concederon vostedes? Estaban vostedes no goberno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Oian: nós, no ano 2016, cando esta empresa atravesaba por unha enorme dificultade de tesouraría, identificamos que, efectivamente, se podía investir e que, polo tanto, podíamos axudar a que Emesa puidera continuar a súa actividade, e concedémoslle un préstamo participativo de un millón trescentos mil euros.

E volvo á realidade: ano 2018, mes de xuño, a Axencia Tributaria abre unha acta, levanta unha acta a Emesa, por responsabilidades da antiga Isolux, e exíxelle presentar un aval de catro millóns de euros, que xa tiña cubertos cos avais doutra empresa. Mantén esa acta aberta. Mantense inflexible nas negociacións durante dous anos. Inflexible, reitero, inflexible. E esa acta impide que Emesa poida contratar con outras administracións públicas. Impide que poidan contratar con outras administracións públicas. Polo tanto, limitan a capacidade de poder contratar e de poder desenvolver esa actividade. Esa é a orixe real da situación concursal que ten Emesa.

Se vostedes queren trasladar outra realidade totalmente distinta, eu laméntoo. Este goberno vai traballar co administrador concursal e co Comité de Empresa de Emesa para atopar unha solución.

Lamentablemente, Emesa viuse nunha situación de inflexibilidade da Axencia Tributaria. E, recórdolle, o seu goberno é o goberno que se mostrou inflexible con Emesa. E, polo tanto, seguramente deberían de falar cos seus compañeiros de Madrid, ir ao Congreso dos Deputados e pedirlle ao actual Goberno que dea explicacións de por que a Axencia Tributaria se mantén e se mantivo inflexible coa situación de Emesa, cando tiña cuberto o risco co aval que lle exixiu presentar, e mantivo a acta levantada.

Polo tanto, un pouco de rigor, un pouco de veracidade e un pouco de profesionalidade no seu desenvolvemento como deputados, porque os traballadores non merecen este tratamento ideolóxico que vostedes queren traer permanentemente sobre a situación da industria. (*Aplausos.*)

Están, señorías, facendo un ataque sistemático á industria galega. Un ataque sistemático. Galicia non o merece e, dende logo, os traballadores non o merecen. Vostedes empéñanse en vir aquí e identificar quen é bo e quen é malo. Señores, aquí só hai unha problemática, e son os traballadores de Emesa, e é se podemos traballar para dar esa solución. Vexo que me están seguindo e eu agradézollo. (*Murmurios.*)

A situación con respecto ao que me trasladaban sobre baixar á rúa... Señor Rivas, ¿refírese vostede á campaña electoral do ano 2009, cando, estando en precampaña e en campaña, o Bipartito concedeu cen millóns de euros que foron fallidos para a Administración pública? (*Murmurios.*) ¿Refírese vostede a que vostedes ían en precampaña concedendo préstamos que foron fallidos porque eran proxectos inviables? (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Refírese vostede aos trinta millóns de euros de Alfageme? ¿Refírese vostede aos préstamos que lle concederon a T-Solar ou a Infinita Renovables? ¿Refírese vostede a ese tipo de préstamos? (*Murmurios.*) Este goberno non vai actuar coa irresponsabilidade que actuou o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e que levou a ter unha perda de cento trinta millóns de euros de fallidos por unha xestión irresponsable.



Señora Chao, revise os datos da Enquisa de poboación activa. Os datos son que 13.700 persoas ocupadas foron as que se incrementaron no ano 2019 na industria. Foi este sector, o da industria, o que máis emprego xerou no ano 2019: un 8 % máis que no ano 2018, mentres España só crecía ao 2 %. Lamentablemente, vostedes están xerando paro en España; as súas políticas, dende o punto de vista enerxético, o que están é xerando un problema en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, grazas...

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...e aquí o que hai é un goberno responsable que vai estar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...cos traballadores de Emesa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e sete deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta sobre os resultados para Galicia do último informe PISA

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, o pasado mes de decembro coñeciamos o resultado do informe PISA 2018, un informe cuxo obxectivo é a análise dos diferentes modelos de ensino para que as autoridades responsables no campo educativo poidan deseñar políticas educativas que permitan corrixir, impulsar e adoptar solucións naquelas áreas nas que o informe sinala eivas ou debilidades. A súa finalidade é a mellora continua do ensino na procura da calidade e equidade educativa, nunha sociedade cambiante e absolutamente dinámica que obriga as autoridades a estar en permanente evolución. Un informe de ámbito internacional que permite unha comparación do sistema educativo de Galicia non só co resto de comunidades autónomas, senón tamén con rexións e países de todo o mundo; polo que os datos acadados por Galicia en 2018 cobran maior valor. Son datos que, sen dúbida, avalan un modelo de ensino promovido pola Xunta de Galicia que sitúa o alumnado no centro do sistema, cunha forte aposta por programas a prol das competencias científicas en matemáticas que se está desenvolvendo nos centros de ensino da nosa comunidade autónoma.

Efectivamente, señora conselleira, a Xunta de Galicia está realizando un gran esforzo para desenvolver a Estratexia galega para a educación dixital, integrando a tecnoloxía e innovación nas aulas de forma transversal, natural e gradual, reforzando as competencias STEM,



introducindo materias como robótica ou programación, mais tamén levando a innovación educativa e tecnolóxica a todas as materias, en todos os ámbitos, como as bibliotecas.

Este esforzo seguramente pode explicar a tendencia de mellora continua de Galicia nas competencias científica e matemática, cuns resultados por riba da media de España, da Unión Europea e da OCDE.

Señora conselleira, moitas veces centramos o informe PISA nos resultados das competencias dos alumnos, cando o informe di outras cuestións que, sen dúbida, son tanto ou máis relevantes. Por exemplo, que Galicia é unha das comunidades autónomas con maior equidade; o que significa que non hai diferencias significativas nos resultados do alumnado pola súa situación social, económica ou xeográfica. Tamén di que hai unha maior equidade na equiparación dos resultados entre rapaces e rapazas, que somos unha comunidade que sabe rendibilizar cada euro que destina a educación —que supón máis dun 4 % do PIB da nosa comunidade, o que nos sitúa nunha das comunidades que máis gasto por alumno destina do conxunto do Estado—. Podemos dicir sen rubor que o sistema educativo non universitario na nosa comunidade ten mudado e cambiado moito nesta década de Goberno do Partido Popular.

Polo tanto, señora conselleira, gustaríanos escoitar que valoración fai a consellería do informe PISA 2018.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Resposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

É coñecido que, como docente, e tamén como responsable da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional neste momento, sempre defendo traballar pola mellora do sistema educativo a través de políticas educativas estables, de políticas educativas innovadoras e que impliquen o conxunto da comunidade educativa e non só a Administración.

Na Consellería de Educación vemos con satisfacción os resultados do informe PISA 2018, que foron presentados o pasado mes de decembro. E os datos confirman que Galicia reforza a tendencia de mellora, unha tendencia de mellora continua na competencia científica e na competencia matemática, e que o ensino galego continúa por riba da media de España, da Unión Europea e tamén dos países da OCDE nestas dúas competencias.

Desde o PISA de 2009, Galicia pasou do décimo ao quinto posto en competencia matemática e do quinto posto ao primeiro en competencia científica. O alumnado galego está, polo tanto,



ao nivel dos estudantes de Estados Unidos, Corea, Alemaña, Países Baixos ou Reino Unido en competencia científica; mentres que, respecto da competencia matemática, está ao mesmo nivel que Alemaña, Suecia ou Finlandia.

Non se trata de caer na compracencia, mais hai que poñer en valor que Galicia conta cun modelo educativo propio, diferenciado e avalado polos resultados non só dos datos de PISA senón tamén polo feito de que a nosa comunidade pechou o ano 2019 coa taxa de abandono educativo temperán máis baixa desde que existen rexistros, e iso é un 12,6 %.

Galicia volve estar, por terceiro ano consecutivo, por debaixo do obxectivo marcado para España pola Unión Europea para 2020, fixado no 15 %. E tamén melloramos o obxectivo, aínda máis ambicioso, recollido no Plan estratéxico de Galicia, de acadar a taxa do 13 % no ano 2020. Unha vez acadados estes fitos, Galicia continúa a traballar para avanzar máis aló. As políticas educativas impulsadas desde a Xunta na última década permitiron configurar un sistema educativo galego de calidade, inclusivo, plurilingüe, que pensa no alumnado e no profesorado, ao tempo que adopta as novas tecnoloxías como ferramenta imprescindible na formación e na aprendizaxe de competencias.

En definitiva, é un modelo educativo no que hai que afondar e que pode servir de referencia a outras partes, a outras comunidades do Estado. De feito, algunhas comunidades xa están a enviar técnicos para coñecer o funcionamento de iniciativas educativas que se están a desenvolver, precisamente, en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, conselleira.

Efectivamente, señora conselleira, estamos no bo camiño. Os expertos afirman que a calidade de gobernanza no ensino repercute nos resultados dos alumnos. Así, o experto John Hattie atribúe nun 30 % a calidade do profesor nestes bos resultados. Polo tanto, a figura do profesor é imprescindible para obter eses bos resultados. Isto lévanos a insistir na necesidade de determinar o acceso á profesión docente, así como a perseverar na formación continua, algo no que Galicia leva traballando intensamente nesta década co obxectivo de non deixar atrás a ninguén. Por iso, temos que salientar o apoio aos estudantes con dificultades a través dos contratos programa, que incorporaron a 572 docentes para este fin neste curso. Tam pouco podemos esquecer a mellora das condicións laborais do corpo docente para seguir mantendo as condicións de ratio profesor/alumno. Hoxe en día temos, como dicía, a ratio máis baixa de toda España, o que permite unha atención máis personalizada e directa.

Pensando no alumnado, a Administración autonómica galega tamén está desenvolvendo e poñendo nas mans das familias diferentes medidas que contribúan a esa equidade e igualdade que antes comentaba na miña primeira intervención.



Quizais sexan todas estas cuestións, entre outras, as que explican os resultados deste Informe PISA 2018, xa que a consellería que vostede dirixe ten unha liña de traballo e unha folla de ruta clara que vai incorporando plans e programas que abranguen un amplo abano de ensino hoxe en día, que non se circunscribe exclusivamente aos coñecementos.

A estabilidade da que goza o ensino galego é unha das súas fortalezas; e choca co panorama nacional, polo que me gustaría que na súa réplica comentase cal é a súa impresión ao respecto. Porque, para manter o modelo educativo galego e perseverar na súa mellora, é necesario que o Goberno do Estado cumpra coas súas obrigas para con Galicia.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón Vilasánchez.
Peche da pregunta, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Señora Antón, en máis dunha ocasión teño manifestado nesta Cámara a idea de que Galicia pode servir de referencia para outras zonas polo seu modelo educativo. E non é a primeira vez que comprometo que a consellería defenderá os intereses do ensino galego desde a lealdade e o interese xeral.

Tras a parálise política vivida no Estado estamos, de novo, ante meses que serán decisivos tanto na regulación do ensino non universitario como naquilo que se refire ás universidades. Neste contexto, Galicia quere defender as súas singularidades e o seu modelo, ademais de asegurar o financiamento que merece.

O Consello da Xunta primeiro, con data do 31 de outubro de 2019, e este Parlamento, a través dun acordo parlamentario desta mesma mañá, fixaron a Axenda Galicia como as fundamentais demandas a trasladar ao Goberno central. Agardo confirmación oficial sobre a data concreta da reunión que mantereirei coa ministra Isabel Celáa que, en resposta á solicitude feita por carta pola consellería, está prevista ao longo deste mesmo mes de febreiro. O encontro debe servir para o intercambio de posicións ante temas de interese para o ensino galego. Galicia apoia a demanda social de estabilidade normativa en materia educativa, ao tempo que considera oportuno aproveitar o traballo feito no pasado no Congreso e acadar ese pacto pola educación. En relación con isto, é prioritario que no menor prazo posible se establezan fórmulas que garantan a igualdade de oportunidades no acceso á universidade no conxunto do Estado. Outro aspecto que imos reivindicar ante o Ministerio é que se aprobe un modelo de acceso á profesión docente semellante ao MIR, que reforce a formación inicial do profesorado e que apoie a función do colectivo como pilar do sistema educativo.

Igualmente, pensando nos docentes galegos, desde a Consellería imos pedir ao Goberno central que habilite o financiamento para o ensino galego de acordo co previsto na disposición final primeira da Lei 4/2019, do 7 de arzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e a ensinanza no ámbito da educación non universitaria, como paso previo a que



se poida adoptar a decisión máis acaída respecto dos horarios do persoal docente. E, á espera de que se convoque o órgano correspondente, tamén anticiparemos o acordo parlamentario sobre a necesidade de dar pasos para acometer a transferencia das competencias correspondentes á xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como os recursos económicos correspondentes a elas.

O ensino galego, señorías, ten evolucionado moito na última década e non podemos perder o tempo en polémicas carentes de significado. Os resultados educativos avalan a lexítima reivindicación de Galicia de que o Estado ofrezca estabilidade normativa, apoio aos proxectos innovadores e os fondos axeitados para garantir a calidade e a equidade do conxunto dos estudantes. A Consellería será leal, pero non renuncia a defender os intereses do ensino galego.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as melloras inmediatas que vai levar a cabo o Goberno galego para rectificar a deterioración sanitaria na comarca de Valdeorras

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor conselleiro, este sábado en Valdeorras os foliós de Petín non foron o único balbordo que se escoitou; tamén se escoitou como milleiros de veciños e veciñas da comarca de Valdeorras reivindicaban nas rúas de Valdeorras —valla a redundancia— unha sanidade pública, digna e próxima. Pública, digna e próxima, señor conselleiro. (*Aplausos.*) Porque non cren máis xa as mentiras de anos e anos do Partido Popular incumprindo as súas propias promesas.

Mire, sabe vostede que levan anos prometendo melloras no hospital que non chegan, anos poñendo dificultades para que haxa un centro de saúde novo na Rúa de Valdeorras. Moitos anos de moitas palabras e poucos feitos. Eu preguntolle se vostede pensa que pode ir o día antes desa manifestación sacar unha foto co alcalde da Rúa e co presidente da Deputación de Ourense e pensar que, así, a xente vai quedar na casa en lugar de dicirlle o que pensa do estado e de como está maltratando a sanidade pública desta parte do país. (*Aplausos.*)

Non enganan a ninguén, porque eses veciños levan máis dun ano manifestándose todos os luns, ¡todos os luns!; puido terlle acordado antes o dese venres antes da manifestación existindo compromisos para un centro de saúde novo. E iso non se arranxa con fotos, señor Almuíña. ¿Sabe que berraba a xente na manifestación do pasado sábado? «¿Onde están os terreos, onde están?». Porque ese é o grao de credibilidade que teñen vostedes. Por iso, eu prégoles que hoxe... Está ensinando papeis. Supoño que é que me vai dicir as tres cousas que eu lle vou pedir: orzamento, porque nos orzamentos da Xunta de Galicia de 2020 non vén nada; prazos, porque vostede falou de meses, e non sei eu se nuns meses se pode construír



un centro de saúde; e claridade sobre os terreos, porque cos que estaban previstos sabe vostede os problemas que hai e, se non o sabe, cóntollos despois.

Pero a cuestión é que non era o único que reivindicaba a veciñanza de Valdeorras o pasado sábado; senón tamén solucións para a Atención Primaria, porque seguen sen cubrir vostedes prazas en Rubiá, na Veiga e no Bolo. Porque seguen faltando tamén horas de pediatría en Viana do Bolo, e porque seguen tamén moitos problemas no hospital. Problemas como que haxa persoal orzado, como é o caso de Cardioloxía, para que despois estea prestando servizos maioritariamente noutros centros. Porque hai prazas sen cubrir en especialidades como Dermatoloxía. Aí ten unha coincidencia con Verín. ¿Sabe tamén que berraba a xente?: «Nós, como en Verín, unidos ata o fin». Porque non hai quen vaia parar esta veciñanza (*Aplausos.*) na defensa da súa sanidade.

Levan tamén anos e anos prometendo a hospitalización a domicilio, que segue a ser un servizo que non está dotado de forma completa, e seguen tamén negando outras realidades dramáticas, como as que temos traído a este Parlamento, de falseamento de gardas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...ou doutras necesidades. Polo tanto, señor conselleiro,...

O señor PRESIDENTE: Xa coñece a pregunta.

Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Boas tardes, señor presidente.

Señorías.

Señora Noa Presas, «mal día para deixar de fumar». Esa é unha frase que saíu nunha película, e é o que lle pasa a vostede, porque non representa normalmente os temas de sanidade. E igual os que lle pasaron os papeis —como se di tamén moito aquí— non estaban moi centrados.

Estou totalmente de acordo coa primeira parte do seu discurso. Nós queremos máis servizos, máis próximos ao cidadán. Estamos de acordo. Coa segunda parte, cando fala de mentiras, si estou de acordo; pero as mentiras son do lado seu, non do lado do Goberno.

Onte tiven a comparecencia falando só de hospitais comarcais, porque, como digo, abarcan como se fora a maior cidade de Galicia, pois son trescentos corenta mil habitantes. Polo



tanto, para nós é un tema prioritario e importante. E dicimos, falando do hospital de Valdeorras, que ampliamos a hospitalización a domicilio ao cen por cento de cobertura. Neste mes de xaneiro empezamos, e imos ir pouco a pouco abarcando, como digo, todo iso. Pero, ademais, temos investimento en obras. ¿Queren datos, cifras e demais? Pois dámoslos. Obra de reforma da zona consultas externas: está licitado e procedemento de contratación, iniciouse en decembro. Calculamos que, coa presentación de ofertas e distintos procesos administrativos, en maio deste ano, nuns meses, está en obra. Ten como obxectivo instalar un novo ascensor montacargas, dotar do sistema de quendas, mellorar o confort térmico de Rehabilitación, espera de Resonancia Magnética e reforma e actualización de Consultas Externas.

Estamos falando de que imos actuar sobre oitocentos oito metros cadrados dese hospital, cun presuposto de case medio millón de euros e unha execución en cinco meses e medio. E tamén estamos traballando na reforma do Hospital de Día, Oncoloxía e Área de Dixestivo, Unidade de Cirurxía Maior Ambulatoria e Farmacia. Nestes momentos está en fase de realización do proxecto —adxudicouse esta realización do proxecto—, en dous meses teñen que presentar o proxecto e, logo, licitarémolo. Polo tanto, tamén estaremos en licitación, no outro en obra e aquí en licitación, proximamente, cun investimento de novecentos mil euros. En total entre os dous son practicamente un millón e medio de euros de investimento no hospital do Barco xa.

E imos actuar en catro zonas nesta última obra, onde estamos facendo o proxecto: na zona do Hospital de Día, na zona de Oncoloxía e Paliativos, con máis consultas; na zona do Hospital de Día, propiamente, con doce sillóns e camas lixeiras de transporte; na zona de Endoscopias-Dixestivo, para facer salas independentes do que é a sala de espera, a sala onde facemos as probas e a sala para recuperarse da sedación; na Unidade de Cirurxía Maior Ambulatoria, onde se van ampliar as zonas de adaptación ao medio —preoperatorio— cunha sala diáfana para actuar tanto polo persoal médico como....

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Polo tanto, seguimos traballando por mellorar o hospital de Valdeorras...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas. Terminou o seu tempo.

Ten outra quenda despois. Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Almuíña, eu de consellos para deixar de fumar sei pouco porque nunca o fixen. Pero, mire, voulle dar un consello: nunca é mal día para abandonar o paternalismo que vostede trae. (*Aplausos.*) Para iso si que non é nunca mal día. E outro consello: se vostede estivera tantas veces, como estivemos algunha deste parlamento, escoitando a Xunta de persoal do hospital de Valdeorras, igual facía mellor o seu traballo. Iso si que igual o facía mellor. Para ter onte tanto interese na pregunta de hoxe —que eu o



estaba escoitando e facía referencia, efectivamente, á cuestión do centro de saúde—, esquecéselle responderme a iso. Supoño que será para que eu non contrarreplicue a mentira que me vai contar no seguinte apartado. ¡Si, si, si! Porque eses problemas sobre os terreos que estaban previstos continúan, ata onde nós sabemos. En todo caso, remita a información que solicitou este grupo parlamentar, e que solicitou tamén o noso grupo municipal, e poderemos falar diso. En todo caso, tres cuestións: queremos saber a localización, queremos saber os prazos e queremos saber o orzamento, señor Almuíña.

E segunda cuestión, respecto das cuestións que nos vendía do hospital: fume e máis fume. Xa non lle vou sacar os recortes da vendida de fume de hospitalización a domicilio porque non tería tempo; pero mire, podemos falar, por escoller un no que sae algún deputado desta Cámara que agora se estaba alterando, podemos ver como vostedes, o 29 de setembro de 2017 —teño aquí a fotografía—, xa estaban falando do ben que funcionaba o servizo de hospitalización a domicilio. Claro, porque é como o Guadiana: unhas veces funciona e outras, non. E sabe vostede que hai moitas cuestións (*Aplausos.*) incompletas de horario.

Tamén me falou de moitas obras, porque pensan que poden suplir con cemento o que non completan con profesionais. Vostede deume datos de compromisos de melloras do hospital que estaban xa comprometidos nunha resposta por escrito —aquí ten o membrete da Xunta de Galicia; pode levar unha copia se quere— xa en novembro de 2017. Porque iso é o que fan vostedes coa sanidade pública de Valdeorras: vender fume cando...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...hai eleccións, pero non funciona e a xente non.... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Eu creo que o concepto de pater-nalista debería revisalo. Eu creo que estamos falando de aspectos de coñecemento e de saber do que estamos a falar. (*Aplausos.*)

Eu sei que non lle gustan as obras, pero son importantes, porque a farmacia, que tamén entra dentro da reestruturación, é fundamental para adaptar os novos hospitais de día on-colóxicos cos novos tratamentos. Polo tanto, imos facer unha reforma importante da farmacia.

Dende logo, tamén equipamentos. Hai quiñentos mil euros no orzamento de 2020 para equipamentos deste hospital.

É dicir: ladrillo, equipamentos, persoal. Mire, incorporamos nos últimos cinco anos máis de trinta e tres profesionais a este hospital. En cinco anos, cinco facultativos máis, vinte e sete sanitarios non facultativos. Polo tanto, estamos sumando obras, equipamentos e persoal.



Listas de espera, comentaba onte: das mellores cifras que temos. ¡Si, si! ¡Mire! As cifras de lista de espera cirúrxica: 37,4 días. Por debaixo, dezasete días menos que a media de Galicia, que está dentro das catro mellores de toda España, e once días menos que en Ourense, en Ourense capital. Polo tanto, falamos dun nivel importante.

Actividade tamén: 39.000 probas diagnósticas, 62.500 e 2.191.

Pero a vostede preocupáballe o centro de saúde da Rúa. Mire: o alcalde actual, desde o primeiro momento, dixo que querían facer alí un centro de saúde. Paréceme ben, pois o antigo ten limitacións. E decidimos pólo por escrito, cun protocolo exactamente igual que o que firmou a alcaldesa de Moaña, exactamente igual: alcalde do PP e alcaldesa do BNG. Os dous firman un protocolo coa condición de que poñan a parcela a disposición, e ao mesmo tempo damos xa un borrador de convenio para cando estea a parcela, como temos unhas obrigacións. As obrigacións da consellería son o proxecto de obra e as do concello, a parcela.

Pero, mire, ¡tanto tempo non levaban pedindo un centro de saúde! Porque firmei con dona María González Albert un convenio onde o que pedía a alcaldesa anterior do BNG... O que pedía era... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Non, non! Non me chame mentireiro con documentación.

O señor PRESIDENTE: Non, señora Presas, non. ¡Por favor! ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): O que pedían era un ascensor, un ascensor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, señora Presas! ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Se pediran un novo centro de saúde, firmariamos un convenio para un centro de saúde.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Señora Presas, vostede xa falou.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Firmouse para un ascensor, e así o ascensor está posto.

Dende logo, os protocolos cumprímolos...

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Blanco, por favor! A pregunta é da señora Presas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e o que pedimos ao alcalde da Rúa e á alcaldesa de Moaña é que nos dean a parcela; en canto a parcela estea, nós, proxecto e obra. E imos facelo.



Fume con papeis. Con papeis, nós cumprimos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

¡Silencio, por favor! ¡Silencio! Por favor, ¡silencio! Calma, por favor. Hai que ter respecto por quen está no uso da palabra, fundamentalmente, porque, se non, desde aí atrás, eu comprendo que para unha persoa que está respondendo, isto resúltalle molesto. Eu pediríalles que respecten a quen está no uso da palabra. Porque a vostede, señora Presas, mentres falou, respectouna todo o mundo. Si, estaba eu aquí. Entón, por favor. Sabemos do que falamos.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do actual grao desenvolvemento do Plan galego de atención primaria e dos seus resultados

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

A ver se somos capaces de formular a pregunta e sen interrupcións, como vostede dicía.

Señor conselleiro, boas tardes.

A importancia da Atención Primaria na sanidade pública creo que é incuestionable para todos os que estamos nesta sala. Foi concibida inicialmente como porta de entrada ao sistema sanitario pero agora integra unha multiplicidade de funcións que a converten no eixo vertebrador do sistema sanitario.

Galicia conta con profesionais de Atención Primaria perfectamente formados que foron, ou fomos, ampliando competencias progresivamente, co paso dos anos, ata realizar funcións e actividades que semellarían impensables cando eu mesmo comecei a traballar como médico de cabeceira. O incremento da esperanza de vida, derivado, entre outras razóns, da mellora do sistema sanitario, levou a toda Europa a unha situación de cronicidade nas patoloxías predominantes que precisa unha resposta do sistema sanitario, tendo que potenciar aínda máis o papel fundamental da Atención Primaria na saúde das persoas.

Neste momento, atopámonos nunha situación de dificultade pola escaseza de profesionais médicos en Atención Primaria, tanto en especialistas de Medicina Familiar como en Pediatría.

Todas estas circunstancias foron valoradas pola Consellería de Sanidade, pioneira, xunto co País Vasco, na toma de medidas para paliar a situación, poñendo en marcha grupos de traballo coas distintas categorías profesionais para elaborar un Plan galego de Atención Primaria 2019-2021, xa aprobado e en execución, que trae medidas a curto, medio e longo prazo e que busca solucionar os problemas actuais dese nivel asistencial.



Asemade, diante da solicitude de colexios profesionais e sociedades científicas, constituíuse un grupo de expertos, coordinado polos doutores Bengoa e Varela, para debater e presentar propostas para a Atención Primaria das próximas décadas.

Dende o Grupo parlamentario Popular, señor conselleiro, con base en todo o exposto, queremos preguntarlle: ¿que balance fai a Xunta de Galicia do actual grao de desenvolvemento do Plan galego de Atención Primaria e dos resultados obtidos ata o de agora polo mesmo?

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que estamos moi contentos. Sabemos que a Atención Primaria é un elemento fundamental do sistema sanitario e, ademais, unha Atención Primaria de éxito. Transformou a atención do médico de cabeceira tradicional, na que unha persoa soa tiña que atender os seus pacientes, con equipos integrados en centros de saúde.

Pero cremos que o modelo ten unha serie de problemas que o paso do tempo demostrou que había que ir modificando, e, polo tanto, desde o primeiro momento, como comunidade autónoma, tomamos unhas medidas pioneiras para tratar de afrontar estas reformas.

Para nós, a Atención Primaria constitúe o elemento vertebrador do sistema. Unha Atención Primaria constitúese no núcleo principal da atención á saúde dos cidadáns: unha Atención Primaria con recursos sanitarios planificados e distribuídos en función das necesidades poboacionais, unha Atención Primaria na que os profesionais traballan de forma coordinada entre eles e asumindo os novos roles, unha Atención Primaria orientada á comunidade, con profesionais formados que forman e investigan, e con recursos materiais apropiados e recollidos nun plan de necesidades. Todo isto aparece recollido no Plan galego de Atención Primaria 2019-2021.

Ás veces, cando a oposición di que non hai compromiso por parte da Xunta... Isto foi aprobado nun Consello da Xunta de Galicia, cunha dotación económica clara, cunha memoria económica que todo o mundo pode ver.

Fixemos un plan de seguimento do Plan galego de Atención Primaria 2019-2021 a través dos indicadores elaborados para cada unha destas accións. Están avaliadas en accións a curto prazo — neste momento, loxicamente, é a primeira parte —, ademais de a medio prazo e a longo prazo. Os resultados da implantación das accións a curto prazo — que eran unha porcentaxe moi importante delas — sinalan que o 98,8 % delas están xa rematadas ou en marcha. É máis: o 88,8 % están xa rematadas. Polo tanto, cremos que é importantísimo.

¿Cales son as que queredes destacar das xa rematadas? Pois miren: a convocatoria de concurso-oposición para varias categorías de Atención Primaria, un número de prazas ofertadas



no ano 2019 que ascende a 254 prazas en Medicina Familiar, 93 prazas en Pediatría e Atención Primaria, 7 prazas en Odontoloxía, 18 en Enfermaría Pediátrica e 30 en Enfermaría Familiar e Comunitaria, ademais de 135 en Servizos Xerais.

Destaco tamén a creación de 45 prazas no ano 2019, insisto, creación de prazas. En Atención Primaria xa están dotadas orzamentariamente. As prazas creadas son: 12 para Medicina de Familia, 25 para Enfermaría e 8 para fisioterapeutas. Incorpóranse, ademais, 23 profesionais coa especialidade en Enfermaría Familiar e Comunitaria ao Servizo Galego e trece coa especialidade de Enfermaría Pediátrica...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Terminou o seu tempo. Ten outro turno despois.

Réplica, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor conselleiro.

Debatemos neste mesmo pleno unha moción sobre o documento do grupo de expertos que amosou as contradicións dos grupos da oposición entre o que din e o que realmente cren que se debe de facer en Atención Primaria. En canto ao problema fundamental na actualidade —o déficit de profesionais—, limítanse a culpar de todo o Partido Popular, cando eu podo recordar os problemas similares de escaseza de facultativos que había nos anos 2008 e 2009, cun goberno bipartito en Santiago e un goberno socialista en Madrid. A oposición culpa, señorías, pero non axuda a atopar solucións, aínda que agora teñen moitas posibilidades de facelo co novo goberno de España.

Ten pedido vostede, en reiteradas ocasións, e o noso grupo xa dende o ano 2017, a retirada da limitación das taxas de reposición para a sanidade pública, implantada con cifras do 10 % —creo que hai que recordalo— polo Goberno do señor Zapatero.

Tiña vostede solicitadas, e foron aprobadas no Interterritorial, toda outra serie de medidas como o rexistro de profesionais, a axilización da acreditación de novas unidades docentes para formación sanitaria especializada, a homologación de títulos de facultativos non comunitarios ou a revisión da normativa de incompatibilidades.

Pero agora que Socialistas e Unidas Podemos gobernan en Madrid, e que o BNG se uniu a un pacto de investidura co Partido Socialista, parece que esqueceron todas estas medidas necesarias para paliar o déficit de facultativos actual e de futuro. Nese pacto do BNG do que falamos tanto neste pleno, non hai unha soa liña sobre sanidade pública nin sobre Atención Primaria, e refírese á taxa de reposición cun difuso «*analizar fórmulas para mejorar progresivamente las tasas de reposición*», que non ten nada que ver co que aprobamos ou co que pedían neste mesmo hemiciclo, que era a eliminación da dita taxa.

Nesta segunda quenda, señor conselleiro, agradeceríámoslle, á parte de completar, se quere, a resposta, que nos informara sobre actuacións en infraestruturas e tecnoloxía executadas ou previstas no Plan galego de Atención Primaria.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Estaba comentando que tamén é moi importante, loxicamente, incrementar o número de prazas de formación, que, tras moitas chamadas ao Ministerio, conseguimos aumentar. E imos sacar –sacamos, de feito—, no último MIR de hai dúas semanas, 129 prazas de médicos especialistas en Medicina Familiar, o maior número de toda a historia; 27 prazas de Pediatría, tamén a maior da historia; 49 prazas para a formación de Enfermería Familiar, Comunitaria e Pediatría, tamén a maior da historia.

Polo tanto, seguimos traballando e tomando medidas. De feito, onte no Consello Interterritorial, que era monográfico para falar do coronavirus, como comentamos, eu ao novo ministro díxenlle que era preciso canto antes un Consello Interterritorial para falar destes temas: a taxa de reposición e o tema de formación de especialistas. Porque temos verdadeiros problemas e debemos afrontalos entre todos.

No Plan galego tamén falamos de cambiar a estrutura directiva e potenciar a figura de xefe de servizo de Atención Primaria. Cremos que son moi importantes a dirección de Atención Primaria, o xefe de Atención Primaria e a coordinadora de Enfermería deses centros.

É dicir, que destinamos, no ano 2019, 8.591.000 euros para equipamento sanitario electro-médico, mobiliario clínico e mobiliario xeral de oficina para centros de saúde. Todo tipo de equipamento necesario para mellorar o que é a atención aos nosos pacientes. É algo fundamental.

Loxicamente, como dicía, ademais da creación de prazas —máis médicos en formación—, máis equipamento, e tamén seguimos coas obras. Acabamos de pór en funcionamento o novo centro de saúde de Gondomar, do cal o presidente poñía a magnífica foto; pero tamén ampliamos o PAC da Laracha, ampliamos o centro de saúde da Illa de Arousa, o centro de saúde de Pazos de Borbén, e estamos en construción dun número importante que imos abrir en pouco tempo: O Milladoiro-Ames, A Estrada, O Saviñao, Paderne de Allariz ou O Pereiro de Aguiar, ademais do centro de saúde de Salceda de Caselas, tamén dos máis importantes que temos en construción, e melloras, como digo, en centros de Mugardos e As Pontes.

Por certo, foron transferidos estes dous, Mugardos e As Pontes, tras trinta e pico anos de pertencer ao concello. A verdade é que estamos facendo unha obra case dun centro novo, porque o mantemento alí non era demasiado bo.

Desde logo, nós dicimos que non está todo feito, seguimos traballando por completar as accións, pero somos a autonomía que con diferenza —nomeaba ao País Vasco; é certo, o País Vasco veu detrás de nós—, vai bastante por diante, porque é un problema en xeral de toda



España que con medidas só dunha comunidade podemos paliar pero non podemos chegar a resolver os problemas. Ese rexistro de profesionais e outros tipos de melloras que pedimos ao Ministerio e imos seguir traballando para facer unha mellora importante.

E, desde logo, quero agradecer aos profesionais da Atención Primaria o magnífico traballo que realizan día a día, e que fixeron tamén posible [...].

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a fase en que se atopa o informe sobre o fenómeno da soidade en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Como sabe vostede, en xuño de 2019 aprobouse por unanimidade nesta Cámara unha iniciativa do PSdeG para combater a soidade non desexada. Unha realidade que afecta de maneira especial os nosos maiores e, se imos ao máis concreto, as mulleres de máis de oitenta e cinco anos.

Nese texto que se aprobou por unanimidade nesta Cámara, recollíase que vostedes, a Xunta de Galicia, ían elaborar nesta X lexislatura un informe completo, en colaboración coa Fegamp, co Goberno de España e co terceiro sector, que recollera un censo de persoas maiores que viven soas, coa intención de, despois, elaborar unha estratexia para a prevención e para a atención desta problemática que temos na nosa comunidade autónoma.

Trátase, pois, de facer un mapa social completo que recolla ese sufrimento obrigado que teñen moitas persoas neste país por culpa desa falla ou déficit de relacións interpersoais, para, a partir del, poñer máis recursos para tratar coa dignidade que sempre dicimos que se merecen os nosos maiores e, sobre todo, por esa débeda social que temos con eles e con elas.

Máis recursos que son necesarios, e máis despois de once anos de goberno do Partido Popular, de once anos de Feijóo, onde se mantivo a atención aos maiores en servizos mínimos, onde se puxeron moitos paus nas rodas á atención destas persoas, que —convirá nisto comigo— o necesitan e ben o merecen.

Dicímolo porque os últimos datos que vimos de coñecer nos din unha vez máis que estamos á cola en gasto por dependente; que hai nove comunidades autónomas, señora conselleira, que nos superan en investimento, en gasto por dependente. E sabe vostede, como lle temos



repetido en moitas ocasións, a pesar da maquillaxe que intenta vostede aplicar ao tema do número de prazas en atención residencial, que mesmo reconece o propio Consello de Contas, que en once anos de goberno do señor Feijóo se puxeron en marcha en Galicia cero; cero prazas de xestión directa do Goberno galego, da Administración autonómica. Vostede sabe que temos unha taxa de praza por atención residencial para persoas maiores de sesenta e cinco anos que é inferior á media estatal e que está tamén moi por debaixo do que pide, do que exige, a propia OMS.

A respecto do tema do censo de persoas maiores, nós temos visto nestes últimos meses, señora conselleira, moitas notas de prensa. É certo que vostedes asumiron a iniciativa do PSdeG e que a publicitan, e iso a nós congratúlanos. Pero nós hoxe queremoslle preguntar se, ademais de enviar notas de prensa nestes últimos oito meses, fixeron algo a este respecto.

E nada máis polo de agora, moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes a todos.

Señora Blanco, agradézolle o seu interese polos traballos de elaboración por parte da Consellería de Política Social da estratexia contra a soidade non desexada. Unha das consecuencias do incremento da lonxevidade da sociedade galega é que hai un número elevado de persoas maiores que aínda hoxe en día viven soas. Unha proporción destas persoas maiores está nunha situación de soidade non desexada. Como é natural, esta situación a min preocúpame; do mesmo xeito que eu imaxino que a vostede en realidade tamén lle preocupa. Por iso un dos retos que ten marcados a Xunta de Galicia é actuar para paliar a tristeza que sentirán moitas destas persoas e, moi especialmente, os riscos que entraña para unha persoa maior vivir soa.

Por iso a Consellería de Política Social comezou nos últimos meses os traballos para desenvolver unha estratexia que afronte e dea respostas efectivas e respostas concretas a este fenómeno.

Detállolle, como así me pregunta vostede, os pasos que fomos seguindo por parte da Consellería de Política Social.

En primeiro lugar, o pasado 9 de setembro mantivemos unha reunión de traballo cos equipos directivos do Instituto Galego de Estatística para determinar a metodoloxía a empregar, primeiro paso para poder delimitar as cifras da soidade.

En segundo lugar, en outubro estableceuse o primeiro contacto coa Federación Galega de Municipios e Provincias para establecer as canles para poder compartir toda a información



necesaria, xa que as entidades locais deben ser aliados de primeiro nivel na loita contra a soidade non desexada.

En terceiro lugar, nas últimas semanas sucedéronse tamén distintos encontros coas entidades e institucións relacionadas coas persoas maiores como son a Cruz Vermella, a Asociación Galega de Pensionistas ou a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade —Cogami—, para lograr a súa implicación na elaboración desta estratexia; algo polo que, dende logo, hoxe mesmo eu quero tamén trasladarlles o noso agradecemento.

En paralelo a todos estes feitos, o equipo da Consellería de Política Social participou tamén en distintas reunións e foros convocados polo Imserso e polo Consejo Estatal de Personas Mayores, onde trasladamos ás autoridades nacionais que Galicia xa está a traballar nesta estratexia.

Señorías, con esta nova estratexia Galicia demostrará que non soamente busca o benestar físico dos nosos maiores —que tamén—, senón tamén o seu benestar emocional. Porque esta estratexia ordenará e complementará os recursos que xa están postos á disposición para todas as persoas maiores.

Eu, señora Blanco, non sei vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): ...en que país vive...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): ...eu vivo en Galicia e aquí damos máis servizos e máis [...]

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas. (*Aplausos.*)

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Mire, señora conselleira, eu vivo nun país onde, segundo o último informe de directores e xerentes de servizos sociais, hai un déficit de 14.858 prazas residenciais a respecto do que exige a propia OMS. (*Aplausos.*) Eu vivo nun país, señora conselleira, onde catro de cada dez prazas de atención residencial —só catro de cada dez!— teñen financiamento público. Ese é o país onde vivimos todos e todas, e, dende logo, iso é o que queremos cambiar. E o certo é que dicía vostede se nos preocupa. ¡Home, pois preocúpanos tanto que foi o PSdeG quen tivo que traer unha iniciativa a esta Cámara para que vostedes comezaran a facer algo con este tema! Porque —repito— non estaba na axenda, nesa axenda que tanto venden vostedes, que tanto reivindicán ultimamente, na propia axenda de Política Social, do seu departamento.



A nós preocúpanos porque sabemos que se puxeron en contacto coa Fegamp e transmitíronnos a todos os grupos parlamentarios un informe a respecto da información solicitada pola valedora do pobo. Preocúpanos moito que vostedes intenten, coma sempre, ter o cargo pero botarlles as cargas aos concellos. Por iso, precisamente, a Fegamp xa lles dixo que ¡ollo!, que eles van colaborar, pero que non poden volcar toda esta estratexia, o custo que vai ter, nos concellos, e máis nos pequenos concellos.

E lembrábanlle tamén esas restricións impostas polo Goberno do señor Rajoy no ano 2013, de racionalización, que o que conseguíu foi —e cito textualmente— que «moitos concellos non puideron destinar máis recursos a uso asistencial, nuns anos moi complicados de crise económica». Os cargos téñenos vostedes; non lles dean as cargas aos concellos, como fan habitualmente, vólvollo repetir, señora conselleira.

Mire, vostedes o único que fixeron nestes anos foi un programa, Xuntos polo Nadal, e curiosamente resulta que está ben que os maiores se xunten nunha residencia, pero é que a poucos metros hai...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...unha residencia de maiores que está coas prazas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco, terminou o tempo.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...sen cubrir, cunha lista [...]

O señor PRESIDENTE: Grazas. (*Aplausos.*)

Turno de peche, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señora Blanco, eu vivo nun país no que no ano 2009 había aquí 14.000 dependentes atendidas, e nese mesmo país, en Galicia, hoxe en día hai 61.600 persoas dependentes (*Aplausos.*) atendidas, e camiño xa das 65.000 persoas dependentes, señora Blanco.

Eu non sei se lle preocupa —a verdade— a Estratexia contra a soidade non desexada; a min e a este goberno, si. Polo tanto, eu tampouco sei que acontecementos do seu calendario lle preocupan, pero si que sei o que me preocupa a min: na área de maiores, chegar, como lle dicía, a 65.000 dependentes atendidos, multiplicar por dez a extensión do programa de cuidados porta a porta e, por suposto, tamén sacar adiante esta tan necesaria Estratexia galega contra a soidade non desexada.

Por se lle interesa tamén a vostede o futuro próximo, eu pódolle facer hoxe un anuncio: a semana que vén daremos un paso moi importante dentro da elaboración desta estratexia, pois celebrárase un grupo de traballo no que se definirán os retos e as principais liñas de actuación. Este grupo estará composto por especialistas de diferentes administracións e



tamén de distintas institucións como a Consellería de Política Social, a de Sanidade, a Fegamp, o IGE, a Cruz Vermella, a Sociedade Galega de Xeriatria e tamén distintas entidades de iniciativa social no ámbito dos maiores e da atención ás persoas dependentes.

Señorías, unha vez máis o Goberno galego demostra o seu compromiso coas persoas maiores, e así o continuaremos sempre facendo. Continuaremos sempre dando pasos decididos para chegar á meta dunha sociedade mellor, onde as persoas maiores poidan envellecer libremente, activamente, e plenamente integradas na nosa sociedade.

Señora Blanco, as persoas maiores, para este goberno, non son unha carga; espero que tampouco sexan unha carga para os concellos. Pero o que si espero tamén é que ao Goberno central, no que vostedes gobernan, tampouco lles supoña unha carga, e que comencen a ingresar os douscentos millóns de euros ao ano (*Aplausos.*) que lles deben ás persoas maiores. Porque ese é o compromiso real dun goberno que pensa e que quere ás persoas maiores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Moisés Blanco Paradelo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego das actuacións levadas a cabo desde a sinatura desta nova addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, conselleiro.

Vaime permitir que, antes de facerlle a súa pregunta, adique medio minuto a dar unha pequena explicación, porque creo que nunha das preguntas anteriores fun aludido sen ser nomeado. E si me gustaría explicar dúas cuestións.

Primeiro: hai uns anos, claro que se implantou o servizo de hospitalización a domicilio no Barco, e o que se fixo agora é implantalo en toda a comarca, e por iso se contratou un médico máis e unha enfermeira. Polo tanto, eu creo que iso é importante diferencialo.

E, por outro lado, é verdade que o alcalde actual da Rúa leva sete meses e o que está facendo... No goberno anterior houbo un alcalde socialista dous anos e unha alcaldesa do BNG outros dous e non o conseguiron; este alcalde en sete meses polo menos xa conseguiu asinar un convenio e seguro que vai conseguir esa [...]. (*Aplausos.*)

Dito isto, señor conselleiro, quería... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor BLANCO PARADELO: Eu non entendo, de verdade. ¡Que pouco encaixe!

Señor conselleiro, como vostede sabe, o 10 de agosto de 2018... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Presas, ¡silencio! *(Murmurios.)*, ¡Silencio!

O señor BLANCO PARADELO: Eu non o entendo, de verdade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos e señor... Estamos terminando xa, por favor, un pouco de cordura. ¡Un pouco de cordura! Tranquilo, ninguén está alterado aquí e o que estea alterado é mellor que non veña. *(Murmurios.)* Ou alterada. É mellor que non veña, porque isto non é para estar alterados, é para estar tranquilos e formular as preguntas como hai que formulalas. Se non, mal imos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*.

Está parado o tempo, tranquilo. Agora vai vostede.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, como vostede sabe, o pasado 10 de agosto do ano 2018 aprobábase o ditame da Comisión de estudo con cento vinte e tres medidas. Debates durante varios meses moitas cuestións nas que coincidiamos todos: o declive económico e demográfico das áreas rurais na Galicia do século pasado motivou a concentración da poboación e a actividade económica nas zonas urbanas; o proceso de desagrarización fixo que deixaran de traballarse un gran número de terras agrícolas, ao tempo que crecían grandes superficies con matogueiras.

En diversas comparecencias analizouse esta problemática dos incendios na zona urbano-forestal, os coñecidos como o lume-interfaz —ese tipo de incendios que poden propagarse no interior das vivendas e que fai que xurdan problemas específicos e distintos aos provocados polos incendios puramente forestais—. Ademais, incrementan o risco para a poboación, para os bens, e provocan unha crecente complexidade nos labores de prevención e extinción.

A recomendación número 54 dicía, entre os moitos apartados: «prestar colaboración e asesoramento estable aos concellos no cumprimento das súas obrigas de prevención, dándolles uniformidade aos procedementos e actuacións desenvolvidas por eles». Tamén creo que cómpre lembrar que a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios, establece que a obriga de limpar as faixas secundarias de protección é dos propietarios e, no seu caso, de non cumprirse, correspóndelles aos concellos.

Vostedes o que fixeron é poñerse a axudar os concellos, e por iso firmaron un convenio coa Fegamp e, recentemente, cunha addenda a ese convenio coa Fegamp, coa consellería que vostede dirixe e con Seaga, precisamente para traballar conxuntamente nestes labores de limpeza, coidado e mantemento das faixas secundarias, e poder telas en boas condicións [...].



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: ¿Cal é a valoración que fai o seu goberno desta addenda? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Tanto tempo o reloxo aquí, agora teño que volver a...

Non, non, resposta, resposta do conselleiro do Medio Rural. (*Murmurios.*) Un problema de reloxo.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señor Blanco Paradelo.

Eu, en primeiro lugar, quería sinalar, como vostede tamén nos transmitiu, que, efectivamente, este convenio xorde logo da vaga de lumes de outubro de 2017, das reflexións que se fixeron na Comisión de estudo que tivemos aquí no Parlamento, e, partindo da base de que a obriga de ter limpas as franxas dos 50 metros arredor de todas as aldeas que temos en Galicia é obriga dos propietarios, tamén hai un labor importante dos concellos no que se refire á execución subsidiaria. Pero tamén entendemos, cando reflexionamos sobre isto, que a Xunta tiña que botar unha man, tiña que axudar, tiña que colaborar cos concellos no desenvolvemento das súas competencias. E este convenio é un exemplo de colaboración institucional entre a Xunta e a Fegamp —a entidade que representa a todos os concellos— e tamén a entidade pública Seaga. E eu agardo agora, tendo en conta tamén o informe dos expertos que designamos todos os grupos parlamentarios deste Parlamento, que tamén suban a este convenio, en defensa dos nosos veciños e veciñas, en defensa da xente que vive nas aldeas, fronte aos incendios forestais, as deputacións provinciais. Estiven precisamente esta semana falando co presidente da Deputación Provincial da Coruña e trasladándolle a necesidade de que todos colaborem na loita contra os incendios, na súa prevención.

Miren, este convenio, como saben, implanta un sistema público de limpeza das franxas secundarias ao redor das aldeas. Nestes momentos, no convenio temos xa 252 dos 313 concellos de Galicia, e temos 35 concellos que teñen parroquias priorizadas, que son as parroquias máis perigosas fronte aos incendios forestais. Aí onde limpamos a cambio dos 350 euros por hectárea.

Pero tamén eramos conscientes de que había que darlles máis beneficios a todos os concellos que se adheriran, e por iso fomos traballando no convenio coas diferentes addendas. Nestes momentos todos os concellos se benefician da posibilidade de que lles fagamos os plans municipais de prevención.

Señorías, poño en valor o traballo que está facendo o Instituto de Estudos do Territorio, xunto coa Dirección Xeral de Defensa do Monte, que xa conseguiu que 157 dos 252 concellos



teñan plan municipal de prevención fronte aos incendios forestais. Recórdolles que era unha das cuestións que máis requiría a Fiscalía respecto dos concellos.

Pero tamén sacamos adiante o visor das franxas, que permite visualizalas nos ordenadores e poder identificar as que non están limpas; o programa informático, que este ano estará totalmente desenvolvido, do Xesbío; ou a xestión que lles estamos facendo aos concellos na notificación das execucións subsidiarias. Varios miles de notificacións de execucións subsidiarias estanse facendo de forma centralizada. E a novidade que temos na segunda addenda que se vén de firmar é que estendemos a posibilidade de que, a través da entidade pública Seaga, se fagan execucións subsidiarias a todos os concellos que están adheridos, que son 252. Pois eses 252 van poder dispoñer de cinco hectáreas de execucións subsidiarias.

Continuarei na resposta explicándolles todas as vantaxes deste... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Blanco.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, señor presidente.

Conselleiro, efectivamente, nós queremos valorar positivamente a axuda que están prestando aos concellos, porque, como lembramos, foi a Lei 3/2007 a que daba esa responsabilidade aos propiedades, e no seu caso aos concellos, e vostedes non os están deixando sós. Creo que tamén cómpre recoñecer o esforzo que están facendo e a boa vontade que puxeron todos os alcaldes e alcaldesas de Galicia, que se atoparon, evidentemente, con moitas dificultades para este cumprimento polo gran número de núcleos de poboación e a multitude de parcelas que tiñan que xestionar e, sobre todo, polos propietarios descoñecidos, que imposibilitaban en moitos casos os labores de limpeza. Por iso, queremos valorar moi positivamente este convenio.

Dentro desa recomendación número 54 tamén había outro apartado que dicía: «Dirixir e coordinar todas as administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, dada a necesidade de que todas as administracións implicadas —concellos, deputacións e Xunta de Galicia— cumpran coas súas obrigas legais neste ámbito». Nós cremos que tamén, e queremos facer un chamamento ás diferentes deputacións provinciais. Teñen moita maquinaria, coñecen moi ben o terreo; tamén teñen que asesorar e axudar os concellos. Creo que tamén é imprescindible que estas catro institucións tan importantes para o medio rural poidan colaborar neste labor de limpeza e extinción de cara aos incendios. É moi importante loitar contra os incendios a través da prevención e da extinción, pero tamén é moi importante facelo a través da recuperación da actividade nesas faixas de protección e da posta en valor de terra agraria. E para isto tamén queremos valorar e destacar os proxectos da aldea modelo que se están levando a cabo.

Hoxe escoitamos os grupos da oposición falar do medio rural. Falan sempre en negativo; non esperamos, dende logo, moita axuda. Iso si, o que están é preparándose para acudir a



diferentes manifestacións, pero en Galicia; porque ás manifestacións que houbo en Madrid hai que ver cantos autobuses se fretaron para ir alí acompañar outros agricultores.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco.

Para o peche da pregunta, o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas de novo, señor presidente.

Señor Blanco Paradelo, quizais antes non quedou suficientemente claro o que se refire á segunda addenda, porque estamos tocando continuamente o convenio... Eu quería dicir, e volto repetir: hai 252 concellos adheridos —o 80 % dos concellos de Galicia— e pido aos que faltan que se adhiran, porque todo son vantaxes. E como lles queremos dar a todos e a cada un deles as maiores vantaxes posibles, o que fixemos nesta segunda addenda foi incorporar a posibilidade de que en todos eles poidamos facer, a través da entidade pública Seaga, cinco hectáreas de execución subsidiaria. Os concellos téñennos que notificar os sitios onde se fai a limpeza, e nós, con cargo ao convenio, imos alí e facémoslle, de xeito totalmente gratuíto, ao concello limpeza nesas cinco hectáreas. Recomendamos que poida ser ao redor dos colexios ou outros sitios onde sexa adecuado facer esa limpeza; pero é unha forma de empezar a estender o servizo ou o sistema público de limpeza das franxas a todos os concellos que estean adheridos.

Tamén eramos conscientes de que desbrozar todos os anos supón un custo económico inasumible, tanto para as administracións públicas como para os propios propietarios. Por iso deseñamos o mecanismo das aldeas modelo, no que os propietarios, en lugar de pagar por desbrozar, pasan a cobrar por arrendar. O que pretendemos é que a xente poida arrendar as súas fincas para o desenvolvemento da actividade agrogandeira, coa que fan a prevención dun xeito máis permanente.

Miren, o programa de aldeas modelo está funcionando moi ben e vai funcionar excepcionalmente ben. Nestes momentos contamos con seis aldeas modelo declaradas nas que están xa iniciadas as obras; neste mes de febreiro imos levar ao Consello da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural outras oito aldeas modelo, e estamos neste momento recollendo firmas en aproximadamente vinte e cinco aldeas modelo. Temos máis de cincuenta solicitudes. ¿E saben unha cousa? Cando imos visitar as aldeas, e cando chegamos alí e lle preguntamos á xente, iso é o que nos dá a nós máis forza para seguir co proxecto, porque están moi, moi ilusionados eles tamén.

Nestes momentos, as aldeas modelo nas que estamos actuando significan, de cara á mobilización de terra agraria, 620 hectáreas. E quero poñer especial atención no número de parcelas: estamos mobilizando máis de 13.000 parcelas —o minifundismo exacerbado— dun total de 3.200 propietarios. Máis do 90 % dos titulares nas franxas, nas aldeas modelo, estannos dando o consentimento para poder entrar. Polo tanto, estamos apostando por unha



diversificación do noso territorio, por unha aposta pola actividade agrogandeira como a mellor devasa natural e como a mellor forma de prevención fronte aos incendios forestais. Por que nós queremos recuperar e poñer en valor, e con valor engadido suficiente, para que a xente queira vivir no rural e tamén vivir do rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e D. Óscar Vilar Chento, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a notificación aos beneficiarios das axudas agroambientais

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Señor González, o pasado mes de decembro vostede remitía unha carta aos beneficiarios das axudas agroambientais na que afirmaba que a prórroga destas axudas continuaba no ano 2020. Nesta carta vostede non explicaba nada do acto público celebrado na provincia de Lugo en setembro do ano 2019; acto levado a cabo polo persoal que vostede dirixe na Consellería e no que o dito persoal asegurou que non habería as devanditas axudas no ano 2020. Tamén esquecía nesta carta explicar que estas axudas non figuraban no Anteproxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. Feitos todos estes que teñen provocado varias críticas por parte das distintas organizacións agrarias con representación no comité de seguimento do PDR de Galicia 2014-2020; críticas que provocaron que a súa consellería tivera que rectificar e feitos que os obrigaron a emendarse a si mesmos.

Señor conselleiro, estas axudas agroambientais benefician a máis de 4.000 ganderías, explotacións localizadas —a maior parte delas— en zonas de montaña e zonas desfavorecidas. Trátase de axudas que son de grande importancia para a supervivencia destas granxas e que tamén axudan a combater o abandono do rural.

O que si afirmaba vostede era o seguinte: que se vía na obriga de tomar esta iniciativa ante a diversa información difundida por determinados medios de comunicación e organizacións, aos que acusa de non estar a dar unha información veraz.

Señor González, nós hoxe aquí, con esta pregunta, non imos acusalo de dar información veraz ou non. Vostede saberá. O que si lle solicitamos é que se coordine co seu propio persoal e que non confundan a xente. O que si criticamos é esta praxe practicada por vostede. Consideramos que o envío destas cartas é o inicio dunha campaña máis de publicidade indirecta da Xunta de Galicia a poucos meses das eleccións autonómicas.

E, por outra banda, tamén criticamos esta estraña solicitude de petición de datos de carácter persoal —nome, apelidos, enderezo, código postal, provincia, teléfono móbil e correo elec-



trónico dos ditos beneficiarios— co pretexto de posibilitar unha comunicación máis fluída; datos que xa deberían de ter vostedes nos seus arquivos. Pedíronse estes datos, obviando en todo momento a información sobre o tratamento que van recibir, vulnerando con todo isto a actual normativa de protección de datos.

Por isto, formúlolle a seguinte pregunta: ¿cre, señor conselleiro, que é unha boa praxe utilizar o envío de cartas aos beneficiarios de axudas medioambientais coa solicitude de datos de carácter persoal?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señor Pérez Seco, comprendo perfectamente que lle custe tanto formular a pregunta, porque... ¡manda truco, eh!

En primeiro lugar, de todas formas, permítame agradecerlle a súa pregunta tanto a vostede como ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre todo, por demostrar ese interese tan profundo en cuestións de carácter meramente administrativo. Eu penso que a situación actual dos agricultores e gandeiros galegos e españois merece que poñamos o foco en cuestións, sen dúbida, bastante máis relevantes. O futuro do noso sector, que nestas semanas vemos como se está a defender na rúa, é actualmente a principal preocupación deste conselleiro; pero, se hai que falar de procedementos, dilixencias e tramitacións, imos falar.

Miren, a pregunta é bastante clara. Di: «¿é unha boa praxe utilizar o envío de cartas aos beneficiarios de axudas medioambientais coa solicitude de datos de carácter persoal?». E a miña resposta será tamén clara: si, é unha fantástica praxe. Oxalá todas as administracións públicas informasen e comunicasen aos interesados do mesmo xeito que o está a facer aquí a Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) ¡Só faltaría!

Miren, asistimos a unha película de terror na que houbo interese en transmitir á xente que ten unha idade e que vive destas axudas que non ía haber axudas. Estabamos nun período de transición entre as dúas PAC, e nós estabamos defendendo manter dentro dese período de transición o *status quo* e, por suposto, asegurar as axudas medioambientais.

Paréceme interesante —a min polo menos— darlle relevancia a unha cuestión na que dende a Consellería de Medio Rural se está a realizar un moi bo traballo. E agradézolle, outra vez, que veñan aquí ao Parlamento de Galicia a poñer en valor a comunicación que fai a Xunta, que fai a Consellería, de cara aos nosos agricultores e gandeiros.

Pero, señorías, ¿que unha administración pública queira comunicarse cos destinatarios das súas medidas, os agricultores e gandeiros, está mal? Teremos que seguir, no seu caso, me-



llorando en forma, frecuencia e fondo, pero agradecemos —outra vez llelo digo— que destaquen este traballo, hoxe aquí, na casa de todos os galegos.

Dende a Consellería, señorías, temos que facer un esforzo por actualizar os datos das explotacións agrogandeiras. É a nosa competencia. Manter a información actualizada é, dende logo, necesario. E, neste caso, gustaríame saber onde ven vostedes a mala praxe, tendo en conta que non a hai. A propia Asesoría Xurídica da Consellería le todas as cartas que eu remito aos agricultores e gandeiros. E poden estar tranquilos: nunca faremos uso deses datos sen que antes se cumpra todo o procedemento de protección de datos. Mais, como teñen tanta preocupación pola lexislación, léolles: «Cumpriu as disposicións recollidas no Regulamento de medidas de seguridade, no Real decreto 994/1999, así como ao abeiro da Lei orgánica 15/999, sobre protección de datos de carácter persoal, e da Lei 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Moitas grazas, señor conselleiro.

Quero dicir que, sempre que nos fan unha chamada telefónica ou temos unha conversa por teléfono nos din o da protección de datos. E cando nos mandan unha carta para cubrir os nosos datos, sempre vén acompañada do que vostede acaba de dicir e de mencionar agora, polo que creo que na carta, a vostedes, á súa consellería, lles esqueceu poñer algo.

Os que confundiron a xente foron vostedes co acto este de Lugo. A situación do sector agrogandeiro creo que nos preocupa a todos, pero tamén nos preocupaba e nos preocupa o tratamento que poidan facer desde unha consellería cos datos dos solicitantes destas axudas, por exemplo. (*Aplausos.*) Son datos que vostede xa ten na solicitude que fan á Consellería, porque calquera cidadán que fai calquera solicitude á Administración ten que cubrir unha serie de datos, e eses quedan nos arquivos desa consellería.

Señor conselleiro, mire, outra consellería, a finais do mes de decembro do ano 2019, enviou aos concellos unha carta para enviar documentación por correo electrónico. Esa carta levaba un erro na dirección de correo electrónico. ¿Que fixeron desde esa consellería? Chamar concello por concello para subsanar ese dato. Esa carta da que falo agora non ía firmada polo conselleiro; ía firmada por unha dirección xeral, ao igual que tiña que ir firmada a súa carta por unha dirección xeral e non por vostede.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Para o peche da pregunta, o conselleiro do Medio Rural.



O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente. Moitas grazas de novo.

Véxome na obriga de reiterar o fantástico labor da Consellería do Medio Rural no intento de actualizar a información sobre explotacións agroandeiras e de manter unha comunicación fluída con agricultores e gandeiros, cos nosos agricultores e gandeiros.

Miren, non é que sexa do conselleiro, pero é competencia da Consellería do Medio Rural o mantemento do Rexistro de Explotacións Agroandeiras Galegas, e é lóxico que nós tratemos de actualizar os datos dos nosos agricultores e gandeiros para poder transmitirilles con celeridade todas aquelas medidas que os poidan beneficiar.

Levar conta das explotacións, así como doutros elementos, resulta unha actividade necesaria para a axeitada praxe da Consellería. En ningún caso se trata dun acto electoral. É que a min me custa, de verdade, señor Pérez Seco, explicar que falar cos agricultores e gandeiros pode ser un acto electoral. E digo isto porque, de feito, só lograron poñer en valor a comunicación entre a Xunta e os agricultores e gandeiros galegos.

Reitero as preguntas que lle fixen antes, porque aínda non fun capaz de comprendelo: ¿onde ven votedes a mala praxe?, ¿en dar conta aos beneficiarios destas axudas da situación actual para que puideran durmir tranquilos? ¿Ou na transmisión da necesidade dunha comunicación fluída entre a Consellería do Medio Rural, que é quen ten as competencias, e os agricultores e gandeiros destinatarios desas competencias?

Dende a Consellería do Medio Rural traballamos e traballaremos ferreamente por defender o *statu quo* e a situación dos nosos agricultores e gandeiros na negociación da PAC. E neste período transitorio, se houberse algunha dúbida, solventariámola, asegurando o mantemento das axudas agroambientais, sempre pensando no sector e, en todo caso, en cada un dos agricultores e gandeiros galegos ou na conxuntura que supón o futuro do sector. Esta preocupación atinxe tanto a agricultores e gandeiros galegos como tamén a este conselleiro, e estou seguro de que a todas a súas señorías. Porque, como comprobamos, a Consellería pon o foco de atención en afrontar os problemas reais do rural. Por iso, repito que as cuestións meramente administrativas —e máis cando se trata de establecer unha comunicación elocuente e fluída— non representan en ningún caso cuestións prioritarias e só supoñen un esforzo máis por avanzar na política da Consellería na súa relación co sector.

Polo tanto, espero que queden cumpridamente satisfeitas as súas dúbidas. Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Non hai máis cuestións, remata aquí o pleno.

Boa noite.



Remata a sesión ás sete e corenta minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
12. Candedo Gunturiz, María Dolores	(M)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(M)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(GCE)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Vidal, Ana Belén	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
26. Liñeiro Pouso, Encarnación	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	67. Torregrosa Sañudo	(GCE)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	68. Trenor López, Gonzalo	(P)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	69. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	71. Vázquez Verao, Paula	(M)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	72. Vega Pérez, Daniel	(P)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	73. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	74. Vilar Chento, Óscar	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	75. Villares Naveira, Luis	(M)
38. Pierres López, María Luisa	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

